



FACULTADE DE FILOLOXÍA

# **Nós e o mundo. O mundo e Nós**

A FACULTADE DE FILOLOXÍA DA USC  
NO CENTENARIO DA REVISTA

EDITADO POR  
Paulo Gamallo  
Dolores Vilavedra

2021  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



*Nós e o mundo. O mundo e Nós*





FACULDADE DE FILOLOXÍA

***Nós e o mundo. O mundo e Nós***

A FACULDADE DE FILOLOXÍA DA USC  
NO CENTENARIO DA REVISTA

EDITADO POR

Paulo Gamallo  
Dolores Vilavedra

2021

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2021

Deseño e maquetación  
Alberto Rodríguez  
Campus Na Nube

Edita  
Edicións USC  
Campus Vida  
15782 Santiago de Compostela  
[usc.gal/publicacions](http://usc.gal/publicacions)

DOI: <https://dx.doi.org/10.15304/op.2023.1409>

# Índice

---

Prólogo .....	9
<i>Elias Feijo Torres. Decano da Facultade de Filoloxía</i>	
Prefacio .....	11
<i>Paulo Gamallo. Vicedecano da Facultade de Filoloxía</i>	
PARTE I	
Sobre Nós e o mundo. O mundo e Nós.....	13
1 Literatura mundial e a revista <i>Nós</i> : unha achega dinámica.....	15
<i>César Domínguez</i>	
2 <i>Dedalus</i> en <i>Nós</i> : <i>Risco</i> , <i>Pedrayo</i> e <i>Joyce</i> .....	27
<i>Margarita Estévez-Saá</i>	
3 O romanceiro tradicional da Galiza na revista <i>Nós</i> .....	43
<i>José Luís Forneiro</i>	
4 A materia LINGÜÍSTICA en <i>Nós</i> : tras os rastros dixitais .....	55
<i>Inmaculada Mas Álvarez</i>	
5 A xeración <i>Nós</i> e a re-significación do idioma galego (1916-1926): de dialecto a lingua nacional.....	77
<i>Henrique Monteagudo</i>	
6 Outro <i>Nós</i> do modernismo português que apita em <i>Klaxon</i> no Brasil ..	99
<i>Carlos Quiroga</i>	
7 <i>Castelao</i> e <i>Valle-Inclán</i> .....	127
<i>Margarita Santos Zas</i>	

## PARTE II

Desde Nós ao mundo. O mundo e Nós.

A revista vista polo estudiantado de Filoloxía. Breve escolma .....145

1 Contrafío de nós: *Nós, os inadaptados*, de Vicente Risco .....147  
*Daniel Chapela*

2 De Alveiros a Feijóo: Notas críticas de *Nós, os inadaptados*, de  
Vicente Risco..... 151  
*Miguel Batalla Liste*

3 Aldeia encol: *Encol da aldeia*, de Otero Pedrayo ..... 163  
*María Teresa García Nieto e Iago González García*

4 A muller en Nós: *A neta da naipeira*, de Francisca Herrera Garrido.....175  
*Laura Paz Fentanes*

5 Tres debuxos de A. Daniel R. Castelao: *A roda de San Xoan, Éralle  
unha rapaza bonita e Na mesa de pedra*.....183  
*Laura Paz Fentanes*

6 Dous poemas de Ricardo Carvalho Calero: *Mañá de outono e Teño  
unha dôr que me canta no peito*.....189  
*Laura Paz Fentanes*

---

## Prólogo

---

Elias Feijo Torres  
Decano da Facultade de Filoloxía

*Nós e o mundo; o mundo e Nós.* Certamente, o título da revista, que acabará sendo marca de grupo e, mesmo, de modo de entender o mundo e nós, facilita o sentido deste volume. Da Galiza ao universal. De diversos saberes concentrados na pluralidade e na profundidade. Este volume representa a comunidade deste centro. Como comunidade académica e social. Como realidade e futuro. Espírito interseccional de docentes e estudantes que o eleva a presente institucional do centro. Nos nomes do profesor Paulo Gamallo e da profesora Dolores Vilavedra agradecemos o saber reunido de todas/os as/os colaboradoras/es e o significado dado a esta tarefa. E segue este agradecer franco e estendido para todo/a que a ela se achegar.



---

## Prefacio

---

Paulo Gamallo  
Vicedecano da Facultade de Filoloxía

Este libro é o resultado da colaboración de membros da Facultade de Filoloxía en dúas actividades que naceron para homenaxear á revista *Nós* no seu centenario. As actividades foron ideadas e organizadas polo equipo decanal da Facultade de Filoloxía e a Comisión de Cultura desta mesma facultade.

A primeira das actividades foi a realización da mesa redonda *Nós e o mundo; o mundo e Nós*, focada no estudo das relacións de autores e temas da revista co seu contexto histórico. Foron analizadas, nomeadamente, as relacións de colaboradores da revista con escritores como Joyce e Valle-Inclán, as vinculacións da revista con outros proxectos análogos no Brasil, ou a exploración das relacións establecidas pola revista no marco da literatura mundial. Tamén se integran neste volume estudos de natureza filolóxica e lingüística centrados en variadas temáticas: a presenza do romanceiro tradicional na revista *Nós*, as achegas á revista focadas en tópicos lingüísticos e o contra-discurso erguido polos membros do grupo *Nós* contra o hexemónico da filoloxía española. Na mesa participaron profesoras e profesores da facultade cuxas intervencións están integradas na primeira parte do libro.

A outra actividade, que deu lugar á segunda parte do libro, consistiu en reunir estudantes da facultade para que escollesen artigos, poemas ou debuxos de diferentes autores da revista *Nós* e, cos seus comentarios críticos, conformar unha breve antoloxía ou escolma. Os comentarios críticos dos/as estudantes aparecen acompañados neste libro dos artigos/poemas/debuxos orixinais, tal e como foron publicados. Neste segundo proxecto, quero agradecer especialmente á profesora Dolores Vilavedra a súa inestimábel axuda como asesora dos/as estudantes. E non quero deixar de agradecer a entusiasta

e profesional colaboración de dous membros da nosa facultade, José Carlos González Añón e José João Rodríguez Rodríguez, no proceso de revisión lingüística dos textos do volume.

Quero finalmente pór de relevo a xenerosa e valiosa contribución dos membros da Facultade de Filoloxía que participaron na realización deste libro, achegando o seu coñecemento e entusiasmo co obxectivo común de rendir homenaxe a aquela revista centenaria que será para sempre nosa e do mundo.



PARTE I

---

Sobre *Nós* e o mundo. O mundo e *Nós*



# 1

---

## Literatura mundial e a revista Nós: unha achega dinámica

---

César Domínguez

Malia que, segundo os datos proporcionados co gallo da exposición «Galicia, de Nós a nós», a literatura representa o maior volume de colaboracións na revista *Nós* (Xunta de Galicia e Fundación Cidade da Cultura de Galicia, 2020, p. 96), os marcos referenciais das literaturas estranxeiras estudados limítanse a catro a día de hoxe. Son o portugués (Marco Lopes, 1987; Torres Feijó, 1995; Valiente Fernández, 2007), o irlandés (Allegue Leira, 2010 e 2011; Lorenzo Modia, 2020), o vasco (Ventura, 2007) e o italiano (Frutos Martínez, 2005). Neste contexto resulta extremadamente axeitado iniciar unha exploración das relacións establecidas por esta publicación no marco da literatura mundial.

Moitos máis estudos como os enriba listados, que traballan no ámbito da enumeración e a descrición, son imprescindíbeis. Pero, paralelamente, cómpre abordar tamén o ámbito da dinámica da revista *Nós* na medida en que se fixo intervir a grupos de axentes que participan nunha lóxica estrutural de posicións. Unha desas posicións é a relativa ás conexións internacionais segundo se recolle nas programáticas «Primeiras verbas» do número do 30 de outono de 1920. Dunha banda, «Nós ha ser a repersentación no mundo da persoalidade galega na sua ansia de s'afirmare coma valor universal, autóctono, diferenciado, dentro ou fora da Terra». Doutra banda, «[q]uerendo suprimir entremediarios antr' o pensamento galego e o pensamento dos pobos cultos, *Nós* abre as súas páxinas a prestixiosas persoalidades estranxeiras que [...] ha[n] informar ó púbrico galego do movemento das ideas no mundo civilizado» (Anon., 1920, p. 2).

O ensaio que aquí se presenta procura ser unha mínima contribución á investigación da dinámica de *Nós*. Malia que o obxecto *revista* é relativamente fácil

de definir, alomenos en termos da biblioteconomía, para a que se trata dunha publicación periódica de contido variábel, *Nós* é un obxecto extremadamente complexo de inserir nun marco definitorio. Segundo se di nas enriba citadas «Primeiras verbas» (Anon., 1920, pp. 1-2; énfase engadida), «*Nós* ha ser un estudio piedoso e devoto, cheo de sinceridade de *todol-os* valores galegos», obxectivo que se reflicte nunha variedade de contidos que vai do lingüístico e literario ao artístico, etnográfico, filosófico e político, sen esquecer a propia creación literaria. En consecuencia, imponse o recurso ao pragmatismo co recoñecemento de que os modelos e xeneralizacións que se poidan construír e establecer só serán válidos para determinados sectores dun conxunto de lindeiros fluídos.

Paul Aron (2008, §10) sostén que unha «revue est une réalité à deux faces. Elle est un fait de discours, et comporte à ce titre non seulement des textes critiques ou de fiction [...], mais également un métadiscours, sur ses propres intentions», como é o caso citado das «Primeiras verbas»; pero tamén é «un fait matériel. Elle mobilise des ressources financières, une ou plusieurs personnes qui en assument les tâches de réunion des textes, de fabrication et de diffusion, ainsi qu'un lectorat, plus ou moins étendu». Non se trata só de que as faces discursiva e material estean intrinsecamente implicadas, senón tamén que o propiamente discursivo e o metadiscursivo son difíciles de deslindar. Este é o caso da sección da revista titulada «Os homes, os feitos, as verbas», presente dende o primeiro número de 1920.

«Os homes, os feitos, as verbas» é unha sección xeralmente sen sinatura, polo que cabe pensar que as súas liñas directrices son responsabilidade do equipo de redacción. Malia que esta sección non presenta sistematicamente divisións internas, é recoñecíbel a presenza dunha subsección que consiste nunha «revista de revistas»; esporadicamente titulouse «Revistas», con novas doutras revistas, tanto nacionais como internacionais, xa dende o devandito número 1. Polos datos dos que dispoño, entendo que o funcionamento de *Nós* como revista de revistas nunca foi estudado, un obxectivo para o que se conta coa ferramenta inestimábel do índice elaborado por Xosé Ramón Fernández-Oxea (1987) co gallo da publicación facsimilar de 1979. Porén, a comprobación da exactitude deste índice e a revisión dos contidos da revista de revistas só poden facerse manualmente, pois na dixitalización feita para Galiciana non está habilitado un sistema de procura léxica para todos os números; ademais, cando o está, a procura só pode facerse páxina a páxina.

En función dos datos proporcionados polo índice, na súa historia *Nós* entrou en diálogo cun total de 122 revistas (esta é a primeira cuestión que quero salientar), que presentan unha distribución por orixe recollida no Cadro 1.

Obviamente, esta Táboa 1 ofrécenos unha instantánea da historia completa de *Nós*, que cómpre complementar cunha perspectiva evolutiva en termos de entradas, continuidades e saídas de cada unha destas revistas. En calquera

caso, á luz destes datos pódese concluír que *Nós* construíu unha notábel rede intertextual con revistas do resto de España, Europa e América, cuxos nós centrais pasan pola propia Galiza e Portugal para dar paso a continuación ao espazo ocupado por Madrid, Arxentina (máis propiamente, Bos Aires) e Cataluña, seguidos a maior distancia por Francia, Valencia e o País Vasco. Esta rede intertextual apóiase noutra rede, a interpersoal, que foi determinante, por exemplo, á hora de dar conta das revistas publicadas por institucións da Galiza espallada. Trátase dunha conexión, denominada por Daphné de Marneffe (2008, §10) «lóxica de solidariedade», que non nega o feito de que a publicación de *Nós* representou un acto de toma de posición no espazo conformado por todas estas revistas.

Lugar de publicación	Número de revistas
Galiza	21
Portugal	21
Madrid	13
Arxentina	13
Cataluña	9
Francia (resto de)	6
Valencia	5
País Vasco	5
Bretaña	4
Cuba	4
Uruguai	4
Italia	3
Suíza	2
Brasil	2
Alemaña	1
Aragón	1
Illas Baleares	1
Bélxica	1
Ecuador	1
Chequia	1
España (resto de)	1
Irlanda	1
México	1
Occitania	1

Cadro 1. Número de revistas por procedencia

En ocasións, a toma de posición, que obviamente evoluciona ao longo da historia da publicación, afecta a cuestións precisas, de carácter literario, cultural, estético, político etc. Este é o segundo asunto que querería abordar aquí. Unha das trece revistas madrileñas coas que dialogou Nós foi *La Gaceta Literaria: ibérica-americana-internacional. Letras-arte-ciencia*, cuxo primeiro número se publicou o 1 de xaneiro de 1927 baixo a supervisión do equipo formado por Ernesto Giménez Caballero como director-fundador e Guillermo de Torre como secretario. As verbas programáticas nesta ocasión correron a cargo de José Ortega y Gasset, para quen *La Gaceta* viña a cumprir a función de «periódico de la literatura española —literatura en el sentido más amplio, española en un sentido enorme» coa vista posta en que «Madrid, Barcelona, Lisboa, Buenos Aires lleg[ue]n, en efecto, a sentirse barrios de una gigante urbe de las letras» (Ortega y Gasset, 1927, p. 1).

No primeiro número do ano 1927, do 15 de xaneiro, Nós xa dá conta da aparición quince días antes de *La Gaceta Literaria* cunha nota asinada por S. N., iniciais que corresponden a Speradan Namaquijos, un dos pseudónimos empregados por Vicente Risco. Risco salienta positivamente en primeiro lugar «o recoñecemento [...] da igualdade pol-o menos literaria dos idiomas peninsulares» (S. N., 1927, p. 17) por parte da nova revista madrileña para inmediatamente censurar o programa de Ortega y Gasset:

Non tan ben, a receta que pra desprovincianizarnos nos aconsella o Profesor Ortega e Gasset. Non semella iso descender da provincia a suburbio? Eiquí había quen daba a receta oposta... E mais non deixamos coma il d'abrigal-a esperanza de qu'agora veña a nosa volta, cansos xa os outros (S.N., 1927, p. 17).

A este respecto é significativa a operación de Risco consistente en ler unha contribución do primeiro número de *La Gaceta Literaria* tamén como posíbel programa. Trátase da debida a João de Castro Osório titulada «A Esperança Lusiada e a fraternidade Iberica», na que se recolle a «esperança [de] darmos ao imperio lusiada —Brasil, Portugal, Angola, Moçambique— uma civilização nossa» (Osório, 1927, p. 3). Ante isto, Risco (S. N., 1927, p. 17) pregúntase: «Qual das duas voces [a de Ortega y Gasset ou a de Osório] é a nosa n-esta primeira folla da *Gaceta literaria*?».



Figura 1. Vicente Risco (c. 1920)

As posicións contrapostas de ámbalas dúas revistas evidenciáronse en toda a súa profundidade co gallo da publicación o 15 de abril de 1927 dun artigo anónimo titulado «Madrid, meridiano intelectual de Hispanoamérica», no que se defendía a seguinte tese:

Frente al monopolio galo, frente a la gran imantación que ejerce París cerca de los intelectuales hispanoparlantes [sic] tratemos de polarizar su atención, reafirmando la valía de España y el nuevo estado de espíritu que aquí empieza a cristalizar en un hispanoamericanismo extraoficial y eficaz. Frente a la imantación desviada de París, señalemos en nuestra geografía espiritual a Madrid como el más certero punto meridiano, como la más auténtica línea de intersección entre América y España. Madrid: punto convergente del hispanoamericanismo equilibrado, no limitador, no coactivo (Torre, 1998, p. 66).

A resposta dende o outro lado do Atlántico non se fixo agardar coas reaccións recollidas en revistas uruguayas e, moi especialmente pola súa virulencia, a porteña revista *Martín Fierro*, que no seu número do 10 de xullo de 1927 conseguiu reunir a tirios (os escritores de Boedo) e troianos (os escritores de

Florida). Pablo Rojas Paz (1998, p. 68), por exemplo, preguntábase «¿Y qué hora ha de ser para que no estemos atrasados?», e concluía que «América está en ella misma y no es necesario que se interne por caminos extraños en busca de su propio porvenir», mentres que Santiago Ganduglia apunta ás razóns económicas que se agochan detrás do interese español por América: «Su naciente interés por los países de este lado del Atlántico no proviene [...] de un arranque de simpatía intelectual, [...] sino por las posibilidades que esos países ofrecen como mercados para el libro español» (Ganduglia, 1998, p. 72). Jorge Luis Borges, pola súa banda, rexeitou o ofrecemento madrileño na medida en que «Madrid no nos entiende. Una ciudad cuyas orquestas no pueden intentar un tango sin desalmarlo; [...] una ciudad sin otra elaboración intelectual que las greguerías; [...] ¿de dónde va a entendernos, qué va a saber de la terrible esperanza que los americanos vivimos?» (Borges, 1998, p. 71).



Figura 2. Guillermo de Torre e Norah Borges (1928)

En setembro de 1927 o costarricense semanario *Repertorio Americano* reproduciu o ensaio a petición do até o momento anónimo autor, pero revelado xa como Guillermo de Torre. A polémica provocada pola proposta de Torre ten sido ben estudada, polo que é innecesario repetir aquí o xa exposto cos magníficos traballos de Celina Manzoni (1996), Carmen Alemany Bay (1998) ou, máis recentemente, Sara Bosoer (2008), entre outras. Porén, todos estes



estudos presentan un panorama polarizado entre a vangarda española e a vangarda latinoamericana cando en realidade unha modernidade literaria fixada polo meridiano madrileño estaba a afectar a outras latitudes literarias. Borges, por exemplo, introduciu a importancia do referente italiano para as letras arxentinas: «Ni en Montevideo ni en Buenos Aires —que yo sepa— hay simpatía hispánica. La hay, en cambio, italianizante» (Borges, 1998, p. 72).

Agora ben, a reacción en contra do meridiano madrileño tampouco se limitou ás literaturas «maiores» dunha e outra beira do Atlántico, senón que tamén interviñeron axentes en representación das literaturas «menores». Nun artigo titulado «Los meridianos de Hispanoamérica» do 31 de agosto de 1927 no xornal *El Sol*, Agustí Calvet i Pascual, coñecido polo pseudónimo de Gaziel, sinalou:

Lo de menos es la manera como, ante la afirmación de que Madrid sea el meridiano intelectual de Hispanoamérica, ha reaccionado Buenos Aires, o una parte de Buenos Aires. Lo saludable es advertir que si se ofreciese la ocasión reaccionarían lo mismo (no en la forma ni en el fondo, sino en sentido de franca disconformidad), no solamente una parte de Montevideo, Santiago de Chile, Méjico, Bogotá, Caracas y Río de Janeiro, sino también de Lisboa, Barcelona, Santiago de Galicia y Bilbao. Asignar a Madrid exclusivamente la función de meridiano intelectual de toda Hispanoamérica o Iberoamérica, una de dos: o es exagerar muchísimo la importancia, indudable o muy grande, que el meridiano de Madrid ha de tener en el conjunto de una armoniosa esfera, o es empequeñecer más todavía la grandeza de ésta (Gaziel, 1998, p. 80).

A posibilidade indicada por Gaziel (1998, p. 81) de que «los catalanes [dijeran] que el suyo [meridiano] pasa por Barcelona» foi estudada por Antoni Martí Monterde (2014). Polos datos dos que dispoño, unha posíbel reacción dende Galiza, porén, non foi obxecto de análise. A primeira reacción en Nós data do 15 de outono de 1927 cando, nunha nota na sección «Os homes, os feitos, as verbas» co gallo da Festa do libro en Cataluña asinada por A.V.P. (Antón Villar Ponte), lamenta a escasa participación galega na Festa —«na nosa Galiza [...] os mercadores foron poucos, como de cote, e de libros galegos, menos»— e sinala que Barcelona ha seguir «sendo a metrópoli peninsuar mais dina de exercer hexemonía. Digan o que queiran os «gaceteiros» propagadores da absurda ideia de que Madrid sexa o meridiano intelectual de Hispanoamérica» (A.V.P., 1927, p. 24).

A reacción en contra do meridiano madrileño e os seus defensores atopou unha nova ocasión un mes máis tarde, o 15 de santos de 1927, esta vez por mor da afirmación de *La Gaceta Literaria* quince días antes de que a tradución fragmentaria ao castelán do *Ulysses* de James Joyce a mans de Ernesto Giménez

Caballero ofrecida nas súas páxinas é «traducción primera en España, según creemos, de este espléndido libro» (E.G.C., 1927, p. 3). O anónimo comentarista de *Nós* (moi probablemente Risco) afirma: «Os lectores de *Nós* saben, e os homes do *meridiano* iñoran pol-o visto, que n-iste noso boletín, e no seu número 32, de 15 d'Agosto do pasado ano 1926, publicáronse traducidos directamente do inglés ô galego por Ramón Otero Pedrayo, uns anacos dos mais característecos da novela de Joyce, qu'ocupaban nove páxinas». E engade: «A non ser qu'iles pensen qu'estas traduciós e estudos de Joyce, feitos en Galiza e en léngua galega, non foron feitos na Hespaña. / E crar'está que non-o foron na Hespaña estreita, unilateral e pequena que se rixe pol-o meridiano consabido...» (Anon., 1927, p. 16; véxase Domínguez, 2014).

Até 1929, tres anos antes da súa extinción, *La Gaceta Literaria* tivo unha presenza relativamente esporádica na revista de revistas de *Nós*, limitada a informar da atención prestada pola revista madrileña ás literaturas periféricas, como, por exemplo, a exposición do libro catalán organizado por *La Gaceta* en Madrid (nº 49, 15 de xaneiro de 1928), o artigo de Evaristo Correa Calderón dedicado as relacións entre Galiza e Portugal (nº 60, 15 de nadal de 1928), ou a recensión positiva de *Paisajes y problemas geográficos de Galicia*, de Otero Pedrayo (nº 62, 15 de febreiro de 1929). A falta dun exame máis exhaustivo da documentación, nin tan sequera a reactivación da polémica sobre o meridiano por parte de *La Gaceta* ao longo de 1928 suscitou interese nos redactores e colaboradores de *Nós*, cuxo seguimento explícito remata o 15 de abril de 1928 coa seguinte afirmación anónima: «Non é preciso meterse de novo na discusión do meridiano. O millor será que cada terra se rixa pol-a sua hora. Somentes de tal xeito se mantén a armonía cósmica» (Anon., 1928, p. 80).

Porén, as referencias realizadas en *Nós* ao meridiano dos «gaceteiros» só pode ter sentido neses termos de se tratar dun asunto coñecido polos seus lectores. Neste sentido imponse unha investigación, dunha banda, sobre a rede social de *Nós*, é dicir, as súas relacións humanas en termos de circulación de colaboradores, participación en proxectos comúns, intercambios epistolares etc., e, doutra banda, das lóxicas de solidariedade e concorrència no campo social galego a través das vinte e unha publicacións recollidas na Táboa 1, así como dos principais xornais.

A imaxe fixa que nos fornece a devandita Táboa 1 amosa con claridade a centralidade para o proxecto cultural da xeración *Nós* dos meridianos que pasan, na Galiza, por esa «A Cruña [que] fita ás brétemas d'Irlanda» e ese «Vigo [que fita] os raña-ceos de Nova York» (en Valcárcel, 1991, p. 397), ao dicir de Risco no seu poema futurista «U... Ju juu...», Portugal, Madrid, Bos Aires e os países de fala catalá. A estas alturas, inimaxinábel habería ser para os seus membros que na década seguinte o alzamento fascista motivaría o espallamento da intelectualidade galega en América, moi especialmente en

Bos Aires, e serían protagonistas da substitución do libro español polo libro arxentino, un paradoxo que ten sido analizado por Beatriz Sarlo (2012) en «Las Argentinas de Seoane».

A análise da polémica arredor do meridiano madrileño e a reacción por parte dos axentes das literaturas «maiores» e «menores» é unha magnífica oportunidade así mesmo para repensarmos teorías contemporáneas sobre a literatura mundial. Das ditas teorías, adquire un espesor revelador á luz desta polémica a proposta feita por Pascale Casanova (2001) no seu libro de 1999 *La République mondiale des Lettres* dun espazo literario mundial unificado por un meridiano —o meridiano literario de Greenwich— que «instituye el presente, es decir, en el orden de la creación literaria, la modernidad. Se puede medir así la distancia al centro de una obra o un corpus de obras, con arreglo a la distancia que las separa en el tiempo de los cánones que definen, en el momento preciso de la evaluación, el presente de la literatura» (Casanova, 2001, p. 123). O concepto de «meridiano de Greenwich» amosa que Casanova só necesita dun só campo nacional (o francés) e dunha soa temporalidade en relación cos cales tódolos demais campos son avaliados. Na páxina precedente á da cita referida, Casanova toma as seguintes palabras de Pierre Bourdieu para enfielalas co seu discurso: «Hay, segundo lo expresa Pierre Bourdieu, un «tempo» propio en los acontecimientos capaces de «crear fecha» en el universo literario, que solo le pertenece a este y que no es, o no necesariamente, «sincrónico» con la medida del tiempo histórico (o sea, político), y que se ha impuesto como oficial y legítimo» (Casanova, 2001, p. 122). Na proposta de Bourdieu, é a propia loita a que fai a historia do campo; temporalízase mediante a loita. Cómpre preguntarse a este respecto como é posíbel que campos distintos parezan ter temporalidades semellantes en momentos concretos ou que algunhas revolucións estéticas se expandan dun campo a outro. A preguntas como estas procura responder o concepto de meridiano de Greenwich, claro que, como no caso do meridiano madrileño, non é unha solución satisfactoria.

## Referencias

- Alemaný Bay, C. (Ed.). (1998). *La polémica del meridiano intelectual de Hispanoamérica (1927). Estudio y textos*. Alicante: Universidad de Alicante.
- Allegue Leira, A. (2010). Irlanda na revista *Nós*: apuntamentos para un estudo das relacións culturais (I). *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos*, (13), 19-28.
- Allegue Leira, A. (2011). Irlanda na revista *Nós*: apuntamentos para un estudo das relacións culturais (II). *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos*, (14), 13-24.
- Anon. (1920). Primeiras verbas. *Nós: Boletín mensual da cultura galega*, (1 -30 de outono-), 1-2
- Anon. [Vicente Risco?]. (1927). Ulysses. *Nós: Boletín mensual da cultura galega*, (47 -15 de santos-), 16.
- Anon. (1928). A Biblioteca da *Revista de Occidente*. *Nós: Boletín mensual da cultura galega*, (52 -15 de abril-), 80.
- Aron, P. (2008). Les revues littéraires: histoire et problématique. *CONTEXTES* [en liña], 4. Dispoñíbel en: <https://journals.openedition.org/contextes/3813> [consultado o 3 de febreiro de 2021].
- A.V.P. [Antón Villar Ponte]. (1927). A Festa do libro en Cataluña. *Nós: Boletín mensual da cultura galega*, (46 -15 de outono-), 24.
- Borges, J. L. (1998). Sobre el meridiano de una gaceta. En: C. Alemany Bay (Ed.), *La polémica del meridiano intelectual de Hispanoamérica (1927). Estudio y textos*. Alicante: Universidad de Alicante, 71-72.
- Bosoer, S. (2008). Algo más que hispanismo-antihispanismo en la polémica por el meridiano: lengua, nación y mercado a fines de la década de 1920. En: *I Congreso Internacional de Literatura y Cultura Españolas Contemporáneas* [en liña], Universidad Nacional de la Plata. Dispoñíbel en: <http://sedici.unlp.edu.ar/handle/10915/16274> [consultado o 3 de febreiro de 2021].
- Casanova, P. (2001). *La República mundial de las Letras* (Jaime Zulaika, Trad.). Barcelona: Anagrama.
- Domínguez, C. (2014). «Un Ulises que non-o coñece o Joyce que o criou». Algunhas precisións á tradución de Ramón Otero Pedrayo. *Grial. Revista galega de cultura*, (203 -xullo-setembro-), 32-41.
- E.G.C. [Ernesto Giménez Caballero]. (1927). Tradución ao castelán de fragmentos do *Ulysses*, de James Joyce. *La Gaceta Literaria*, (21 -1 de santos-), 3.
- [Fernández-Oxea, X. R.]. (1987). Índice de Revistas. En: *Nós. Boletín mensual da cultura galega, orgao da Sociedade «Nós»* [edición facsimilar], 6, 113-117.

- Frutos Martínez, M.<sup>a</sup> C. de. (2005). A revista galega *Nós* e os seus contactos coa literatura e a cultura italiana contemporáneas. *Boletín galego de literatura*, (34), 67-88.
- Gaziel [Agustí Calvet i Pascual]. (1998). Los meridianos de Hispanoamérica. En: C. Alemany Bay (Ed.), *La polémica del meridiano intelectual de Hispanoamérica (1927)*. Estudio y textos. Alicante: Universidad de Alicante, 79-81.
- Ganduglia, S. (1998). Buenos Aires, metrópoli. En: C. Alemany Bay (Ed.), *La polémica del meridiano intelectual de Hispanoamérica (1927)*. Estudio y textos. Alicante: Universidad de Alicante, 72-73.
- Lorenzo Modia, M.<sup>a</sup> J. (2020). A tradución da cultura irlandesa na revista *Nós*. En: Xunta de Galicia e Fundación Cidade da Cultura de Galicia (Ed.), *Galicia, de nós a nós*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia e Fundación Cidade da Cultura de Galicia, 158.
- Manzoni, C. (1996). La polémica del meridiano intelectual. *Estudios. Revista de Investigaciones Literarias*, (7 -xaneiro-xuño-), 121-132.
- Marco Lopes, A. (1987-1988). A presenza da cultura portuguesa na revista *Nós*. *Nós: Revista internacional galaico-portuguesa de cultura*, (7-12), 79-92.
- Marneffe, D. de. (2008). Le réseau des petites revues littéraires belges, modernistes et d'avant-garde, du début des années 1920: construction d'un modèle et proposition de schématisation. *CONTEXTES* [en liña], 4. Dispoñíbel en: <https://journals.openedition.org/contextes/3493?lang=en> [consultado o 3 de febreiro de 2021].
- Martí Monterde, A. (2014). On és el meridià? Guillermo de Torre i Agustí Calvet «Gaziel»: un diàleg frustrat. *452°F. Revista electrònica de teoría de la literatura y literatura comparada*, (11), 43-63.
- Ortega y Gasset, J. (1927). Sobre un periódico de las letras. *La Gaceta Literaria*, (1 -1 de xaneiro-), 1.
- Osório, J. de C. (1927). A Esperança Lusitana e a fraternidade Iberica. *La Gaceta Literaria*, (1 -1 de xaneiro-), 3.
- Rojas Paz, P. (1998). Un llamado a la realidad. En: C. Alemany Bay (Ed.), *La polémica del meridiano intelectual de Hispanoamérica (1927)*. Estudio y textos. Alicante: Universidad de Alicante, 67-69.
- Sarlo, B. (2012). Las Argentinas de Seoane. En: F. J. Devoto e R. Villares (Ed.), *Luis Seoane, entre Galicia y la Argentina*. Bos Aires: Biblos, 29-46.
- S. N. [Vicente Risco]. *La Gaceta Literaria*. Madrid, Xaneiro, 1926 [sic]. *Nós: Boletín mensual da cultura galega*, (37 -30 de outono-), 17.
- Torre, G. de. (1998). Madrid, meridiano intelectual de Hispanoamérica. En: C. Alemany Bay (Ed.), *La polémica del meridiano intelectual de Hispanoamérica (1927)*. Estudio y textos. Alicante: Universidad de Alicante, 65-67.

- Torres Feijó, E. (1995). *A Galiza em Portugal, Portugal na Galiza a través das revistas literarias (1900-1936)* [Tese de doutoramento]. Universidade de Santiago de Compostela.
- Valcárcel, E. (1991). Vicente Risco y la estética futura. Risco y sus relaciones con la vanguardia. Dos ejemplos de un homenaje a la estética futura. *Cuadernos de estudios gallegos* (39), 393-404.
- Valiente Fernández, C. (2007). La recepción de la cultura portuguesa en la revista *Nós*. *Revista de filología románica*, (24), 252-262.
- Ventura, J. (2007). Bascos a la revista *Nós*. En: H. González Fernández e M.<sup>a</sup> X. Lama López (Ed.), *Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península: Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos*. Sada: Edicións do Castro. CD-Rom.
- Xunta de Galicia e Fundación Cidade da Cultura de Galicia. (2020). *Galicia, de nós a nós*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia e Fundación Cidade da Cultura de Galicia.



# 2

---

## Dedalus en *Nós*: Risco, Pedrayo e Joyce

---

Margarita Estévez-Saá

A pegada do insigne escritor irlandés James Joyce (Dublín, 1882-Zurich, 1941) en Galicia foi e segue a ser indubidábel e as súas orixes remóntanse, como se ilustra na presente contribución, á xeración *Nós* en xeral, e ás figuras de Otero Pedrayo e Vicente Risco en particular. A inquedaanza, a curiosidade e o internacionalismo dos dous ilustres escritores galegos materializáronse moi cedo nunha serie de publicacións na revista *Nós*, esa pioneira canle sociocultural que este volume conmemora con orgullo.

Pedrayo e Risco foron quen de ir máis aló das nosas fronteiras e convertéronse en críticos pioneiros dun escritor que na actualidade é unanimemente aplaudido, pero que a principios do século XX estaba a ser ignorado e desprezado, cando non condenado pola censura na meirande parte dos países occidentais.

Semella oportuno lembrar o texto que co título «Primeiras Verbas» inaugura *Nós*, publicado no primeiro número da revista en 1920, onde se anuncia: «Oxe cheogu á vida na nósra Terra, unha xeneración que se deprocatou do seu imperioso deber social de crearen para sempre a cultura galega»; e se describen os obxectivos da publicación: «*Nós* ha ser a rerepresentación no mundo da persoalidade galega na sua ansia de s'afirmare coma valor universal, autóctono, diferenciado, dentro ou fora da Terra», especificando a dimensión internacional da revista, «*Nós* abre as suas páxinas a prestixosas persoalidades estranxeiras que contan de nos honrar co'a sua colaboración e tamén ha informar ó púbrico galego do momento das ideas no mundo civilizado».

Como se pode comprobar a revista nace reivindicando a cultura galega para inmediatamente subliñar a vocación internacional da publicación que

proxectan nunha dobre dirección, no seu desexo de transcender o local e amosar a universalidade da identidade galega así como no obxectivo de dar a coñecer ao público galego as ideas e expresións máis vangardistas que estaban a florecer máis aló das nosas fronteiras.

Dende os primeiros números de *Nós* fúndese o local e o universal, e así os estudos etnográficos, arqueolóxicos, históricos, lingüísticos ou artísticos, que reivindicaban a necesidade de reclamar unha identidade cultural propiamente galega ata o punto do enxebrismo, conxúnganse cun proxecto de internacionalización que establece pontes co burbullante panorama cultural da Europa de principios de século, a poder ser evitando pasar por Madrid.

Iso si, a ponte constrúese de xeito máis coherente e ilusionante a través da proxección dunha identidade céltica de carácter atlántico con certas rexións e países como a Bretaña francesa, Escocia, Portugal e, moi especialmente, a «irmanciña Irlanda».<sup>1</sup>

Cómpre precisar que a proxección do mito celta que certamente se testemuña en numerosas contribucións aparecidas en *Nós*, non impediu que os intelectuais galegos deran boa conta das distintas vangardas da máis variada procedencia (rusa, alemá, francesa, inglesa), das que se ocupan outras contribucións incluídas neste mesmo volume.

28

O presente traballo céntrase, por tanto, na presenza de James Joyce en *Nós*, que abrangue profundas reflexións críticas sobre a relevancia da súa figura e da súa obra (referidas a cuestións estéticas, políticas e relixiosas), a tradución temperá de anacos dos seus textos e mesmo pezas creativas nas que se homenaxea o xenio irlandés. Así, no exemplar de maio de 1926, Vicente Risco céntrase en James Joyce no seu artigo «A moderna literatura irlandesa». No número 32 dese mesmo ano, 1926, Otero Pedrayo publica a tradución de fragmentos do *Ulises* en galego. En 1929, o boletín 67 de *Nós* inclúe a peza de Vicente Risco que leva por título «Dédalus en Compostela: Pseudoparrafase», na que se relata un encontro ficticio entre o protagonista joyceano Stephen Dedalus e o propio Vicente Risco. Outras referencias aparecerían en notas en distintos números de *Nós* entre 1927 e 1929, e tanto Otero Pedrayo como Vicente Risco seguirían a referirse a Joyce noutros xornais nos anos seguintes, sendo os mais soados o fermosísimo texto de Pedrayo «Ana Livia Plurabela» que apareceu en *El Pueblo Gallego* (o 12 de maio de 1931) e o coñecido recoñecemento de Risco «El *Ulysses* fue más fuerte que yo», publicado no xornal compostelán *La Noche* o 30 de xullo de 1954.<sup>2</sup>

1 Así o fixo Otero Pedrayo no seu artigo «Galiza Céltiga» (1920), Vicente Risco en «Irlanda e Galiza» (1921), ou Ramón Cabanillas, quen no seu fermoso poema «Irlanda!» se referiu á isla como «Irmanciña» (1921).

2 Estos dous textos pódense ler no volume editado por Francisco García Tortosa e Antonio Raúl de Toro Santos, *Joyce en España (II)*.



Estes datos semellan un interese xenuíno en Joyce, son algo máis que meras alusións de pasada a un escritor que estaba a ser asociado á polémica nos círculos intelectuais europeos máis vangardistas.

Hoxe en día James Joyce é considerado como un dos escritores máis influentes da literatura universal, referente para infinidade de escritores en todo o mundo, desencadeante da chamada industria James Joyce que xira arredor da súa figura e obra e que abrangue dende o mundo da academia ata o ámbito turístico. O dezaseis de xuño de tódolos anos, son moitos os países que celebran o famoso día de Bloom, o Bloomsday, que conmemora a data na que transcorre a acción do *Ulises*, a novela máis reveladora do irlandés e sen dúbida a que lle proporcionou sona mundial.

Moi brevemente, exporei a continuación quen era e que fixo James Joyce para poder así calibrar a importancia de que autores como Risco e Pedrayo lle prestaran a súa atención tan cedo no tempo e accederan á súa obra dende Galicia.

Como é sabido, James Joyce, nado en Irlanda en 1882, exiliouse da súa terra natal e viviu en diferentes países europeos como Italia ou Francia, ata morrer en Suíza en 1941. Escribiu dous poemarios, unha colección de relatos (*Dublinese*s), unha peza teatral (*Exiliados*), e catro novelas, *Stephen Hero* (*Stephen o heroe*), *O Retrato do artista cando novo*, *Ulises* e *O espertar de Finnegan*, ademais de exercer como profesor de inglés e articulista.<sup>3</sup>

A colección de relatos *Dublinese*s e o *Retrato do artista cando novo* son probablemente as obras máis lidas do autor, pero non son nin de lonxe as máis frecuentemente mencionadas, nin as que contribuíron á súa proxección como un xenio das letras universais. Ese lugar é ocupado por *Ulises*, recoñecida unanimemente como unha das novelas máis importantes escritas en lingua inglesa; e *Finnegans Wake* (*O espertar de Finnegan*) é considerada unha das máis difíciles aínda que tamén das máis fermosas, máis que polo que di, obxecto sempre de debate, polo ben que soa, aspecto no que si semella que hai consenso.

O legado que nos deixou a obra de James Joyce abrangue unha revolución estética á vez que unha profunda revisión de nocións como ser humano, personaxe, historia, arte ou nación. Joyce era un rebelde que sentiu que debía abandonar a súa terra natal para así coller distancia e poder reflectir as doenzas que na súa opinión estaban a paralizar a súa nación ao igual que o resto de Europa. Adoitaba dicir, un tanto desacougado, que Europa sufría o que el chamaba unha parálise da vontade, e que a non publicación da súa obra

<sup>3</sup> En 1986 *Grial* publicou a tradución dos poemas de *Música de Cámara* feita por A. Conde. En 1990 a colección de relatos *Dublinese*s a cargo de D. Ramonde, R. Ferradáns e X. Arias aparece traducida en Xerais. Vicente Araguas fará o propio co *Retrato do artista cando novo* que se publicará en Laiovento en 1994. Non será ata 2013 cando vexa a luz na Editorial Galaxia a tradución completa do *Ulises* a cargo de Eva Almazán, María Alonso Seisdedos, Xavier Queipo e Antón Vialle.

adiaría o desenvolvemento da civilización. Quería que os irlandeses botaran unha ollada a si mesmos na súa colección de relatos, que el describía como un espello ben pulido que reflectía a parálise cultural, política, relixiosa, da que adoecía Irlanda e por extensión Europa.

O *Ulises* é un exercicio a nivel estético sen precedentes na literatura, composto por dezaioito capítulos nos que o escritor emprega case outras tantas técnicas narrativas que van dende a narración realista, o monólogo interior e o fluxo da conciencia, á imitación de técnicas xornalísticas ou dramáticas, entre outros. Joyce asociou cada capítulo a unha hora do día, unha cor, un órgano do ser humano, unha escena, unha arte e un símbolo.

No *Ulises* Joyce retrata a condición humana dende os máis diversos puntos de vista ata tentar abarcar toda a súa complexidade. Os protagonistas son dous homes, un deles mozo, Stephen Dedalus, ao que o lector joyceano xa coñece dunha obra anterior, *O retrato do artista cando novo*. Stephen é un rapaz complexo, tristeiro (acaba de perder a súa nai), traballa desganado como profesor nun colexio pero a súa verdadeira aspiración é converterse en escritor. É un intelectual que anda matinando desacougado e desencantado todo o tempo, que non acaba de atopar o seu sitio na vida, como nos pasou a case todos a unha certa idade.

30

Moito máis atractivo para o lector é Leopoldo Bloom, home de mediana idade, pai dunha adolescente, que perdeu outro fillo ao pouco de nacer, e perfectamente consciente de que no día en que transcorre a acción da novela vai ser enganado pola súa muller, Molly Bloom, quen vai ter un apaixonado encontro co seu amante, sen que o seu home faga nada por impedilo. O señor Leopoldo é un bo home, de ascendencia xudía por parte de pai, que simpatiza coa situación das mulleres, cos animais e coa natureza. Achega certamente humor á novela coas súas teorías pseudocientíficas, as súas teimas e obsesións. É un dos personaxes da literatura mellor retratados e cunha maior complexidade. Diciamos que casou con Molly Bloom, a protagonista feminina á que definitivamente coñecemos no último capítulo da novela, outro caso da excelencia da caracterización joyceana. Considerada por uns como un exemplo da misoxinia do escritor, outros non dubidaron en ver nela un claro exemplo de reivindicacións feministas na Irlanda católica e patriarcal de principios do século XX.

Abondan estas pinceladas para voltar a Rico e a Pedrayo e ao seu interese en Joyce e no seu *Ulises*.

As referencias a Joyce en *Nós* comezan no marco dos artigos que Vicente Risco estaba a dedicar a Irlanda e aos escritores irlandeses, nunha das entregas da súa serie «A moderna literatura irlandesa». Risco fai unha lembranza biográfica do escritor e describe as súas distintas contribucións literarias. A información que proporciona, aínda que con algún dato erróneo (na miña

opinión menor), é ben completa, e atoparse con esta lembranza tan cedo no tempo semella moi meritório. Aínda que haxa quen tenta restarlle mérito aludindo ás fontes francesas nas que Risco se tería documentado (McKewitt), son incontables os retratos de Joyce e da súa obra posteriores no tempo que non achegan un grao semellante de cantidade e calidade informativa. É máis, o mero feito de que Risco lera o que estaban a dicir críticos e intelectuais franceses sobre Joyce non estaría xa exento de mérito. Pero, que di concretamente Risco sobre Joyce? Para comezar, fai unha aseveración que ía perdurar case sen variación no tempo: «a Irlanda deu –e cecais somentes a Irlanda podería dalo- iste caso que poderíamos dicir úneco no noso tempo. D’iste home, d’iste escritor de quen todos falan e que, se cadra, ninguén leeu».

Risco tamén fai referencia á dificultade que existía na época para acceder directamente ás obras do escritor, e reconece que os anacos que podían ir lendo ás agachadas era a través do que el chama «desas revistas novas».<sup>4</sup> O galego describe fisicamente a Joyce, fai referencia á súa experiencia vital, e dá boa conta da súa obra publicada ata o momento, falando de *Dublinese*s, *O retrato do artista*, *Exiliados*, e o *Ulises*, que considera a obra capital e á que presta máis atención. Tamén explica os problemas de censura que adiaron a aparición de *Dublinese*s e do *Ulises*.

Risco subliña a ansia de liberdade de Joyce, o seu rupturismo, a súa rebeldía tanto a nivel persoal como estético. É difícil entender por que se ten salientado unha actitude crítica por parte de Risco cara a Joyce, pois o que o galego estaba a subliñar é o que o propio Joyce promovía, unha imaxe del coma un desacougado, tristeiro e malhumorado, un tanto *botarate* tanto nas súas referencias á Igrexa coma ao nacionalismo irlandés.

Dixo Risco, e con acerto, que Joyce era «soberbo com’o Demo, nin estivo cos renacentistas irlandeses, nin cos seus nemigos». E a clave está precisamente na ambigüidade que Joyce sempre proxectou e alimentou, porque se Joyce era algo, era, sobre todo e por riba de todo, irlandés, como tamén sinalou o galego:

E do irlandesismo d’iste descastado, qu’imos dicir? Pois temos que dicir que padece no desterro a obsesión da Irlanda. Que total-as suas obras tratan da Irlanda, pasan na Irlanda, e os seus persoaxes son irlandeses. Que non perde de vista a sua terra, que s’entera de canto pasa n-ela, que lee todol-os días os xornáis, d’alá, que cantos papeis trai no bolso refírense a ela. Qu’o qu’o queira facer falar, tenlle que falar de Irlanda. Qu’il é tristeiro, desgraciado, exilado ... Pol’o derradeiro, qu’o seu espírito é fundamente irlandés: irlandés pol-a sua rebeldía, pol-a exaxeración, pol-a paixón, polo-o humorismo, pol-a cobiza

4 Risco estase a referir a revistas culturais francesas da época como *Commerce* ou *La Nouvelle Revue Française*, coñecidas polos intelectuais galegos.

do misterio, pol-a rareza, porque non s'imita a ninguén. Vicente Risco, «A moderna literatura irlandesa» *Nós* 28 (15 Maio 1926): 5.

Máis aínda, o estudo dos escritos críticos do escritor así como a análise dos tres volumes de correspondencia privada, permítenos cuestionar certos prexuízos emitidos pola crítica temperá como foron o seu suposto rexeitamento ou incluso desinterese pola cuestión nacionalista en Irlanda, ou a súa actitude con respecto á Igrexa católica.<sup>5</sup>

Dos escritos e cartas, non é difícil deducir que o que Joyce rexeitaba era calquera tipo de revolución violenta, independentemente da causa que a orixinara, e que estaba en contra de toda forma de tiranía, tanto por parte de Inglaterra como por dende a xerarquía eclesiástica, e que lle incomodaba o excesivo localismo do rexurdimento cultural irlandés.

É ben sabido que Joyce rexeitaba dous aspectos moi concretos da relixión católica: o seu carácter normativo e prescritivo e as limitacións que impuña no coñecemento e asunción da complexidade do ser humano; así como que nunca esqueceu a educación e disciplina recibidas dos Xesuítas e que apreciaba os rituais e a riqueza da simboloxía relixiosa.<sup>6</sup>

Tamén a crítica, co paso do tempo, foi matizando o suposto desinterese joyceano pola loita de Irlanda en prol da súa independencia. Joyce admiraba o líder Charles Stuart Parnell, incluso a Arthur Griffith, fundador do Sinn Féin, figuras que proclamaban un nacionalismo afastado da violencia, sendo o primeiro condenado polos irlandeses por mor do escándalo causado con motivo da súa relación cunha muller casada. Para Joyce supuxo unha soada desilusión cos seus compatriotas irlandeses, e aínda así a súa vida e a súa obra xiraría dende a distancia arredor da Irlanda.

Despois do retrato de Risco, apareceu en *Nós* a tradución de fragmentos do seu *Ulises* a cargo de Otero Pedrayo. Se no caso do primeiro se tentou identificar as fontes das que obtería a información Risco, máis debate aínda ocasionou a tradución aparecida en 1926 baixo o título «Anacos da soadísima novela de James Joyce postos en galego do texto inglés por Otero Pedrayo».

---

5 Véxase ao respecto Margarita Estévez Saá, «James Joyce's Defiance of Authoritative Discourses in Ireland: Against the British State and the Catholic Church»

6 Incluso o seu irmán Stanislaus Joyce precisou, por exemplo, que con respecto ao catolicismo «Catholicism he has appreciated, rejected and opposed, and liked again when it has lost its power over him» (55).




Figura 1. Índice de Nós

Os fragmentos traducidos corresponden, por esta orde, co capítulo 17, coñecido como «Ítaca» e cun anaco de menor lonxitude do capítulo 12 «O Ciclope». Entre as controversias e debates suscitados pola tradución, atopamos os referidos á escolla deses dous capítulos concretos, á orde invertida na que apareceron publicados en Nós, ás dúbidas sobre se Otero Pedrayo fixo unha tradución directa do inglés ou se se axudou de anacos de traducións francesas que foran aparecendo. Tense analizado todo, se Pedrayo tiña un exemplar do *Ulises*, que o tiña; se as páxinas dese exemplar estaban abertas ou non, e certamente estaban usadas as que se corresponden coas páxinas traducidas. Incluso se comentou se o coñecemento de inglés de Pedrayo, do que se sabe que recibía clases particulares, era axeitado para levar a cabo tal fachenda; se a súa é ou non a primeira tradución aparecida na Península, en competición con anacos incluídos nun artigo do catalán Antonio de Marichalar uns anos antes.<sup>7</sup>

Máis aló dos debates e controversias mencionadas, o mero feito da existencia desa tradución ten un mérito encomiable. Pensemos que se pasaron tantos anos ata que o *Ulises* foi traducido na súa totalidade ao galego (finalmente publicado en 2013) semella que a empresa non era doada. Tradutores posteriores do *Ulises* ao castelán, como foi o caso dos da edición para a editorial Cátedra (1999), os profesores García Tortosa e María Luisa Venegas Lagüens, expuxeron como e en que medida se axudaron de cantos glosarios, cadernos de notas e manuscritos do propio Joyce tiveron á súa disposición así como obras explicativas, e como certamente consultaban outras traducións existentes (a

7 Existe unha ampla bibliografía sobre o tema, sendo moi probablemente o estudo máis rigoroso e ecuánime o de César Domínguez, «Un *Ulises* que non-o coñece o Joyce que o criou», publicado no número 203 da revista *Grial*.

de Subirats e a de Valverde) así como tamén as francesas. Neste senso imaxinamos con admiración a Pedrayo, co seu exemplar do *Ulises* en inglés e uns posibles anacos que ían aparecendo traducidos en francés e que nin sequera coinciden na súa totalidade cos fragmentos que el escolleu para traducir.<sup>8</sup>

Interésame aínda máis o porqué da escolma dos capítulos concretos que Otero Pedrayo seleccionou, e neste senso semella particularmente interesante que en «Ítaca» a técnica que Joyce asocia e imita sexa a do catecismo, a base de preguntas e respostas, si, coma no catecismo que algúns e algunhas tivemos que memorizar cando nenos, o que nos leva de novo ao tema da relixión e Joyce.

A segunda escolla de Pedrayo corresponde ao capítulo do Ciclope, un capítulo no que se trata de xeito esaxerado o nacionalismo irlandés, a través da caricatura dun cidadán violento e radical, unha crítica ao nacionalismo do que Joyce se afastara, e un capítulo no que se despreza a Bloom por ter ascendencia xudía a pesar de nacer na Irlanda. Igual podería ser significativo que o nacionalista católico Pedrayo se fixase e interesase nestes dous capítulos, e que escollera un anaco que ven xusto despois dunha alusión ao *Sinn Féin* (que significa «Nós, Nós mesmos»), a organización nacionalista que fundara Arthur Griffith.

O cambio na orde da publicación dos capítulos en *Nós* con relación á súa aparición no *Ulises* tamén merece ser comentada. O estilo de «Ítaca» é máis sinxelo para o lector, pero ademais supón o encontro físico dos dous protagonistas masculinos. A través das preguntas e respostas o capítulo revisa practicamente todos os temas tratados ao longo da novela, ademais de ilustrar as diferentes personalidades de Stephen e de Bloom.

Velaquí algún exemplos da tradución de Pedrayo, comparados coa versión completa da novela publicada en galego en 2013, que dan boa conta do esforzo do primeiro e incluso me atrevería a dicir do acertado da súa achega:

**«Ulysses (Anacos da soadisema novela de James Joyce postos en galego do inglés por Ramón Otero Pedrayo». 1926**

De qué falou o duunvirato ô longo do itinerario?  
Música, literatura, Irlanda, Dublín, París, amizade, muller, prostitución, xantar, da influencia do alumbrado e da

**James Joyce. *Ulises*. Trad. Eva Almazán, María Alonso Seisdedos, Xavier Queipo, e Antón Valle. Galaxia; 2013**

Sobre que deliberou o duunvirato durante o traxecto?  
Sobre a música, a literatura, Irlanda, Dublín, París, a amizade, a muller, a prostitución, a dieta, a influencia da

<sup>8</sup> A primeira tradución completa do *Ulises* sería ao alemán e apareceu en 1927. No momento en que Pedrayo está a traducir, en 1924, só transcenderan anacos traducidos ao francés dos capítulos «Telémaco», «Ítaca» (que só coinciden en 5 anacos cos 51 escollidos por Pedrayo) e «Penélope».



luz d'arco ou de lámpara sobr'a creencia dos enxertos d'árbores paraheliotrópicos. Eirexa católica romana, celibato eclesiástico, nazón irlandesa, ensino xesuítico, profesións, estudo da meiciña, o día d'onte, o malfado do pre-sabbath, colapso de Stephen. (3)

Cál, reducido â sua simpre recíproca forma, era o pensamento de Bloom sobr'o pensamento de Stephen sobre Bloom, e o pensamento de Bloom sobr'o pensamento de Stephen en col do pensamento de Bloom sobre Stephen? Il pensaba que pensaba qu'il era un xudeu, por canto il coñecía que coñecía qu'il coñecía que non-o era. (7)

Tomou parte Stephen no seu afeamento?  
Il afirmaba a sua significanza com'un coscente animal racional, indo siloxisticamente do coñecido ô descoñecido, e un coscente reaxente racional antr'un micro e un macrocosmos inelutabremente afirmado sobr'a incerteza do baleiro.

Tiña parte Bloom n-esta afirmanza?  
Non verbalmente. Sustancialmente. (9)

luz de gas ou das lámpadas do arco voltaico ou incandescentes sobre o crecemento das árbores paraheliotrópicas contiguas, as papeleiras públicas municipais, a Igrexa católica romana, o celibato eclesiástico, a nación irlandesa, a educación xesuítica, as carreiras profesionais, o estudo da Medicina, o día transcorrido, a influencia engativa da véspera do Sabbath, o esvaecemento de Stephen. (836)

Que, reducido á súa forma recíproca máis sinxela, era o que pensaba Bloom do que pensaba Stephen sobre Bloom e o que pensaba Bloom sobre o que pensaba Stephen do que pensaba Bloom sobre Stephen?  
El pensaba que el pensaba que era xudeu, mentres que el sabía que el sabía que el sabía que non era. (858)

Era partícipe Stephen do seu desalento?  
Aseverou a súa importancia como animal racional consciente que avanza siloxisticamente do coñecido ao descoñecido e como reactivo racional consciente entre un micro e un macrocosmos que están ineludibemente construídos sobre a incerteza do baleiro.

Bloom comprendu esta aseveración?  
Literalmente non. En esencia. (880)

Semella moi interesante no só a escolla dos capítulos senón a orde invertida, pois «Ítaca» atraería a atención do lector pola técnica, pola exposición dos temas, e pola introdución das peculiaridades dos protagonistas.

En canto ao «Ciclope» ningún nacionalista evitaría o capítulo que se centra precisamente no debate sobre que é unha nación, e as diferentes posturas nacionalistas. Joyce asociou os músculos e os osos ao capítulo e aos símbolos da nación, o estado, a relixión, a esaxeración e o fanatismo. No episodio, Joyce imita o estilo sentimental do xornalismo que cubría acontecementos como as execucións dos rebeldes e rememora indirectamente casos como o do rebelde nacionalista Robert Emmet, executado a principios do século XIX. O caso de Emmet ten sido identificado como subxacente ao seguinte fragmento

traducido por Pedrayo no que se despide antes de morrer da súa noiva, referida aquí como Sheila (nome que alude a Irlanda, pois a amada de Emmet chamábase Sara):


«*Ulysses* (Anacos da soadisema novela de James Joyce postos en galego do inglés por Ramón Otero Pedrayo» Nós. 1926.

O *nec e non plus ultra* da emoción abranguéronse cando a sinxela noiva rompendo por antr'as pretas fias da xente, botouse no peito musculoso do qu'estaba a piques de qu'o botaran na eternidade pr'a sua satisfaición. O héroe incrinando a sua figura en aperta d'amor marmulou: *Sheila, my own*. Logo animado pol-o uso do nome cristiano beixou apaixonadamente total-as áreas da sua persoa que a decencia permitía precurar con ardor. Ela dixo misturando as verbas c'un río de bagoas qu'endexamais s'esquecería do héroe que viña â morte caantando coma se fose para un ledó match no parque de Clonturk. Lembrou cando eran nenos, os pasatempos dos dous nos bancos de Anna Siffey con tal forza que riron xuntos, e todol-os espeutadores, incluso o pastor, xuntáronse n-unha alegría xeral. Mais logo todos verteron ríos de bágoas pol-os condutos lacrimaes, sendo o vello pastor dos mais emocionados. Homes grandes coma bois, oficiás de paz e xigantes da real *constabulary* d'Irlanda fixeron uso dos seus panos, i-é satisfatorio dicir que non houbo ollo enxoiito. (11)

*James Joyce. Ulises*. Trad. Eva Almazán, María Alonso Seisdedos, Xavier Queipo, e Antón Valle. Galaxia; 2013

O *nec e non plus ultra* da emoción acadáronse cando a súa ruborizada noiva se abriu paso entre as mestas ringleiras de espectadores e se lanzou sobre o peito musculoso daquel que estaba a piques de ser enviado á eternidade por causa dela. O home arrodeu a graciosa figura cos seus brazos nunha aperta agarimosa murmurando aloudiñeiro: «Sheila, Sheila miña». Esporeada polo modo no que se pronunciara o seu nome de pía, bicouno apaixonadamente en todos os lugares decentes da súa persoa que a dignidade do traxe penitencial deixaba accesíbeis ao ardor. Mentres se mesturaban os fluxos salgados das bágoas de ambos, ela xuroulle que había gardar recordo permanente del, que endexamais había esquecer o seu xove heroe, que marchaba cara á morte cunha cantiga nos beizos, como que se dirixe a un partido de *hurley* no Clonturk Park. A memoria tróuxolle de volta os días felices da infancia ditosa na ribeira do Anna Liffey, cando se entregaban aos inocentes praceres da mocidade e, sen pensar no arrepiente presente, ambos rían de corazón, e todos os espectadores, incluído o reverendísimo pastor de almas, se uniron á ledicia xeral. A colosal multitude simplemente reloucaba de alborozo. Así e todo, a mágoa ben logo se apoderou deles e colléronse as mans por derradeira vez. Estoupou de novo un fluxo quente dos seus condutos lacrimais e a xigantesca masa popular rompeu, conmovida ata no máis fondo dos seus corazóns, en saloucos lacerantes, non sendo o menos afectado o propio ancián cóengo.





Homes feitos e dereitos, os axentes das forzas da orde e os xigantes bondadosos da policía real irlandesa, facían uso indisimulado dos seus panos de peto, de xeito que se pode afirmar sen esaxerar que nesta aglomeración nunca vista non houbo un só ollo que se mantivese enxoiro. (444-445)

Estes exemplos semellan dabondo para comprobar o fito que supuxo a empresa tradutolóxica de Pedrayo, e a relevancia a nivel filolóxico, literario, cultural e simbólico da súa publicación. E lembremos as condicións nas que se levou a cabo a súa tarefa, sen as anotacións, paráfrases e versións das que dispoñen os tradutores hoxe en día.

Finalmente, referireime a «Dédalus en Compostela», esa «pseudoparáfrase» creativa que nos proporcionou Risco e que completa o abano de respostas que os intelectuais galegos ofreceron arredor da figura e a obra de Joyce, a nivel crítico, tradutolóxico pero tamén creativo.



Figura 2. Dédalus en Compostela

Risco narra un encontro imaxinario con Stephen Dedalus, lembremos que é o protagonista do *Retrato do artista* e do *Ulises*. Atópanse en Santiago de Compostela aínda que se fai referencia a unha xuntanza anterior en Ourense. O Stephen de Risco, para quen lera as obras de Joyce nas que aparece, é

brillantemente caracterizado como un rapaz desacougado, unha mente hiperliteraria, un desencantado da vida que teima unha e outra vez sobre o divino e o humano. O galego incide na súa conversa con Stephen nos dous temas que, xa vimos, aparecen recorrentemente no interese dos dous ilustres galegos en relación con Joyce, a relixión e a nación, e Risco forza que Stephen recoñeza o quebracabezas no que se atopa inmerso:

Dixo Stephen Dedalus:

-Mais eu, o úneco bendito que levo comigo é o meu sangue celta. Namentras me non tiren o meu sangue celta, me non poderei arredar da Cruz; no meu sangue está a miña cruz, e namentral a miña vontade renega da Cruz, o meu sangue vai car'a ela, e cola d'ela com'a seiva d'un arbre decotado na forza da vida en primaveira; porque a nosa raza é tamén un arbre decotado, é tamén un Cristo enclavado na Cruz a deitar sangue; baixo das águas do Imperio e o trunfo dos Césares, a nosa raza é a viva image de Cristo crucificado... me non podo arredar tampouco moito da eireja. Sinto algo que turra de min car'a ela, car'a liturgia, car'a teología, car'a filosofía escolástica, car'a erudición conventual, car'a discipriña dos claustros; me non podo escapar d'ise circo mágico, por mais que faga... (125)

38

A mesma complexidade que Risco identifica na atracción e repulsión de Stephen para coa relixión expónse cando falan da patria:

Dixen eu:

-Será a patria dos sen patria.

Dixo Stephen:

-A miña patria é a patria dos sen patria.

Dixen eu:

-Os sen patria non son dinos d'amore.

Dixo Stephen:

-Nin lles quero nin-os odio. (126)

E remata Risco a súa pseudoparáfrase recoñecendo que «despois de todo, se cadra, pode que non seña tan fero coma il se quer pintar...» (129)

Risco traslada á súa peza creativa, na figura do xove Stephen Dedalus, os dilemas e mesmo as obsesións que, como xa vimos, reflectira con anterioridade cando escribiu sobre a figura e a obra de Joyce, e que atinxen moi especialmente a súa complexa e ambigua relación coa relixión católica e co nacionalismo irlandés.

Certo é que, aínda hoxe en día, quedan debates pendentes en relación con Joyce en *Nós* segundo Risco e Pedrayo. En primeiro lugar, está a cuestión

de se os galegos leron a Joyce na súa lingua orixinal e se tiveron acceso aos textos do autor ou se a súa achega foi a través de crítica e traducións do francés. Neste senso cómpre lembrar que non era doado conseguir as obras do escritor irlandés e que aínda hoxe en día son moitos os intelectuais, lectores e aínda escritores influídos pola súa obra que len a Joyce a través de traducións, sen desmerecer o seu esforzo. Por iso non se acaba de entender esa teima aplicada a tempos nos que era ben máis difícil conseguir os textos joyceanos.

A segunda controversia, probablemente máis importante, concirne á visión que tiñan do autor en termos nacionalistas. É sabido que a relación de Joyce con Irlanda e co nacionalismo irlandés foi certamente complexa, polo que semella que os intelectuais galegos foron quen de detectar e acomodar esa complexidade, algo que a crítica joyceana faría moito, pero moito máis tarde. Joyce foi inicialmente desbotado pola crítica de xeito inxenuo e pouco rigoroso, como un autor que rexeitaba sen máis o catolicismo, así coma o nacionalismo irlandés. Pero a cuestión era e segue a ser moito máis complexa, ao igual que acontece coa cuestión da relixión.

En consecuencia, poderíamos concluir sen ánimo de esaxerar que Pedrayo e Risco foron especialmente sensibles co caso joyceano, en boa medida, e probablemente por compartir semellantes inquiredanzas de corte tanto político como relixioso. Pero, ademais, a súa avaliación de Joyce é tipicamente galega, no senso que apunta Antonio Raúl de Toro Santos cando di que, en comparación co interese do nacionalismo catalán ou vasco en Irlanda, a apreciación do nacionalismo galego abrangue a cuestión política pero tamén a cultural. E aí entra Joyce e a súa recepción por parte da xeración Nós, que inclúe un claro interese pola revolución estética que estaba a chegar.

Ben pode considerarse que Pedrayo e Risco se adiantaron en anos á crítica joyceana máis especializada que revisou a relación entre o escritor irlandés e a nación e a identidade irlandesas, porque non foi ata máis aló dos anos noventa cando a crítica releu as obras do irlandés incluso dende un punto de vista poscolonial e se cuestionou a proxección dun autor contrario a calquera postulado nacionalista e diametralmente confrontado coa relixión.

En todo caso, os lúcidos intelectuais galegos abriron camiño en Galicia para moitos críticos e académicos que seguirían a estudar e apreciar a obra de Joyce. Domingo García-Sabell, Benito Varela Jácome, Alfredo Conde, Xosé Manuel Beiras, Darío Villanueva, Margarita Ledo Andión, forman parte dunha longa lista que testemuña un continuado interese por Joyce en Galicia. Máis aínda, son moitos os escritores galegos que tomaron o testemuño de Risco e de Pedrayo, e recoñeceron, como o fixo Suso de Toro, a «sombra do irlandés»

que os persegue, como é o caso, ademais do propio Suso de Toro, de Manuel Rivas, Julián Ríos, ou Marilar Alexadre, etc.<sup>9</sup>

O espírito da época que guiou a Joyce a rachar coa tradición e a buscar alternativas ás dicotomías e binarismos do pensamento convencional que distinguía entre o local e o universal, o nacionalismo e o cosmopolitismo, a relixión e o agnosticismo, o home e a muller, o material e o espiritual, a natureza e a arte, translócese de xeito semellante no manifesto de Risco «Nós, os inadaptados» no que denuncia a decadencia de Occidente, presenta unha Europa moribunda, apela Swinburne, Huysmans, D'Annunzio, Nietzsche (por certo, todos eles referentes joyceanos) e define a súa xeración en termos de pesimismo, liberdade, individualidade, rebeldía, orixinalidade, ou exotismo. Foi probablemente esa condición de inadaptados a que os fixo confluír co inadaptado por excelencia James Joyce.

---

9 O ensaio de Suso de Toro Santos «La sombra del irlandés» foi publicado en *Joyce en España (I)*, volume editado por Francisco García Tortosa e Antonio Raúl de Toro Santos, que, xunto con *Joyce en España (II)*, dos mesmos editores, recolle moitos dos traballos publicados por intelectuais galegos posteriores a Pedrayo e Risco.

## Referencias

- Cabanillas, Ramón. (1921). Irlanda!. *Nós*, (8), 7.
- Caneda Cabrera, M. Teresa. (1997). Translation, Literature and Nation: The *Xeneración Nós* and the Appropriation of Joyce's Texts. En: J.M. Santamaría, Eterio Pajares, Vickie Olsen e Raquel Merino (Eds.), *Trasvases culturales: Literatura como Traducción*. Vitoria: Departamento de Filología Inglesa y Alemana, 71-79.
- De Toro Santos, Antonio Raúl. (2014). Os fragmentos de *Ulysses* traducidos para o galego por Otero Pedrayo: O contexto. *Grial*, (203), 24-31.
- Domínguez, César. (2014). «O Ulises que non-o coñece o Joyce que o criou»: Algunhas precisións á tradución de Ramón Otero Pedrayo. *Grial*, (203), 32-41.
- Estévez Saá, Margarita. (2005). James Joyce's Defiance of Authoritative Discourses in Ireland: Against the British State and the Catholic Church. *Anglo-Saxonica. (Revista Internacional do Centro de Estudos Anglisticos da Universidade de Lisboa)*, (23), 215-230.
- García Tortosa, Francisco e Antonio Raúl de Toro Santos, (Eds.). (1994). *Joyce en España (I)*. A Coruña: Universidade da Coruña, Servicio de Publicacións.
- (1997). *Joyce en España (II)*. A Coruña: Universidade da Coruña, Servicio de Publicacións.
- Joyce, Stanislaus. (1994). *The Complete Dublin Diary of Stanislaus Joyce* (Goerge H. Healey, Ed.). Dublin: Anna Livia Press.
- MvKevitt, Kerry Ann. (2003). Introducción. *Fragmentos de Ulises, 1926. James Joyce/Otero Pedrayo*. Vigo: Editorial Galaxia 7-51
- Pedrayo, Otero. (1926). *Ulysses* (Anacos da soadisema novela de James Joyce, postos en galego do texto inglés). *Nós*, (32), 3-11.
- (1920). Primeiras Verbas. *Nós*, (30), 1-2
- Risco, Vicente. (1926). Da renancia celtiga: A Moderna Literatura Irlandesa. *Nós*, (26), 5-9.
- (1929). Dédalus en Compostela (Pseudoparáfrase). *Nós*, (67), 123-129.
- (1920). Galiza Céltiga. *Nós*, (3), 5-14.
- (1921). Irlanda e Galiza. *Nós*, (8), 18-20.
- (1933). Nós, os inadapados. *Nós*, (115), 115-123.
- Ventura, Joaquim. (2016). Joyce en Gallego: Los fragmentos de Ramón Otero Pedrayo. Recepción y Publicación. *Revista de historia de la traducción*, (10), 1-20.
- (2002). Vicente Risco, redentor de James Joyce: «Dédalus en Compostela». En: José Enrique Martínez Fernández (Coord.). *Estudios de literatura comparada: Norte y sur, la sátira, transferencia y recepción de géneros y formas textuales*. León: Servicio de Publicaciones, Universidad de León, 759-765.



# 3

---

## O romanceiro tradicional da Galiza na revista *Nós*

---

José Luís Forneiro

A literatura de tradição oral desde os primeiros vagidos do Romantismo nos fins do século XVIII até às primeiras décadas do século XX, e muito particularmente a poesia narrativa tradicional a partir do *Fingal* publicado por James Macpherson em 1760, tiveram uma grande importância na configuração das identidades nacionais europeias, como bem demonstrou Anne-Marie Thiesse no seu livro *La création des identités nationales* (1999). Neste trabalho esta estudiosa francesa não tratava, infelizmente, do papel jogado pelo folclore, e mais concretamente o romanceiro, na elaboração das identidades dos povos ibéricos. Ramón Menéndez Pidal, o maior filólogo espanhol de sempre, que herdara do seu irmão Juan o interesse por este género da literatura tradicional, criou o seu arquivo romancístico após a sua lua de mel, em 1900, quando nesta descobriu que o romanceiro ainda estava vivo em Castela, berço do género, pois até essa altura o romance tradicional aparecera com uma vitalidade muito maior em terras de língua portuguesa e catalã do que nas áreas de língua castelhana.

A respeito da Galiza, Manuel Murguía negou, em 1865, a prática existência deste tipo de poesia tradicional em terras galegas, mas nas seguintes décadas passou a afirmar o contrário: na cultura popular da Galiza não só existia o romanceiro de origem castelhana, mas também autênticas baladas de raiz celta e germânica. Provavelmente nesta radical mudança de opinião estava o facto da publicação de ricas coletâneas de romances tradicionais portugueses e, sobretudo, a importância que tiveram nos países celtas irmãos, e a sua grande repercussão na Europa da época, a poesia relativa ao bardo escocês Ossian publicada por James Macpherson entre 1760 e 1773 (Buescu 2001: 141),



e os *Barzaz Breiz (Chants populaires de la Bretagne)* dados a lume por Hersart de la Villemarqué em 1839 e reeditados ampliados em 1845.

Houve outros estudiosos galegos oitocentistas que também se interessaram pelo romanceiro tradicional, principalmente, os vinculados ao projeto *El Folk-Lore Gallego*, a delegação galega de *El Folk-Lore Español*, criada pelo krau-sista Antonio Machado y Álvarez, pai dos famosos poetas Antonio e Manuel Machado, à guisa dos estudos que sobre a cultura popular se realizavam na Europa, nomeadamente nas Ilhas Britânicas. *El Folk-Lore Gallego* apresentou-se com um programa ambicioso, mas os seus resultados foram escassos, incluído o romanceiro tradicional. O saber e a presença do polígrafo português Teófilo Braga acompanhou as publicações de alguns membros desta entidade e graças a ele começou a ser conhecida na Galiza a lírica galego-portuguesa medieval e o romanceiro português da tradição oral moderna, como apontou a professora Teresa López no seu livro *Névoas de Antano. Ecos dos cancioneros galego-portugueses no século XIX* (1991).

Nas primeiras décadas do século XX foram publicadas algumas amostras esparsas do saber romancístico tradicional na imprensa galega da época, mas desde 1900 até à Guerra Civil levaram-se a cabo na Galiza importantes recolhas do romanceiro por coletores como Víctor Said Armesto, Alfonso Hervella Courel, Aníbal Otero Álvarez, Jesús Bal y Gay e Eduardo Martínez Torner, estes três últimos dentro dos projetos idealizados do Centro de Estudos Históricos dirigido por Ramón Menéndez Pidal.

Esta era, grosso modo, a situação da recolha e do estudo do romanceiro aquando da publicação da revista *Nós*. É um lugar comum salientar a importância da *Nós* na história da cultura galega contemporânea, tanto em termos quantitativos quanto qualitativos, daí que, em nossa opinião, exista uma crença bastante generalizada de que aqueles estudiosos galeguistas praticamente não deixaram assuntos relativos à Terra sem tratar e, assim, no campo do que eles denominavam a cultura popular material e espiritual, definiram o ser do país graças às suas viagens pela Galiza e aos seus trabalhos de recolha. Prova disto é que o escritor Xosé Luís Méndez Ferrín questionou a existência da figura mítica do «Apalpador» nalgumas terras lucenses, descoberta e recuperada há poucos anos, porque os homens da revista *Nós*, que percorreram a Galiza para a realização dos seus trabalhos etnográficos, nunca mencionaram esse ser aparentado com o Olentzero basco e com o Pai Natal.

Sem dúvida, a revista *Nós* foi uma magnífica iniciativa que modernizou notavelmente a cultura feita na língua autóctone da Galiza, no entanto, felizmente para as gerações posteriores, os seus membros nem trataram de tudo, nem tudo o que trataram ainda tem validade. E no que diz respeito à cultura popular, não puderam debruçar-se sobre todos os aspetos desta; se tivesse sido assim, teria sido uma revista apenas etnográfica e de um tamanho



imensamente maior. Por outro lado, os que nos dedicamos ao estudo da literatura tradicional ligada à vida agrária dos últimos séculos, sabemos que esta, apesar da sua decadência ainda pode oferecer novidades; sirvam como exemplo os 15 temas romancísticos que as equipas do Seminario Menéndez Pidal da Universidad Complutense de Madrid recolheram pela primeira vez na Galiza nos inícios da década de 1980.

O romanceiro tradicional está presente de diversas maneiras na *Nós*: em trabalhos em que se trata ou menciona este género ou se analisa algum romance concreto e, sobretudo, nas versões romancísticas obtidas por alguns dos seus colaboradores em diversos pontos da Galiza. Igualmente podemos encontrá-lo nalgumas composições poéticas de autor supostamente baseadas no romanceiro de tradição oral. Todo este conjunto de textos revela uma confusa e contraditória caracterização deste género poético tradicional, caracterização herdada do regionalismo galego oitocentista e que ainda perdura em certos âmbitos do sistema cultural galego do século XXI.

A presença mais notável do romanceiro tradicional galego na *Nós* podemos encontrá-la no «Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza», nesta seção, que não apareceu em todos os números publicados nos quinze anos de vida da revista, os romances tradicionais acompanharam outras manifestações da «cultura espiritual» como os contos, as lendas, as adivinhas, as cantigas, os ditados, determinadas crenças e até descrições da vida de determinadas aldeias ou o léxico próprio dalguns lugares. Na verdade, o corpus romancístico dado a lume nesta revista não foi um grande contributo, tanto em termos quantitativos quanto qualitativos, para o conhecimento da poesia narrativa tradicional da Galiza, contudo, não está isento de interesse.

Por um lado, no «Arquivo» foi publicada a primeira e única versão do romance *Jesucristo dice misa*, que foi obtido por Manuel L. Acuña na Terra dos Mistos, ou seja, nas terras ourensanas do Couto Misto. Deixando de lado algumas poesias narrativas que carecem dalgumas das características próprias do romanceiro tradicional como a plena narratividade ou a modalidade de relato (Valenciano 1998: 139-140),<sup>1</sup> isto é, composições como *Pai nosso pequeninho*, recolhido em Oroso por Ramón Martínez López e em Ponte Cesures por Fermín Bouza Brey, *O piolho e a pulga* também obtido por este estudioso em Chaos de Amoeiro, e *Xan Quintán* recolhido por Salvador Cabeza de León em Lalim, o corpus romancístico tradicional incluído no «Arquivo» está formado pelas versões dos seguintes temas romancísticos, que citamos com os títulos em castelhano, que constam no catálogo do romanceiro tradicional da Galiza (1998) de Ana Valenciano:

<sup>1</sup> Alguns editores incluem este tipo de composições nas suas compilações romancísticas como, por exemplo, o luso-americano Manuel da Costa Fontes.

– Uma versão de *La pastora probada por su hermano* (*Rufina hermosa*) recolhida por Ramón Martínez López na Senra (Oroso);

- As versões das terras de Val de Orras de *Adúltera con un «gato»*, *Gallarda*, *El cautivo del renegado*, *Soldados forzadores* e *Las señas del esposo* reunidas polo pintor Xaime Prada;
- Uma versão mista de *El monumento de Cristo* e *El rastro divino* obtida por Castelao e Ben-Cho-Shey em S. André de Teixido;
- Um texto de *Nochebuena* publicado por Armando Cotarelo Valledor;
- Uma versão de *La devota del rosario* publicada por Antón Losada Diéguez recolhida por Marcial Valladares;
- Versões fragmentárias da Estrada recolhidas por Fermín Bouza-Brey de romances religiosos como *Santa Iria* e a *Pobreza de la Virgen recién parida*, quem também publicou uma segunda versão completa deste último tema;
- Também A. Castro Dono publicou outra versão estradense de *Pobreza de la Virgen recién parida* de Guimarei;
- Álvaro de las Casas no último número da revista, em 1935, incluiu um fragmento do tema jocoso de *La merienda de las tres comadres* da Ilha de Ons.

Em minha opinião, o mais salientável deste acervo romancístico são a maioria dos seus colectores e editores, notáveis do galeguismo cultural das primeiras décadas do século XX como Alfonso R. Castelao, Antón Losada Diéguez, Armando Cotarelo Valledor, Ramón Martínez López, Ben-Cho-Shey, Fermín Bouza-Brey, Xaime Prada e Álvaro de las Casas junto a outros bem menos conhecidos como Castro Dono e Manuel L. Acuña. No entanto, e tendo em conta que o romanceiro galego reunido nos últimos 150 anos está formado por mais de 5.000 versões completas ou fragmentárias de mais de 170 temas, o acervo romancístico da revista *Nós* é bem pobre em temas e versões, mas, mesmo assim, merecem ser comentados diversos aspetos.

Em primeiro lugar, este corpus é, em geral, uma amostra do romanceiro mais superficial, isto é, dos temas que podem ser recolhidos das pessoas do âmbito rural que têm uma competência escassa no género, ou que mesmo podem obter-se em meios urbanos, como o romanceiro jocoso (*Adúltera con un «gato»*, *La merienda de las tres comadres*) e o romanceiro religioso, que é o mais abundante no «Arquivo». Porém, estes dois subgéneros não são os mais presentes no romanceiro da Galiza, onde, como na maioria das tradições ibéricas, predominam os temas do romanceiro novelesco. Podemos salientar no acervo romancístico da *Nós* os textos das terras costeiras de S. André de Teixido e da Ilha de Ons, uma vez que o romanceiro é um género que mal se conservou em terras litorâneas, mais abertas estas às novidades vindas do exterior. Também é de notar a versão de *Soldados forzadores*, que

seria a primeira versão publicada de um romance vulgar tradicionalizado da Galiza. O romanceiro vulgar ou de cordel era normalmente difundido pelos cegos em folhetos de cordel e, nalguns casos, como neste romance, chegou a tradicionalizarse, ou seja, a transmitir-se com variantes. É igualmente salientável a prática ausência da poesia narrativa popular não tradicionalizada, se excetuarmos uma canção narrativa estrófica em galego obtida por Xesús Penedo Gómez em Lamela, na província de Ourense. Destacamos isto porque muitas vezes, e nomeadamente na Galiza, confunde-se o romanceiro tradicional com os romances vulgares ou de cordel, pois ainda que ambos os géneros pertençam à poesia narrativa popular são diferentes, quer pelos assuntos, quer pelo seu estilo.

Um aspeto incontornável quando se trata do romanceiro tradicional galego é o relativo à sua autenticidade. Bem é verdade que a manipulação dos textos obtidos da tradição oral foi costume junto dos seus estudiosos e editores na Europa do Romantismo, que julgavam que os textos estavam estropiados pela transmissão oral e, desta maneira, alguns os corrigiam de acordo com o que eles julgavam que era o arquétipo medieval. Outras manipulações operadas eram devidas a preconceitos ideológicos, estéticos e morais, mas o desenrolo da filologia, com um maior rigor positivista, exigiu que os textos compilados do saber tradicional fossem recolhidos e editados sem os alterar. Assim, a pouco e pouco, as escassas pessoas que dentro do âmbito académico continuaram a interessar-se pela literatura oral descobriram as manipulações que alguns intelectuais românticos e posteriores operaram nos textos e igualmente levaram a cabo a edição criteriosa deste tipo de literatura de tradição oral. Na Galiza, porém, esta revisão positivista não teve sucesso, o qual explica que ainda no século XXI haja agentes da cultura galega, como Xosé Ramón Mariño Ferro e Carlos L. Bernárdez, que vieram a publicar, numa coleção universitária de uma das duas principais editoras do país, um romanceiro em língua galega fundamentado em textos inventados ou falsificados. Ao nosso parecer, os principais fatores que têm sido a causa do atraso na Galiza no campo dos estudos do romanceiro tradicional seriam os seguintes:

1) As teses diferencialistas de Murguía, quem com a sua autoridade e com o seu anúncio da publicação das *Rimas populares de Galicia*, que nunca veio a dar a lume, causou a passividade dos seus contemporâneos e seguidores que estavam à espera da obra definitiva sobre a poesia popular do país por parte do grande patriarca da cultura galega do século XIX.

2) Se Murguía impediu o conhecimento cabal do género nas últimas décadas do século XIX, a má fortuna acompanhou as grandes recolhas do romanceiro galego antes da Guerra Civil. As dúzias e dúzias de versões autênticas reunidas por Alfonso Hervella Courel antes de 1909 nas terras ourensanas do Bolo, por Víctor Said Armesto nas quatro províncias na primera década do

século, por Aníbal Otero Álvarez nas províncias de Lugo e Ourense, fundamentalmente, e pelos musicólogos Jesús Bal y Gay e Eduardo Martínez Torner, desde os fins da década de 1920 nas quatro províncias, demonstraram de maneira irrefutável que o romanceiro galego era um género bem presente na cultura popular do país, que nada tinha a ver com tradições árias ou celtas, senão que era de origem castelhana e que o seu castelhanismo originário estava presente não só nos temas, mas também no idioma, onde a presença da língua de Castela continuava a ser maioritária nos romances da Galiza. Contudo, esta realidade não conseguiu impor-se, em primeiro lugar, porque a maioria dos textos destas coleções ainda hoje, em 2020, estão inéditas e, por outro lado, porque a assunção do castelhanismo do género por Aníbal Otero em 1930 em *¡Ahora!*, jornal dos republicanos de Lugo, e em 1936 por Vicente Fernández Hermida, Florentino López Cuevillas e Xaquín Lorenzo, membros do Seminário de Estudos Galegos e autores da monografia local *Parroquia de Velle*, mal teve a difusão devida. Aníbal Otero era um desconhecido moço de 19 anos da serra de Meira que expôs esta constatação nesse marginal jornal lucense e, por outro lado, a Guerra Civil e o posterior triunfo das forças golpistas cortou o fio do labor cultural realizado desde as décadas anteriores pelo galeguismo cultural. Daí que o manifestado sobre as raízes castelhanas do romanceiro galego na *Parroquia de Velle* ficasse esquecido pelos galeguistas que no pós-guerra tiveram que atender a outras prioridades vitais e ideológicas.

3) Como é sabido, o estabelecimento do regime do General Franco acarretou uma brusca ruptura com as atividades dos anos prévios no âmbito cultural. A pesquisa sobre o folclore que na Galiza estavam a realizar tanto os estudiosos galeguistas quanto os vinculados ao krausismo institucionalista ficou praticamente paralisada. Desta maneira, desapareceram instituições como o Centro de Estudios Históricos e a Junta para la Ampliación de Estudios e os seus membros tiveram que exilar-se fora ou dentro do país, e o mesmo aconteceu com o galeguismo. Este, na sua adaptação aos novos tempos da ditadura, deixou de lado os estudos folclóricos e etnográficos de que tanto se tinha ocupado nas décadas de 1920 e 1930, e preferiu investir as suas limitadas forças em criar uma cultura galega urbana e moderna.

Neste novo contexto, o franquismo favoreceu a recuperação das teses diferencialistas e dos textos apócrifos de Manuel Murguía. Por um lado, o advogado e músico Faustino Santalices (primeiro governador civil de Ourense após o golpe de estado do General Franco) musicou nos fins da década de 1940 (Forneiro 2011: 92) o romance escrito por Murguía *Gaiferos de Mormaltán*, e o grande sucesso desta versão nas décadas seguintes conseguiu a identificação do romanceiro galego com este texto que carece de base na tradição oral galega. Por outro lado, Ramón Menéndez Pidal na sua obra magna sobre este género tradicional, *Romancero Hispánico* (1953), descurou bastante os seus

capítulos dedicados aos romances tradicionais da Galiza, especialmente o último deles. Por exemplo, não assinalou a manipulação da maioria dos textos romancísticos galegos publicados ou o castelhanismo temático e lingüístico do romanceiro da Galiza, e estas omissões, entre outras, favoreceram, que a corrente apócrifa iniciada com Murguía prevalecesse desde a segunda metade do século XX. Os irmãos Leandro e Lois Carré Alvarellos foram os principais difusores do romanceiro galego apócrifo e das teses murguianas, sobretudo Lois no seu livro *Romanceiro Popular Galego de Tradición Oral* (1959) publicado no Porto por uma instituição pública portuguesa e premiado pelos emigrantes galegos de Buenos Aires.

Na revista *Nós* os conteúdos ligados ao romanceiro tradicional que encontramos refletem estas diversas posições, positivistas ou diferencialistas, relativamente ao romanceiro da Galiza e, mesmo, nalguns casos, tentativas dalguns autores por se apresentar como as autoridades no estudo do saber romancístico tradicional da Galiza.

Assim, por um lado, dentro do «Arquivo Filológico e Etnográfico de Galiza» não deparamos com romances apócrifos, sendo todas as versões procedentes da tradição oral. Ora bem, em termos lingüísticos, mesmo que a maioria das versões romancísticas não foram retocadas, algumas evidenciam as manipulações operadas pelos seus coletores ou editores. Este seria o caso da versão de *La devota del rosario* recolhida por Marcial Valladares, quem a traduziu para galego; como já temos indicado em várias das nossas publicações (vid, por exemplo, Forneiro 2004: 19, e Forneiro 2017: 122), os romances religiosos oferecem uma presença da língua galega ainda inferior à doutros reportórios do romanceiro galego, o qual demonstra o secular papel castelhanizador da Igreja na Galiza.

A total tradução dos romances em castelhano ou castrapo para galego foi a principal manipulação realizada pelos editores do romanceiro galego nos séculos XIX e XX, mas houve alguns editores, de galeguismo mais atenuado e com mais trabalho de campo, como Víctor Said Armesto ou Alfonso Hervella Courel que mal traduziram as versões que manipularam. Esta galeguização limitada também a encontramos no «Arquivo» nalguns textos recolhidos por Xaime Prada com galeguizações dalguns trechos das versões de *Gallarda e de Soldados forzadores*. Armando Cotarelo Valledor na versão que publica no «Arquivo» de *Nochebuena* galeguiza todo o texto, texto que conseguimos reconhecer como uma das versões que Alfonso Hervella Courel incluiu nos seus *Romances populares de Galicia*. Aqui parece que Cotarelo galeguizou este canto natalino e acrescentou versos criados por ele, mas como já indicámos num trabalho de 2004, «Armando Cotarelo Valledor, editor e estudioso do romanceiro tradicional», os romances que publicou em diversas publicações a partir de 1919 não passavam de ser versões factícias que elaborou com textos



pertencentes à coleção que Alfonso Hervella apresentara em 1909 à Exposición Regional Gallega, cujo secretário era o próprio Cotarelo.

Na própria *Nós*, no número 21 (1925), Armando Cotarelo publicou «Un romance galego», o único artigo dedicado exclusivamente ao romanceiro na revista nos seus 14 anos de vida. Tratava-se de um trabalho sobre o romance de assunto bíblico *Tamar* que fora apresentado em outubro de 1925 no Seminário de Estudos Galegos e nele Cotarelo, mais do que evidenciar uma competência sólida no estudo do romanceiro tradicional, mostrava o seu anti-semitismo primário. Em nossa opinião, Don Armando queria converter-se na maior autoridade no romanceiro tradicional galego daquela altura, mas pelas razões que fossem, finalmente perdeu o interesse. Nos primeiros anos do século XX Murguía se desentendeu da literatura oral que tanto o ocupara a partir da década dos anos 60 do século XIX, provavelmente porque já não foi capaz de gerir a falsidade das suas teses e textos, sobretudo quando o seu amigo e discípulo, e também celtómano, Víctor Said Armesto se embrenhou nas aldeias e azinhagas da Galiza à procura de romances. Depois da morte deste, em 1914, Armando Cotarelo, que tinha visto a excelente coleção romancística reunida por Said, parece que tentou ser o maior especialista no saber romancístico galego empregando para isso a romanceiro obtido por Alfonso Hervella no Bolo antes de 1909.

Mas se Cotarelo parecia aspirar a converter-se na autoridade máxima no campo romancístico galego, Vicente Risco foi, sem dúvida, a alma e o animador dos estudos da cultura tradicional no âmbito galeguista; de facto, o «Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza» da *Nós* dedicado às «investigacións etnográficas, filolóxicas e folclóricas» nas suas 19 seções foi uma criação sua e nele participou ativamente com materiais e comentários. Também a maioria dos colaboradores do «Arquivo» eram alunos seus na Escola Normal de Ourense. Após oito anos de existência da revista, Risco vai publicar nesta seção da *Nós* o questionário que tinha elaborado para os seus estudantes nesse centro educativo, e no número seguinte da revista, o 56, Vicente Risco manifestava no artigo «Ensaio d' un programa pr' o estudo da literatura popular galega» (um trabalho apresentado na Páscoa de 1928 no Seminário de Estudos Galegos), que a «épica» popular galega (a literatura narrativa ou didáctica em prosa ou verso) era mais importante que a dramática e a lírica. Pensemos que na década de 1920 esta consideração seria atrevida no campo cultural galego, que caracterizara como lírico o espírito do país e, portanto, as expressões culturais deste. No entanto, Risco sabia da importância dessa «épica» na cultura europeia e noutras e, além disso, na tradição oral galega daquela altura, e mesmo depois, nada se conservara da velha canção de amigo medieval.<sup>2</sup> Sobre o romanceiro galego,

2 De facto, na tradição oral galega a cantiga ou cántiga (a copla espanhola ou quadra portuguesa), será a forma poética popular por excelência a partir da segunda metade do século XVI, tal como na poesia

Vicente Risco depois de indicar que podia ser classificado, como as lendas, em três grupos (míticos, históricos e hagiográficos), assim como de apontar que se duvidou da sua existência e de que o corpus obtido até essa altura era escasso, expunha o seguinte:

Hai unha imensa diferenza antre o romanceiro galego e o castelán. O romanceiro castelán é principalmente histórico e realista: predominan n-il os romances referentes a historia nazonal, os mouriscos e os fronteirizos. O noso é idealista e lexendar: predominan os romances de tipo novelesco, os relixiosos e os de bulras, e hai nos dous primeiros a mesma atmósfera de bretemosa vaguedade e de fondo sentimento que nas novelas de ciclo bretón ou nos dramas da primeira época de Maeterlinck [...] Hainos com´o d´ *Albuela*, *Dama Gelda*, *Don Gaiferos de Mormaltán* que son verdadeiras xoias literarias (Risco 1928: 57).

Risco mudaria a sua visão do folclore em duas publicações posteriores, e mais concretamente do romanceiro tradicional: em 1935 no trabalho «Hipóteses e problemas do folclore galego-português», e em 1962 no capítulo «Etnografía: cultura espiritual» da *Historia de Galiza* dirigida por Otero Pedrayo. Neste trabalho reconhecia o castelhanismo lingüístico do género, além de pôr em causa a autenticidade dalguns romances apócrifos criados por Murguía como o *Canouro* e *Fada, fadiña*, mas não doutros como *Dama Gelda* e *Gaiferos de Mormaltán*. Já indicámos antes que este último romance foi considerado desde os anos 50 como o romance galego mais representativo, apesar de ser uma falsificação, graças aos concertos e a sua gravação por Faustino Santalices. Entre o *Gaiferos* criado e publicado por Murguía no século XIX e a sua grande difusão por meio da música de Santalices na segunda metade do século XX, a revista *Nós* foi o elo principal que ligou ambos os momentos, pois José Filgueira Valverde incluiu em 1932, nos números 103 e 104 na sua antologia de poemas dedicados a Santiago de Compostela, «Cancioneiriño de Compostela», um romance em galego composto pelo escritor português Júlio Dantas (o Dantas do «Manifesto Anti-Dantas» dos modernistas portugueses) dedicado ao *Gaiferos de Mormaltán*, bem como o próprio romance do *Gaiferos de Mormaltán* nas páginas finais de dita antologia poética.

A presença do romanceiro na *Nós* não se ficou pelas versões coligidas da tradição oral e na publicação do romance falso do *Gaiferos de Mormaltán*. No

---

tradicional em castelhano; no entanto, a seguidilla que também conheceu a sua expansão ao mesmo tempo em terras de língua castelhana, mal enraizou na Galiza. Na tradição oral contemporânea não se têm recolhido em terras galegas amostras de poesia popular paralelística ao estilo medieval («cantigas de amigo»), mas, algumas, poucas, amostras desta estrofe foram obtidas em Portugal (uma versão em Vinhais em 1932 -Guerreiro 1978:102-), junto dos judeus sefarditas (uma obtida em Sarajevo -Bósnia- em 1911 e outra em Salónica -Grécia- em 1957), e nas Astúrias (cinco ou seis textos recolhidos entre os anos 1920 e 1978 -Pedrosa 1998: 185-198-).

mesmo «Cancioneiriño de Compostela» encontrava-se um romance escrito por Marcial Valladares sobre uma suposta visita de Rodrigo Díaz de Vivar, El Cid, à catedral compostelana: «de xionllos a carón do sagro altar». Também na *Nós* encontramos um outro romance de idealizada atmosfera medieval, o «Romance do paxiño loiro», escrito pelo poeta ourensano Xosé Luis Parente, cuja atmosfera lembra aos romances retocados por Marcial Valladares e Víctor Said Armesto ou às poesias narrativas apócrifas de Murguía. Por sua parte, Fermín Bouza-Brey abria o nº 79 da revista, em 1930, com o romance intitulado «Trovas das sete naos», que o começava ao jeito dos cegos cantores com uma chamada ao público: «Refenda das setes naos, ben ouviredes cantar». Esta estranha palavra *refenda* é uma má leitura de Armando Cotarelo Valledor de *referida*, uma das denominações de *romance* nas terras do Bolo que Alfonso Hervella Courel fez constar no prefácio da sua coleção de romances. Cotarelo empregou este termo na sua criação literária e alguns autores e lexicógrafos como o próprio Fermín Bouza-Brey, José Filgueira Valverde ou Eladio Rodríguez incorporaram-no às suas obras.

Esta é, portanto, a presença do romanceiro na revista *Nós*: algumas versões, autênticas ou retocadas, obtidas da tradição oral, algum romance apócrifo e alguns romances de autor de ambiente medievalizante que pouco ou nada tinham a ver com o saber tradicional galego, além de algumas teorizações sobre o género na Galiza carentes de fundamentos reais. Foi pena que dois dos grandes coletores do romanceiro galego das três primeiras décadas do século XX, Alfonso Hervella e Aníbal Otero, cujos nomes podemos encontrar nas páginas da nossa revista, não publicassem nesta algumas das excelentes versões por eles recolhidas na tradição oral do país.

No número 41, em 1927, dava-se conta do trabalho de entrada para o Seminário de Estudos Galegos de Alfonso Hervella Courel com uma antologia da coletânea de romances que apresentou na *Exposición Regional Gallega de 1909* e que também enviou a Ramón Menéndez Pidal. Hervella já tinha publicado algumas das suas versões, retocadas, em *El libro de los portentos* (1911) e na revista *Vida Gallega* (1913). Por outro lado, Aníbal Otero Álvarez publicou um poema seu no número 101 da *Nós* (1932), poema que nada tinha a ver com a literatura tradicional que se animou a recolher em 1928, com 17 anos, depois de ler uma entrevista a Ramón Menéndez Pidal no diário madrilenho *El Sol*. Otero já reunira antes de 1932 uma excelente coleção de romances tradicionais no leste da província de Lugo em trabalhos de campo realizados em 1928, 1929 e 1931, e este seu labor continuaria antes da Guerra Civil de 1936, durante esta e mesmo depois. Em 1930, entre março e junho, Aníbal Otero deu a lume 23 versões romancísticas no jornal dos republicanos de Lugo, *¡Ahora!*, que pouco tempo depois passaria a titular-se *Guión*. Este romanceiro, além de não estar retocado, estava constituído por uma bem escolhida representação dos



diversos subgéneros do romanceiro da Galiza (histórico, carolíngio, novelesco, religioso, jocoso, vulgar, etc.) e os comentários que acompanhavam os textos admiram mesmo hoje pela competência que Otero possuía desta poesia tradicional, pois apenas tinha 19 anos quando publica estes romances e porque, apesar de morar na isolada serra de Meira, evidenciava um conhecimento da bibliografia sobre o romanceiro tradicional deveras surpreendente.

Em resumo, nas páginas da revista *Nós* não podemos encontrar informações de todos trabalhos de campo realizados até essa altura e também não uma caracterização, digamos, definitiva sobre a verdadeira natureza do romanceiro tradicional da Galiza. Contudo, os conteúdos romancísticos que se podem achar na *Nós* são imprescindíveis tanto para conhecer o romanceiro galego como as diversas atitudes do galeguismo cultural a respeito deste género da literatura de tradição oral.

## Referências

- Buescu, Carvalhão M. G. (2001). *Macpherson e o Ossian em Portugal*. Lisboa: Edições Colibri.
- Forneiro, J. L. (2004). *Allá em riba un rey tinha una filha. Galego e castelhana no romanceiro da Galiza*. Ourense: Difusora de Letras, Artes e Ideas.
- (2004). Armando Cotarelo Valledor, editor e estudioso do romanceiro tradicional galego. *Revista Galega de Filoloxía*, (5), 79-106.
- (2017). El romancero tradicional de Galicia. Estado de la cuestión. Em Mañero Lozano, D. e González Ramírez, D. *Los paisajes de la voz. Literatura oral e investigaciones de campo. Boletín de Literatura Oral*, (1 -número extraordinario-), 105-130. (<https://revistaselectronicas.ujaen.es/index.php/blo/article/view/3340>)
- Viegas Guerreiro, M. (1978). *Para a história da literatura popular portuguesa*. Lisboa: Instituto de Cultura Portuguesa.
- López, T. (1991). *Névoas de Antano. Ecos dos cancioneros galego-portugueses no século XIX*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Mariño Ferro, X. R. e L. Bernárdez, C. (2002). *Romanceiro en lingua galega*. Vigo: Edicións Xerais.
- Pedrosa, J. M. (1998). Reliquias de cantigas paralelísticas de amigo y de villancicos glosados en la tradición oral moderna. Em Piñero Ramírez, P. (Coord.) *Lírica popular/Lírica tradicional. Lecciones en homenaje a Don Emilio García Gómez*, Sevilla: Universidad de Sevilla-Fundación Machado, 183-215.
- Thiesse, A. M. (1999). *La création des identités nationales. Europe XVIII<sup>e</sup>XX<sup>e</sup> siècle*. Paris: S euil.
- Valenciano, A. (1998). *Os romances tradicionais de Galicia. Catálogo exemplificado dos seus textos*. Madrid-Santiago de Compostela: Fundación Ramón Menéndez Pidal-Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro.

# 4

---

## A materia LINGÜÍSTICA en Nós: tras os rastros dixitais

---

Inmaculada Mas Álvarez

### **Introdución**

Entre o mundo dos tempos de *Nós* e o actual, a un século de distancia, existe unha diferenza notable, que atangue de xeito particular ao coñecemento: a expansión incesante da ciencia, da cultura e do saber, no noso presente, pola rede multimodal e polifacética do ciberespacio. O labor filolóxico, o traballo científico non son quen de discorrer hoxe á marxe desa rede, da que se benefician, nutríndose, ao tempo que lle devolven amplamente documentos de análise e interpretación, estudos e novos materiais. A xeración de coñecemento, os medios de comunicación científica e cultural, a procura de información e a pescuda bibliográfica son procesos que non se poden concibir actualmente sen unha navegación meticulosa polos océanos virtuais.

Como unha maneira de conectar a bipolaridade da mirada sobre *Nós*, na xénese e desenvolvemento da revista, dunha parte, e na actividade desenvolvida nas décadas posteriores á súa desaparición, doutra, preséntase aquí un rastrexo da pegada dixital dunha selección dos artigos publicados en *Nós*: os agrupados baixo o identificador de materia LINGÜÍSTICA no volume número 145, conmemorativo do cincuentenario da revista (Fernández-Oxea, 1970). Mediante diversos recursos bibliográficos existentes en Internet faise un percorrido que revela a pervivencia da materia e permite valorar o grao de vitalidade dos temas tratados nos artigos da revista, ao tempo que invita á reflexión sobre as melloras desexables nos recursos bibliográficos en liña existentes, que aínda están a adaptarse ao medio virtual e ás necesidades das investigacións. Abórdanse, pois, neste capítulo dúas cuestións: dunha parte, centrámonos

no conxunto de artigos sobre a materia LINGÜÍSTICA, para dar conta da súa presenza en Internet, a partir da revisión da pegada que se manifesta nos recursos bibliográficos de acceso en liña; doutra, avaliamos algúns dos recursos bibliográficos dispoñibles en liña consultados.

A xustificación da abordaxe ao mundo de *Nós* que se presenta aquí é o contexto dunha materia de carácter básico do Mestrado interuniversitario en Lingüística Aplicada (MiLA), titulada *Recursos bibliográficos e xéneros científicos*. Nela hai un tema referido ás fontes documentais no ámbito académico-científico, que se desglosa en tres apartados: a tipoloxía das fontes documentais, os recursos bibliográficos e o manexo da bibliografía a través de xestores bibliográficos.<sup>1</sup> É no segundo destes eidos, o dos recursos bibliográficos, máis concretamente os recursos dispoñibles en liña, no que incidiremos.

Este capítulo está estruturado en tres apartados: un dedicado aos recursos bibliográficos, á súa finalidade e aproveitamento posible, segundo a tipoloxía, con especial atención aos recursos en liña; un segundo apartado, no que se presentan as contribucións sobre Lingüística reunidas no índice de materias do volume conmemorativo do cincuentenario da revista *Nós* (Fernández-Oxea, 1970), e un terceiro apartado, no que se dá conta dos resultados obtidos, coa axuda dos recursos bibliográficos en liña, ao pescudar sobre a pervivencia dos contidos e autorías dos artigos. Nas conclusións finais pondérase a vitalidade dos contidos lingüísticos de *Nós*, ao tempo que se valora a idoneidade dos recursos bibliográficos empregados.

## Os recursos bibliográficos en liña

As fontes de información de carácter primario atópanse custodiadas nos arquivos, bibliotecas e hemerotecas, onde acudimos na súa procura ao desenvolver traballos de investigación. Mais, pasados vinte anos deste século, os documentos publicados con anterioridade á irrupción de Internet vanse incorporando paulatinamente á rede a través de procesos de dixitalización, mentres que na actualidade toda nova aportación ao coñecemento é xerada xa directamente nun formato dixital, preparado para a xestión informatizada dos seus metadatos e contidos, así como para o acceso en liña. A multimodalidade enriquece o panorama, de xeito que hai que engadir outros lugares virtuais, as filmotecas e teatrotecas, por exemplo, como repositorios de

<sup>1</sup> Esta disciplina mantén globalmente as liñas deseñadas polo profesor Francisco García Gondar, que foi responsable dela na USC dende o comezo do MiLA, no curso 2013-14, ata o curso 2018-19. Incorporáronse desde aquela lixeiras modificacións, acordadas cos colegas responsables da materia nas outras universidades galegas: Benigno Fernández Salgado (UVigo) e o coordinador da materia, Xoán López Viñas (UDC).

documentos, así como outros tipos de obxectos diferentes do texto expositivo, argumentativo ou analítico (Osuna Alarcón, 2011: 249 e ss.).

Por outra banda, os textos que derivan das análises dos documentos orixinais, as fontes de información secundarias —resumos, índices e repertorios bibliográficos ou sumarios de todo tipo—, atopan na Internet o lugar máis idóneo para ser xestionados e postos a disposición do público, sexa con subscripción previa sexa sen custo. O presente da actividade científica implicada na implementación destes recursos é o formato dixital, mentres que o formato de libro ou folleto impreso queda xa no pasado (García Gondar, 2003: 60). As obras de referencia, por último, son fontes de información nunca superfluas nin prescindibles, que presentan non obstante máis dificultades para o acceso en liña, xa que case nunca é gratuito e con frecuencia nin tan sequera é posible. Hai valiosas enciclopedias, dicionarios e manuais que de momento non se atopan aínda en formato dixital: esas obras que podemos consultar doadamente nas salas de lectura —pasando as páxinas, iso si— resultan inalcanzables fóra de horarios de apertura ou cando, polos máis diversos motivos, temos limitada a mobilidade. Esta dificultade explica, entre outras razóns moi variadas, o grande éxito da Galipedia, a enciclopedia de acceso en liña gratuito con contidos editados de xeito colaborativo en galego, que «botou a andar o 8 de marzo de 2003» (Galipedia, s. v. *Galipedia*).<sup>2</sup>

Chamamos recurso bibliográfico a calquera fonte de información, deseñada a miúdo expresamente para un ámbito científico determinado, que proporciona información bibliográfica sobre un documento concreto: informa o máis exhaustivamente posible da súa historia editorial; pode informar sobre o contido en forma de sinopse ou resumo —de grande importancia no traballo científico, xa que permite prescindir de ler o documento completo—; informa sobre o lugar onde se atopa ese documento; no mellor dos casos, ofrece unha ligazón directa ao documento; por último, incorpora, de ser posible, citas e métricas. O que precisa quen procura un documento determinado é, por suposto, obter un acceso o máis rápido, doado, efectivo e fructífero posible. É importante que o recurso incorpore un sistema sofisticado, non só cunha busca simple, senón tamén cunha opción de busca avanzada a partir de diversos parámetros que sexa posible entrecruzar —polo menos cronolóxico, por lingua, por tipo de documento e temático—, cantos máis mellor, de xeito que atopar o que precisamos —pode tratarse dun dato concreto para verificación

2 A situación de confinamento que experimentamos nos duros meses primaverais do ano 2020 levou asociado, como é ben sabido, o peche das facultades. Fomos moitas as persoas que nos sentimos orfas pola imposibilidade do acceso ás bibliotecas. A circunstancia fíxose máis desalentadora ao comprobar que para conectar en remoto cos recursos electrónicos ofrecidos pola Biblioteca Universitaria da nosa universidade (BUSC) dependiamos do servizo de EZproxy, que dá paso desde o exterior, previa identificación como usuarias. A configuración dos dispositivos estaba pendente, había tamén limitacións por enderezo IP. Esta situación tan lamentable limitou drasticamente o acceso á bibliografía e houbo que acudir a outros recursos máis ou menos improvisados, como as redes sociais, que foron en non poucas ocasións de grande axuda.

ou exemplificación, pode tratarse de elementos esenciais para a pescuda en cuestión— requira o menor número de buscas e que o tempo de espera para a obtención dos resultados sexa tamén o mínimo.

No eido das Ciencias da Información e Documentación clasifícanse as fontes de información bibliográfica segundo criterios variados, como vemos resumidamente no Cadro 1:



Cadro 1. Esquema da clasificación dos recursos bibliográficos (adaptado de Osuna Alarcón, 2011: 251).

Nótese que neste esquema non hai referencia explícita ao feito de que as fontes de información bibliográfica son hoxe dixitais en orixe, e que o acceso a elas máis estendido é nestes momentos o acceso en liña. A transición á virtualidade aínda está sucedendo tamén, de xeito máis ineludible se cabe que noutros ámbitos, no da información e documentación. O desenvolvemento constante da tecnoloxía informática impón unha renovación e adaptación permanentes nos recursos, que non se deixan clasificar doadamente, pois van adoptando un carácter híbrido, como veremos. As categorías máis relevantes para os nosos intereses son tres: os catálogos de bibliotecas, as bases de datos bibliográficas e os repositorios de textos.

No momento actual a BUSC ten reunidos os recursos en liña aos que dá acceso no portal reBUSCa. Algúns destes recursos son bases de datos temáticas e tamén hai repositorios de textos, Minerva entre eles. O máis visitado é o catálogo Iacobus, a través do cal non só procuramos documentos, senón

que tamén xestionamos buscas e préstamos e podemos ter acceso a solicitudes de libros e materiais doutras bibliotecas. A continua reorganización e mellora de Iacobus é necesaria: con independencia das limitacións derivadas do feito de que é un catálogo automatizado dunha biblioteca, polo tanto non especializado tematicamente (García Gondar, 2003: 61-62), un bo sistema de busca, unha información completa de cada rexistro e un acceso o máis directo posible ao documento deben ser a prioridade.

No extremo oposto citarei Worldcat —acrónimo de *world catalog*— que é a principal base de datos bibliográfica do mundo. Fornécese de catálogos de bibliotecas de todo o mundo, entre elas a Biblioteca Nacional de España, polo que é considerado un metacátalo internacional. A rapidez coa que presenta os resultados este recurso é abraiante. Cun deseño sinxelo e claro, ofrece información precisa de onde se pode atopar o documento e a distancia que sería preciso percorrer para levalo en préstamo, se é que non ten acceso en liña.

Entre as bases de datos especializadas, contamos coa axuda inestimable da Bibliografía informatizada da lingua galega (BILEGA), «unha bibliografía analítica que achega información exhaustiva e actualizada sobre traballos de investigación, divulgación e opinión que teñen por obxecto a lingua galega en calquera das fases do seu desenvolvemento histórico» (BILEGA, Introducción). Con afán, como vemos, de exhaustividade, é un recurso rico en contido hipertextual, que incorpora valiosas sinopses de cada rexistro e está integrado por dúas táboas: unha coas entradas bibliográficas correspondentes aos documentos (BILEGA) e outra que contén o inventario de publicacións periódicas (revistas). Reproducimos no Cadro 2 a información obtida do inventario das revistas sobre *Nós. Boletín mensual da cultura galega. Orgao da sociedade «Nós»*, onde xunto á historia editorial temos unha ligazón directa aos números da revista.

1ª época (1920-1923); 2ª época (1925-1935). | Non se publicou entre xullo de 1923 e xuño de 1925; a publicación suspendeuse no nº 139-144 (xullo-décembro de 1935), pero chegou a saír un nº 145 (30 de outubro de 1970) conmemorativo do cincuentenario da revista. | Ed. facs.: A Coruña, Xuntanza Editorial, 1991. | Hai ed. facs. en liña non venal dos núms. publicados entre 1920-1935 no portal Galiciana: Biblioteca Dixital de Galicia [Consulta: 20/04/2020] (<http://biblioteca.galiciana.gal/gl/consulta/registro.do?id=7275>)

Cadro 2. Texto das notas do rexistro de *Nós. Boletín mensual da cultura galega* en BILEGA (BLG 496).

No tocante aos repositorios de textos, a USC conta desde a segunda década deste século co repositorio institucional Minerva, un sistema en liña de acceso gratuito que ten como finalidade almacenar e difundir a produción académica e científica da comunidade universitaria, tamén a elaborada polo



alumnado en forma de traballos de fin de grao e de fin de mestrado. Estes repositorios son de grande utilidade, pois proporcionan ligazóns permanentes, xestión de metadatos e contidos dos documentos para facilitar as buscas e, sobre todo, o acceso directo aos textos. Outros repositorios institucionais de interese son a Hemeroteca digital de la BNE e Galiciana Biblioteca Dixital de Galicia (Galiciana BDG). A primeira, nada en marzo de 2007, dá acceso público á colección dixital de prensa histórica española: permite a busca dun título concreto ou ben dun conxunto de publicacións dun lugar ou data determinados e presenta en pantalla os textos dixitalizados, que tamén se poden descargar en formato PDF. A segunda é un proxecto impulsado pola Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia que ten como obxectivo a dixitalización dos fondos bibliográficos máis relevantes para Galicia, entre eles a revista *Nós íntegra*, que como xa sabemos é posible consultar en pantalla ou descargar por números. Con motivo do centenario de *Nós* creouse un «micrositio» de carácter didáctico con información sobre persoas, lugares, institucións e acontecementos históricos arredor da revista, articulados en torno a un «grafo de coñecemento» (*Revista Nós*). O resultado é moi fermoso visualmente, xa que aproveita as maravillosas portadas e os debuxos da revista. Os contidos están articulados a partir dunha cronoloxía, unha relación de autores e un acceso á revista por anos e, dentro deles, por números. Desafortunadamente, os contidos non están explotados.

Outras ferramentas teñen un carácter híbrido, pois a súa función básica é a de proporcionar opcións de busca desde un mesmo sitio e conectar con outros recursos, sexan catálogos, repositorios, bases de datos etc. Refírome no que segue brevemente a Dialnet, RILG e Google académico.

O portal bibliográfico Dialnet comezou a súa andadura en 2002, tras algúns anos de planificación, como un proxecto de colaboración bibliotecaria na Universidad de La Rioja. Especializado nos campos de Humanidades e Ciencias Sociais, converteuse nun recurso esencial no ámbito hispano, cunha evolución moi positiva na cantidade de contidos, no número de usuarios rexistrados e na adaptación e mellora constante, hoxe materializada na súa versión avanzada Dialnet plus. Como recurso híbrido integra os elementos seguintes: unha base de datos de contidos científicos hispanos, con servizo de alertas bibliográficas, unha hemeroteca virtual hispana e un repositorio de acceso á literatura científica hispana a texto completo, outorgando preferencia ao acceso libre e gratuíto.

Aos *Recursos Integrados da Lingua Galega* (RILG) accédese no seu portal web, activo desde 2006, que integra e permite a explotación conxunta dos recursos textuais e léxicos de tecnoloxía lingüística da lingua galega, como tesauros, dicionarios, glosarios e corpus. Conecta con proxectos realizados na USC e na UVigo (Gómez Guinovart, 2017). Non se trata, desde logo, propiamente dun



recurso bibliográfico, mais ten a virtude de poñer en práctica o concepto de fusión ou integración doutras fontes, principalmente lexicográficas, polo que é un portal de referencia de grande utilidade cando se investiga na lingua galega, en especial no léxico.

O motor de busca de literatura científica por excelencia na actualidade, *Google académico*, púxose a funcionar no ano 2004. Co lema «A hombros de gigantes», caracterízase pola comodidade de reunir nun só lugar o acceso á información, coa vantaxe de que sexa posible localizar o texto completo a través da biblioteca da nosa institución ou a través da Internet e coa optimización derivada da hipertextualidade entre traballos, citas, autorías e publicacións. Todo isto, sumado á celeridade coa que se obteñen os resultados das buscas, convirte a este recurso na mellor opción.

En suma, a finalidade dos recursos bibliográficos é a de ofrecer un sistema de busca refinado, amais de, unha vez identificado(s) o(s) obxecto(s) da procura, outorgar tanta información como sexa posible sobre o documento de interese para quen estuda ou investiga, de xeito que non sexa estritamente necesario acceder a el ou, de selo, poida recuperarse da maneira máis rápida, sinxela e nas mellores condicións para tirar del o que se precise.

## A materia LINGÜÍSTICA en Nós

Como é sabido, o primeiro número da revista *Nós* apareceu o 30 de outubro de 1920, data a partir da cal este *Boletín mensual da cultura galega* desprega ao longo dos seus 144 números, ata o ano 1935, unha serie de variados contidos, ben no seo de seccións fixas de número a número, ben como contribucións ocasionais. Os asuntos tratados na revista *Nós* pódense dispoñer cuantitativamente nunha liña de temas, ordenados consonte o maior ou menor volume de colaboracións, segundo a proposta da exposición conmemorativa do centenario do seu nacemento, organizada pola Xunta de Galicia:

Literatura > Lingua e Etnografía > Historia >
Artes non literarias > Ciencias Sociais > Xeografía >
Ciencias Naturais, Medicina e actividade física

Cadro 3. Temas abordados na revista *Nós*, de maior a menor, segundo o catálogo da exposición «Galicia, de Nós a nós» (Xunta de Galicia, 2020: 96).

Nesta liña xerarquizada faise xa evidente a dificultade que supón calquera clasificación posible nas disciplinas, pois os contidos aparecen misturados con

frecuencia tanto nos grandes temas coma no interior deles: os asuntos Lingua e Etnografía, por exemplo, preséntanse fusionados na exposición. Cuantificar non é tampouco doado, dada a frecuencia coa que os artigos pasan de consideracións literarias a outras lingüísticas, de cariz etnográfico ou da tradición popular, como se verá que sucede de xeito habitual nos artigos seleccionados.

O encargado de elaborar os índices no ano 1970, na conmemoración dos 50 anos en forma de homenaxe da Real Academia Galega, foi o polígrafo ourensán Fernández-Oxea. Presenta un índice xeral por números, un índice de autores e un índice de materias, que inclúe un apartado de *Revistas*. É obvio que a Fernández-Oxea non lle resultou doado compartimentar en materias o inxente contido de *Nós*.

Bibliografía	396	Dibuxos	16
Etnografía e folklore	202	Homenaxes	13
Noticias	198	Lingüística	11
Poesía	179	Recaudación Editoriales	10
Literatura	143	Crítica	10
Prehistoria	94	Política	9
Viaxes	58	Economía	7
Ensaos	38	Pedagogía	4
Historia	36	Heráldica	4
Arte	24	Deporte	4
Xeografía	19	Música	3
Filosofía	19	Fisiognomía	2
Arqueoloxía	18		

Cadro 4. Materias ordenadas pola cantidade de artigos publicados na revista *Nós*, segundo o índice ofrecido por Fernández-Oxea (1970: 91-113).

Non cabe dúbida de que hai máis Lingüística na revista *Nós* que os once artigos reunidos no seu índice (Cadro 4), sobre todo se pensamos nas disciplinas que dun xeito ou outro teñen relación estreita coa lingua. Por exemplo, se facemos unha busca en BILEGA cos parámetros lingua=galego, tipo=divulgación, tema=lexicoloxía, lexicografía e onomástica (e os correspondentes subtemas), edición(s)=*Nós*, obtemos 37 rexistros, 28 dos cales son contidos da revista *Nós*. Véxase que na distribución da homenaxe están agrupadas a etnografía e o folclore, por exemplo. Compréndese así o contraste respecto deste reparto se o comparamos co da exposición do centenario.

Once contribucións están catalogadas na materia Lingüística. Son once breves artigos de extensión variable: de un só parágrafo no caso da nota

de Tobío Fernández (1931), por exemplo, aos máis extensos, os de Couceiro Freijomil (1925) e Canedo (1930a), que abranguen catro páxinas cada un. A autoría corresponde a sete autores, figuras de relevancia desigual na xeración de colaboradores da revista, e unha autora, a profesora Sponer, que participa nela nunha soa ocasión. Chama a atención a xuventude de case todos eles, nados nos albores do século XX.

Fermín Bouza-Brey (1901-1973)	Xurista e escritor galego. Historiador, etnógrafo e escritor, fundador do Seminario de Estudos gallegos en 1923
José Canedo Grille (1902-1945)	Lingüista e orientalista galego
Antonio Couceiro Freijomil (1888-1955)	Pedagogo, mestre, xornalista, ensaísta galego
Lino Gómez Canedo (1908-1990)	Sacerdote católico galego, historiador
Paulino Pedret Casado (1899-1969)	Sacerdote católico galego, licenciado en Dereito e Ciencias Históricas
Avelino Rodríguez Elías (1872-1958)	Nado en Portugal de nai galega, cronista da cidade de Vigo entre 1926 e 1936. Exilio en Paraguai
Margot Sponer (1898-1945)	Lingüista alemá, unha das pioneiras dos estudos galegos no mundo
Lois Tobío Fernández (1906-2003)	Diplomático, escritor e tradutor. Exilio en Cuba e Uruguai

Cadro 5. Autorías dos once artigos de Lingüística (Fonte: *Galipedia*).

Os temas tratados nestas curtas contribucións acomódanse á perfección aos intereses e asuntos da revista e caracterízanse polo seu ton apaixonado e laudatorio cara ao galego, así como polo gusto en transitar nos diversos eidos do coñecemento: a Lingua, a Literatura, a Etnografía, a Xeografía, a Historia. Pódense clasificar tematicamente do xeito seguinte: sete deles versan sobre etimoloxía, toponimia e léxico dialectal; dúas contribucións están dedicadas á ortografía do galego; un artigo trata sobre lingüística e nacionalismo, e un sobre interferencias do castelán no galego.

A meirande parte destas colaboracións versan, pois, sobre cuestións etimolóxicas acerca de topónimos, tamén de voces non recollidas no dicionario, ou ben sobre léxico galego. Resúmese a continuación o contido dos sete artigos referidos a etimoloxía e léxico galego, agora en orde cronolóxica:<sup>3</sup>

<sup>3</sup> Ao final de cada resumo, de factura orixinal para este artigo, engádese o número de rexistro de cada contribución de Nós referenciada en BILEGA (BLG), onde se pode acudir e contrastar no campo contido.

Autoría	Título	Ano	Nº	Páx.
Bouza Brey, Fermín	Encol da Voz «magorrento»	1929	70	175
	Nomes galegos da «Dixitalis Purpúrea L.»	1931	95	204
Canedo, José	Libredón e a súa historia	1930	83	218
	A lingüística e o nazonalismo	1930	84	236
Couceiro Freijomil, Antonio	Sobre o emprego do apóstrofo	1925	24	5
	De certas adicións, supresións, troques y-enlaces de letras	1926	25	7
Gómez-Canedo, Lino	Notas pr-o estudo da toponimia compostelán. As ruas do Franco e da Raiña	1933	114	146
Pedret Casado, Paulino	Etimoloxías dalgús nomes xeográficos de «Queixumes dos pinos»	1935	134	31
Rodríguez Elías, Avelino	O termo «Confurco» ¿Cál é o seu orixe?	1929	65	82
Sponer, Margot	Algunhas notas dos meus estudos sobre filoloxía galega	1927	37	2
Tobío Fernández, Lois	A verba «Farxácola»	1931	93	170

Cadro 6. Artigos da materia Lingüística recollidos no índice de materias de Fernández-Oxea (1970: 97), presentados aquí en orde alfabética polo apelido de cada asinante.

a) Sobre a etimoloxía dun topónimo —quizais neste caso un orónimo ou un odónimo—, escribe Rodríguez Elías (1929) o seu artigo, dunha páxina de extensión, para aclarar a orixe do termo *Confurco*. Este é o nome dalgúns montes e lugares galegos, formado, segundo a súa proposta, polas raíces galegas *con* «pedra grande» e *furco* «lousa de pedra que ten de groso un *furco*, ou sexa a que é máis delgada qu'un perpiaño de coarta, ou de palmo» (p. 83) (BLG 2685).

b) A voz *magorrento* é explicada por Bouza-Brey (1929) como unha forma adxetival co sufixo *-ento*, despectivo do diminutivo *magorro*, nome empregado para a tripa do polbo na Ría de Arousa, a partir de *maga* «a tripa de peixe», por extensión, «todo o que é moi viscoso». A voz é, pois, un adxectivo despectivo que se refire a «aquele que ten tripas de polbo». O interese de Bouza-Brey é dar noticia desta palabra, presente en dúas cantigas de Santa Uxía de Ribeira e A Pobra de Caramiñal, pois non está recollida nos dicionarios, coa intención de que sexa incluída neles no futuro (BLG 2686).

c) O nome *Libredón* dásele no Códice Calixtino a un monte ou bosque próximo á actual cidade de Santiago de Compostela, onde supostamente foi enterrado o corpo do apóstolo Santiago (Galipedia, s. v. *Libredón*). Na opinión de Canedo «este nome foi traguido pol-os celtas a Galiza en tempos

prerromanos» (Canedo, 1930a: 218), coa forma *Liber-dunum* «castro, fortificación, castillo de Liber» (BLG 2687).

d) Dentro da sección MISCELÁNEA Tobío Fernández (1931) inclúe unha nota de apenas dous parágrafos sobre a voz *farxácola*. Esta palabra designa con ton burlesco ou despectivo o bubón nun bando do ano 1569. Pregúntase o autor para rematar: «¿Virá a verba *farxácola* de *farciacula* procedente do latín *farcio* «embutir, encher chourizos ou morcillas», é dicir «morcilliña», cousa que se axeita perfectamente ó ouxeto desinado?» (p. 170) (BLG 3749).

e) Aos nomes galegos da Dixitalis Purpúrea dedícalles Bouza-Brey (1931) dúas páxinas. Parte dunha detida descrición desta planta silvestre para despois mostrar a variedade de denominacións recollidas en galego, un total de 18 nomes, que agrupa segundo designen a pranta no seu conxunto (*abrula*, *aveluría*) ou se refiran só ás flores. Estes últimos clasifícaos en catro tipos: 1. os orixinados pola época da floración (*sanxoháns*); 2. os derivados de *estralar* (*estralantes*); 3. os onomatopeicos, que imitan o son producido polo estralo das flores (*adcroques*, *clóques*, *cócalos*, *cocos*, *crocas*, *troques*), e 4. os nomes compostos, ben sexa dunha raíz do nome da pranta mais o nome onomatopeico (*balocos*, *belitroques*, *bilincroques*, *bilitroques*, *palitroques*), ben sexa do verbo *estralar* mais o nome onomatopeico (*estraloques*, *estralotes*, *estraleques*). Continúa o artigo con dous apuntes sobre a denominación da pranta nun poema de Rosalía e outro de Noriega Varela, con notas sobre a distribución xeográfica dos nomes, salpicadas de opinións sobre o carácter máis poético dunhas voces fronte a outras. Para rematar indica a falta de correspondencia no galego do nome vulgar en castelán, *dedalera*, e da denominación culta *digitalis* (BLG 2097).

f) Gómez Canedo (1933) escribe textualmente: «quero publicar hoxe unhas pequenas notas que teño recollidas en col a dúas vellas ruas composteláns: a Raiña e o Franco» (p. 144). A respecto do nome *Raiña*, afirma que non se debe á raíña Isabel de Portugal, coma popularmente se cría, polo feito de que estivese hospedada nesa rúa nas súas peregrinacións a Compostela, senón que o nome é anterior. Nas súas pescudas no Arquivo da Catedral atopou dous documentos, de 1169 un e de 1235 o outro, nos que se menciona a rúa de «Fonte Regina». As romarías da raíña Isabel a Compostela foron feitas un século despois, en 1326 e 1335, cando probablemente deron lugar á lenda do seu descanso nunha hospedería ou hospital que se supón que había daquela na mesma rúa. Mostra Gómez Canedo tamén o seu desacordo coa proposta de que o nome da rúa do Franco se deba a unha homenaxe a Fonseca, chamado o *Franco*. O certo é que nos documentos atopados por Gómez Canedo, de 1189, 1194 e 1235, aparece xa a denominación da rúa como *Franco*, case catro séculos antes de Alonso III Fonseca. Tampouco concorda o autor coa identificación da rúa do Franco coa *rúa Francígena* mencionada no Códice Calixtino, que sen

dúbida, afirma, se corresponde coa actual rúa de San Pedro. Remata o artigo confiando en que as súas notas desfagan «pra sempre as lëndas qu'en col de elas viñan domiñando a tradizón do pobo» (p. 145) (BLG 2728).

g) A aportación de Pedret Casado (1935), por último, é tamén de interese etimolóxico da toponimia. Xunta algúns nomes xeográficos presentes no poemario de Pondal *Queixumes dos pinos* segundo a súa orixe sexa céltica, latina ou xermánica, e expón en forma de breve glosario a etimoloxía de cada un deles (a 15 nomes lles outorga unha orixe céltica —*Bergantiños, Corcubión, Dombate*, por exemplo—, a 3 os recoñece como de orixe latina —*Camelle, Marzoa, Zas*— e a 11, xermánica —*Bertoa, Recemel* ou *Troitosende* entre eles) (BLG 2726).

As dúas contribucións de Couceiro Freijomil versan sobre a ortografía do galego, no que probablemente foi un proxecto de sección da revista, titulada A NOSA ORTOGRAFÍA, que non coñeceu, porén, continuidade. Teñen como obxectivo ofrecer pautas para tratar de fixala, dadas a «arbitrariedade» e «anarquía» que a caracterizan (Couceiro Freijomil, 1925: 5). O primeiro traballo céntrase no abuso do emprego do apóstrofo, propoñendo restricións nalgúns dos sete casos nos que adoita empregarse, ben avogando por formas contractas —as preposicións *con*, *de* e *en*, así como o adverbio de negación, mais o artigo; os pronomes clíticos entre si—, ben aceptando a contracción con apóstrofo das preposicións *con*, *en* e o adverbio *non* en combinación co artigo indefinido ou, no caso de *non*, ante verbos que empezan por vogal. Afírmase tamén que debe admitirse *co*, separada por medio dun guión dos pronomes persoais ou os demostrativos. O texto, que abrangue catro páxinas, é moi pormenorizado nos exemplos, ás veces de cantares populares, e nas xustificacións, nas que compara nunha ocasión, para defender as contraccións, co portugués e o castelán. Algo máis breve é a segunda contribución deste autor no número 25 de *Nós* (Couceiro Freijomil, 1926). Nela atende á maneira de reflectir na escritura certas adicións, supresións, troques e enlaces de letras, recomendando a escritura por medio dun guión nos casos seguintes: na adición dun <y> eufónico entre o artigo e os nomes que empezan por <a-> tónica (*a y-alma*), na perda do <-n> no adverbio de negación ante o pronome *nos* (*no-nos viron*) e pola perda da nasalidade nas palabras *ben*, *non*, *nin*, *quen*, *tamén* etc. cos pronomes de obxecto (*non sei quen-o dixo*) e, por último, nos troques da conxunción *e* en *y* (*os homes y-as mulleres*) e do <-r> ou <-s> en <l> (*comichel-o pan*, *pol-os camiños*).

O artigo de Canedo titulado «A lingüística e o nazonalismo» xira ao redor da estreita conexión entre linguas e nacións, coa premisa de que «ond'hai diferencias de lingoas, as difrenzas nacionais tenden a eisistir tamén; e onde falta un sentimento nacional, as difrenzas d'idioma tenden a desaparecer tamén» (Canedo, 1930b: 238). Tras un repaso polas familias de linguas indoeuropeas



—celta, románica, xermánica, báltica, eslava—, no que fai algunhas consideracións históricas, culturais e políticas, insistindo na importancia da conciencia dos pobos para a pervivencia das linguas no ámbito familiar, na literatura ou no ensino, conclúe nestes termos: dunha banda, afirma que «toda nación que toma conciencia de sí mesma, pretende ter o seu idioma escrito, o seu idioma de cultura propio» (p. 238), doutra, «qu'un Estado pode funcionar sen ter unha lingua común, sen qu'o ter mais de unha sexa un impedimento para o seu desenrolo progresivo» (p. 239).

Por último, a contribución de Sponer reúne algúns exemplos de «contaminación» do léxico galego co castelán, recollidos por ela mesma na lingua oral durante a súa estadía en Galicia, onde investigou sobre as diferenzas rexionais do galego na fonética, a morfoloxía e o léxico (p. 2). Emprégase castelán no referido á igrexa —paradoxicamente o galego consérvase nalgunhas formas antigas na toponimia ou en apelidos—, á medicina (*fiebre, enfermo*), en expresións referidas á novidades técnicas (*vagones, automóviles*) e en formas comúns na oralidade (*después, bueno, buenos días*). Apunta tamén Sponer a maior contaminación nos núcleos urbanos, como Betanzos (*juevos, huevos*) ou Ribadavia (*jueso, hueso*), onde non coñecen, di, a verdadeira forma galega. Engade a autora: «Cantas veces por empregar eu as verdadeiras formas galegas tomáronme por portuguesa!» (p. 3). Remata o artigo coa manifestación do seu pesar por que unha «lingua tan doce e melodiosa vaia perdendo a súa enxebreza, dando entrada no seu léxico cada día a mais palabras e xiros castelás» (p. 3), ao tempo que compara coa situación de Cataluña e louba os esforzos de persoas ilustres, como Risco, en prol da purificación do galego.

## Os rastros dixitais

Como xa sabemos, hai copia dixital da totalidade dos números da revista, na sección de hemeroteca da BDG. A edición facsimilar de *Galaxia* (1979) foi reproducida electronicamente no ano 2009. O acceso actual ofrece, ademais da copia dixital de cada páxina, é dicir, o seu tratamento como imaxe, unha versión PDF e en formato ePub —este só ata o número 100, de abril de 1932— de cada número. Estes tratamentos son porén limitados, pois non permiten procurar por palabras. Se queremos obter as ocorrencias dunha palabra temos que valernos do TILG, que contén o *Boletín* no seu corpus. Así comprobamos, por exemplo, que Margot Sponer está mencionada en *Nós* en sete ocasións, fóra do número no que ela publica.

En conxunto os artigos referidos a etimoloxía de topónimos e léxico apenas teñen pegada, debido a que, como temos resumido, non van máis aló de pequenas notas de carácter divulgativo sobre aspectos moi concretos. O portal

RILG extrae a partir de *Confurco* seis topónimos actuais e a súa presenza nos dicionarios, como nome común, sinónimo de *espenuca*, con tres correspondencias en castelán: *losa*, *cueva* e *guarida*. De *farxácola* só obtemos dun dicionario a correspondencia en castelán: *bubón*. Atopa a entrada da Galipedia sobre *Libredón* e 84 ocorrencias no TILG, moitas das cales corresponden á palabra empregada como título ou marca. Por último, de *magorrento* atopa tres acepcións nos dicionarios, coa correspondencia castelá *asqueroso*, *sucio*. Os nomes galegos da Dixitalis están vivos hoxe, como *estraloque*, incluído no bUSCaterms xunto coas súas equivalencias en galego (*croque*, *dedaleira*, *estrolote*, *milicroque*, *sanxoán*, *seoane*) e noutras linguas. Grazas a BILEGA sabemos que o artigo de Bouza-Brey sobre os nomes desta planta foi recensionado no ano 1932 nos *Traballos da Sociedade portuguesa de Antropoloxía e Etnoloxía*, mais o texto da recensión non está accesible en liña (BLG 2097). Por fin, a contribución de Pedret Casado é citada por Martínez Lema (2010), quen a «rescata» máis recentemente polo seu carácter «inaugural» como traballo enfocado na onomástica (Martínez Lema, 2017: 982).

Polo demais, os autores dos artigos mencionados sobre etimoloxía, toponimia e léxico galego están moi presentes nos recursos bibliográficos, debido as súas aportacións documentais, algunhas de grande valor historiográfico, como é o caso das obras do franciscano Gómez Canedo como historiador americanista (ten 368 rexistros no *Worldcat*). Fermín Bouza-Brey conta con dez colaboracións en *Nós* e a súas contribucións á investigación literaria, arqueolóxica e etnográfica son moi relevantes. José Canedo Grille, que foi bolseiro no *Indogermanisches Seminar* da Universidade de Berlín, dende onde asinou as dúas contribucións á revista *Nós*, traballou despois sobre o sánscrito e a súa literatura (Figueroa, 2017: 41). Pedret Casado participa con cinco artigos no *Boletín*. Tobío Fernández, un dos máis novos nos anos dos tres artigos publicados en *Nós* —e unha parte do manifesto do Día de Galicia (Tobío Fernández, 1933)—, ten como autor e tradutor 10 rexistros en *Worldcat* e 147 en *Iacobus*, entre eles as súas memorias (Tobío, 1994). Por último, Avelino Rodríguez Elías, o máis vello do grupo, xa era cónsul de Paraguai en Vigo no momento de publicar dous artigos en *Nós*. Ten obra dramática en galego así como traballos históricos destacados sobre Rande e a Reconquista de Vigo. Escribiu para o xornal *El País* no exilio en Asunción, onde morreu este «home sinxelo, home bô, e bon galego, é dino de lembranza» (Carré Alvarellos, 1958: 185).

Tamén son importantes os rastros dixitais en torno a Couceiro Freijomil, fecundo polígrafo eumés —ten máis de seis mil rexistros no *Worldcat* e 47 en *Dialnet*—. Este prestixioso ensaísta e xornalista, deixou pegada no eido da filoloxía por un dos temas no que foi especialista: a ortografía. En BILEGA recóllense 24 rexistros co seu nome como identificador. Trátase dalgúns retratos e de varios traballos de interese lingüístico contidos na homenaxe



feita polo primeiro centenario do seu nacemento (Homenaje 1990). Destaca como pioneiro na súa tentativa sistemática de análise e solución da cuestión ortográfica para a lingua galega, un labor que está na base das *Normas* do Seminario de Estudos Galegos (Monteagudo, 2003: 57).

Se temos que destacar unha especial pegada na Internet é a da lingüista alemá **Margot Spöner** (vid. retrato), tanto pola súa tese sobre documentos en galego medieval (Spöner, 1935) como pola súa vida de resistencia contra o nazismo en



Alemaña. O artigo publicado en *Nós* enviouno por invitación de Risco, quen a menciona no *Boletín* pouco antes como estudosa que se atopaba investigando en Galicia. En efecto, ela estivera en Galicia o ano anterior, o 1926, viaxando pola Galicia profunda e interior a cabalo dun burro, tomando notas sobre o terreo, ao estilo de Ramón Menéndez Pidal e María Goyri cando percorreron a topografía do Cid. Os rastros dixitais sobre Spöner e a súa obra multiplícanse a partir dos traballos de Figueroa sobre ela (Figueroa, 2013, 2017), especialmente a partir do seu delicioso libro, «un relato fragmentario e tamén emocionado» (Figueroa, 2017: 114), que foi premiado na categoría de Ensaio na *III Gala do libro galego*, en maio de 2018. Deste libro existen dous exemplares en Iacobus e é posible ler o primeiro capítulo desde o catálogo da casa editorial (pp. 13-25). Conta con dúas recensións (Lopo, 2018 e Maure, 2018), das que destaco a de Lopo, pois subliña moi acertadamente a proximidade cronolóxica entre os estudos de campo feitos por Margot Spöner e a segunda campaña fotográfica da estadounidense Ruth Matilda Anderson en Galicia, ao tempo que salienta a excepcionalidade da figura da profesora Spöner nun contexto universitario de misoxinia latente e medo ao pensamento libre. Efectivamente Figueroa narra como era o ambiente nos anos 20 na universidade berlinesa (Friedrich-Wilhems-Universität) e no *Romanisches Seminar*, no que ela facía o labor de acollida de intelectuais galegos ou de novos investigadores —Canedo Grille e Tobío Fernández, por exemplo, entre eles—, que ían alí para ser profesores de español, lingua que ela mesma ensinaba.

A tese *Altgalizische Urkunden* (documentos galegos antigos), primeira elaborada sobre o galego, foi defendida en 1935. Publicouse a primeira parte, unhas 80 páxinas escritas en castelán, un pouco antes da defensa (Spöner, 1934). Este foi o texto incluído en 2007 no TILG: transcripción de 156 documentos notariais de entre os anos 938-1494, case todos inéditos ata ese momento (55 de Lugo, 49 da Coruña, 20 de Pontevedra, 29 de Ourense e 3 de León) (BLG

2505). Estas transcricións constitúen «unha axuda impagable para encher lagoas documentais polo seu rigor» (Álvarez Blanco, 2020). Esperamos ver pronto a edición da tese completa, na que está a traballar o profesor Varela Barreiro (comunicación persoal). O relato que fai Figueroa, a partir da correspondencia de Sponer con Moll, do final da impresión da tese é unha historia emocionante, sobre todo para quen está a desenvolver un traballo de investigación. Ela tomara a decisión, non sabemos o motivo, de imprimir a súa tese en Palma de Mallorca, na imprenta de Fransesc de Borja Moll, quizais por buscar unha tipografía ao seu gusto, como a empregada por Menéndez Pidal, que era o seu modelo. Porén, tivo serios problemas para conseguir os tipos axeitados, por exemplo o til de nasalidade.

Sponer convértese nun fito destacado a partir de 2000. As referencias de interese filolóxico ao seu traballo son abundantes nas investigacións sobre o galego medieval, que non podemos recoller aquí na súa totalidade (por exemplo, Boullón Agrelo, 2004 ou Lorenzo, 2004). En canto ás referencias biográficas, hai retratos dela escritos pola biógrafa da súa irmá maior, chamada Hertha, unha física de grande renome e sona como científica (Vogt, 2001, 2007, 2011). Neles vemos que é moito o que se descoñece da vida de Margot, como tamén expón Figueroa: estes retratos son moi fragmentarios porque Sponer era unha loitadora na resistencia e tiña unha posición de esquerdas á que non conviña facer publicidade. Desde 2013 houbo unha explosión de referencias de carácter divulgativo, xa que a prensa se fixo eco das publicacións de Figueroa, desa saída do seu «esquecemento» (Nicolás, 2017). A partir destes retratos biográficos xa non hai dúbida de que a profesora Sponer foi expulsada da universidade en 1942 e «asasinada en Berlín o 27 de abril de 1945 polas súas actividades na resistencia clandestina antinazi» (RAG, 2015). Mais Margot Sponer segue viva pola importancia da súa aportación á lingua galega e a súa vitalidade chega ata hoxe: está escollida entre os puntos de interese da exposición homenaxe polo centenario, organizada pola Xunta de Galicia, na que se mostran dous exemplares da súa tese de doutoramento (Álvarez Blanco, 2020).

## Conclusións

Voume referir con brevidade aos dous aspectos polos que transitei no meu percorrido: a efectividade dos recursos bibliográficos en liña e a vitalidade da materia LINGÜÍSTICA en Nós. Resulta esencial ter en conta, en primeiro lugar, que as persoas usuarias dos recursos somos quen ocupa o lugar de maior importancia no proceso informativo: «en última instancia, es el ser humano [...] y su necesidad de disponer, organizar y sobre todo asimilar la información, quien origina y da sentido al proceso informativo-documental» (Martínez

Comeche, 2011: 30-31). Insístese con frecuencia nas carencias competenciais de principiantes e non tan principiantes no achegamento aos recursos bibliográficos. Ao meu modo de ver, é claro que se precisa dunha formación específica en competencias informacionais, mais non é menos relevante a necesidade de que os recursos bibliográficos se adapten e optimicen tendo sempre como obxectivo cubrir as nosas necesidades informativas nas mellores condicións, co mellor nivel de éxito e a maior celeridade posibles. No que se refire aos recursos da USC, por poñer o exemplo máis cercano, sería desexable mellorar as buscas de Iacobus e integrar as fontes de acceso en liña coas que non o teñen. Xa supuxo unha axuda inestimable a decisión de engadir aos rexistros do catálogo un acceso a Google Libros sempre que está dispoñible. Outra eiva desafortunada é o retraso na incorporación de referencias, que se deixa notar sobre todo en Dialnet, un recurso potente, ben deseñado e de base colaborativa, que ten carencias xusto nos anos máis recentes. A calidade de BILEGA e a utilidade dos RILG son incuestionables, pois acertadamente integran recursos a través da hipertextualidade e o traballo automático proporcionado polos motores de busca, amais de tratarse de recursos especializados.

Canto ao grao de vitalidade dos artigos e autores revisados, coído que a pegada do *Boletín* e da actividade intelectual e cultural que arrodeaba á xeración Nós, tamén na súa dedicación á lingüística galega, é máis que notable. Protagonistas e contidos, temas e polémicas, estamos ante un material que segue a constituír unha suxestiva fonte de inspiración para novas pescudas. Por fin, a presenza da revista *Nós*, e da materia LINGÜÍSTICA nela, estanse a ver fortemente revitalizadas neste mundo paralelo da virtualidade grazas ás accións desenvolvidas polo centenario, todas elas con repercusión na Internet e azos de pervivencia.

## Recursos [Consulta 19.02.2021]

- BDG = Biblioteca Dixital de Galicia. URL: <https://biblioteca.galiciiana.gal/es/inicio/inicio.cmd>
- BILEGA = *Bibliografía informatizada da lingua galega*. Recurso informático en liña. Versión 3. 2020. Dirección/Coordinación: Francisco García Gondar / Ramón Mariño Paz. URL: <https://www.cirp.es/w3/proxectos/proxecto-bilega.html>
- bUSCatermos. Aplicación de consulta dun corpus terminolóxico multilingüe centrado no galego, desenvolvido polo Servizo de Normalización Lingüística da USC. URL: <https://aplicacions.usc.es/buscatermos/publica/index.htm>
- BUSC = Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela. URL: <https://www.usc.es/gl/servizos/biblioteca/busc/index.html>
- Dialnet. Portal bibliográfico hispano coordinado pola Universidad de La Rioja e a Fundación Dialnet. URL: <https://dialnet.unirioja.es/>
- Galiciiana-Biblioteca dixital de Galicia. URL: <https://biblioteca.galiciiana.gal/gl/consulta/busqueda.do>
- Galipedia. Wikipedia en lingua galega. URL: <https://gl.wikipedia.org/wiki/Portada>
- Google académico. URL: <https://scholar.google.es/schhp?hl=es>
- Hemeroteca digital de la Biblioteca Nacional de España. URL: <http://hemerotecadigital.bne.es/index.vm>
- Iacobus. Catálogo en liña da BUSC. URL: [http://iacobus.usc.es/search\\*gag~S1](http://iacobus.usc.es/search*gag~S1)
- Minerva. Repositorio institucional da USC. URL: <https://biblioteca-usc.gal/guia/minerva/>
- reBUSCa. Portal de recursos bibliográficos en liña da BUSC. URL: <https://biblioteca-usc.gal/>
- Revista Nós. Portal de Galiciiana-Biblioteca dixital de Galicia. URL: <https://revistanos.galiciiana.gal/>
- RILG = *Recursos integrados da lingua galega*. Deseño e programación web: Xavier Gómez Guinovart. URL: <http://sli.uvigo.gal/RILG/index.php>
- TILG = *Tesouro informatizado da lingua galega* (Instituto da Lingua Galega). URL: <http://ilg.usc.gal/TILG/gl/tilg>
- Worldcat. Red de catálogos de bibliotecas do mundo. URL: <https://www.worldcat.org/>

## Referencias

- Álvarez Blanco, Rosario (2020). Tese de Margot Sponer. En Xunta de Galicia (2020) (152-153).
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2004). Catálogo dos documentos éditos en galego anteriores a 1260. *Cadernos de Lingua*, (26), 5-46.
- Bouza-Brey, Fermín (1929). Encol da Voz «magorrento». *Nós*, (70), 175.
- Bouza-Brey, Fermín (1931). Nomes galegos da «Dixitalis Purpúrea L.». *Nós*, (95), 204-205.
- Canedo, J. (1930a). Libredón e a súa historia. *Nós*, (83), 218-219.
- (1930b). A lingüística e o nazonalismo. *Nós*, (84), 236-239.
- Carré Alvarellos, Leandro (1958). Don Avelino Rodríguez Elías. *Boletín da Real Academia Galega*, (327-332), 183-185. Recuperado de <https://2012.academia.gal/boletins#paxinas.do?id=2475> [Consulta 17.02.2021].
- Couceiro Freijomil, Antonio (1925). Sobre o emprego do apóstrofo. *Nós*, (24), 5-8.
- Couceiro Freijomil, Antonio (1926). De certas adicións, supresións, troques y-enlaces de letras. *Nós*, (25), 7-9.
- Fernández-Oxea, Xosé Ramón (1970). Índice de materias. *Cincuentenario de Nós. Boletín mensual da cultura galega (1920-1970). Homenaxe da Real Academia Galega*, *Nós*, (145), 90-113.
- Figueroa, Antón (2013). Sobre Margot Sponer. *A Trabe de ouro*, (93), 17-32.
- Figueroa, Antón (2017). *Margot Sponer: Do galego antigo ás fronteiras da resistencia*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento. Recuperado de <https://bit.ly/37rWd8a> [Consulta 14.02.2021].
- García Gondar, Francisco (2003). *De re bibliographica: BILEGA entre os recursos sobre o galego e o portugués na Internet. Revista galega de filoloxía*, (4), 59-95.
- Gómez Canedo, Lino (1933). Notas pr-o estudo da toponimia compostelán. As ruas do Franco e da Raiña. *Nós*, (114), 144-145.
- Gómez Guinovart, Xavier (2017). Recursos integrados da lingua galega para a investigación lingüística. En Marta Negro Romero, Rosario Álvarez e Eduardo Moscoso Mato (Eds.), *Gallæcia. Estudos de lingüística portuguesa e galega (1045-1056)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Recuperado de <http://dx.doi.org/10.15304/cc.2017.1080.61> [Consulta 14.02.2021].
- Homenaxe (1990). *Homenaxe al polígrafo eumés Don Antonio Couceiro Freijomil en el primer centenario de su nacimiento, 1888-1988*. A Coruña: Deputación provincial.
- López Yepes, José e María Rosario Osuna Alarcón (Coords.) (2011). *Manual de Ciencias de la Información y Documentación*. Madrid: Pirámide.



- Lopo, María (2018). A ética insubmisiva de Margot Sponer. Recensión de Figueroa Lorenzana 2017. *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos*, (21), 457-459. Recuperado de <https://revistas.ucm.es/index.php/MADR/article/view/62630> [Consulta 08.02.2021].
- Lorenzo, Ramón (2004). Emerxencia e decadencia do galego escrito (séculos XIII-XVI). En *A lingua galega, historia e actualidade. Actas do I Congreso Internacional: Consello da Cultura Galega*, 27-153. Instituto da Lingua Galega.
- Martínez Comeche, Juan Antonio (2011). El proceso informativo-documental. En López Yepes e Osuna Alarcón (Coords.), *Manual de Ciencias de la Información y Documentación*. Madrid: Pirámide, 27-31.
- Martínez Lema, Paulo (2010). *A toponimia das comarcas de Bergantiños, Fisterra, Soneira e Xallas na documentación do Tombo de Toxos Outos (séculos XII-XIV)*. [Tese de doutoramento]. Universidade de Santiago de Compostela. En liña: <http://hdl.handle.net/10347/2870>
- Martínez Lema, Paulo (2017). Os estudos de onomástica en Galicia: da Idade Media aos nosos días. En *Gallæcia. Estudos de lingüística portuguesa e galega*, Universidade de Santiago de Compostela, 975-993. En liña: <http://dx.doi.org/10.15304/cc.2017.1080.56> [Consulta 08.02.2021].
- Maure, Xulián (2018). Margot Sponer, a primeira en transcribir documentos galegos. *Grial: revista galega de cultura*, (218), 90-91.
- Monteagudo, Henrique (2003). A demanda da norma. Avances, problemas e perspectivas no proceso de estandarización do idioma galego. En Monteagudo e Bouzada (Coords.), *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000): III. Elaboración e difusión da lingua*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 37-129.
- Monteagudo, Henrique e Xan M. Bouzada (Coords.) (2003). *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000): III. Elaboración e difusión da lingua*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Recuperado de <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=303> [Consulta: 15.02.2021].
- Nicolás, Ramón (2017, 14 de febreiro). A estudosa do galego á que mataron os nazis. Margot Sponer sae do silencio e a desmemoria, *La Voz de Galicia*, Fugas. Recuperado de <https://bit.ly/3ufEdrm> [Consulta 14.02.2021].
- Osuna Alarcón, María Rosario (2011). Las fuentes de información. Las fuentes de información documentales-bibliográficas. En López Yepes e Osuna Alarcón (Coords.), *Manual de Ciencias de la Información y Documentación*. Madrid: Pirámide, 243-258.
- Pedret Casado, Paulino (1935). Etimoloxías dalgús nomes xeográficos de «Queixumes dos pinos». *Nós*, (134), 31-33.
- Real Academia Galega (2015). Quen foi Margot Sponer. Actualidade3. Novas. 06/02/2015. Recuperado de <https://bit.ly/3ykTHLQ> [Consulta 14.02.2021]

- Rodríguez Elías, Avelino (1929). O termo «Confurco» ¿Cál é o seu orixe?. *Nós*, (65), 82-83.
- Sponer, Margot (1927). Algunhas notas dos meus estudos sobre filoloxía galega. *Nós*, (37), 2-3.
- Sponer, Margot (1934). Documentos antiguos de Galicia. *Anuari de l'Oficina Romànica de Lingüística i Literatura*, 7, 113-192.
- Sponer, Margot (1935). *Altgalizische Urkunden*. Inaugural Dissertation zur Erlangung der Doktorwürde Genehmigt. Berlín: Friedrich-Wilhelms Universität zu Berlin, Philosophischen Fakultät.
- Tobío Fernández, Lois (1931). A verba «Farxácola». *Nós*, (93), 170.
- Tobío Fernández, Lois (1933). Por qué debemos falar en galego. *Nós*, Suplementos (48), 2-8.
- Tobío Fernández, Lois (1994). *As décadas de T. L.* Sada: Edicións do Castro.
- Vogt, Annette (2001). Eine vergessene Widerstandskämpferin. Die Wissenschaftlerin Margot Sponer (1898-1945). *Berlinische Monatsschrift*, Heft 5/2001, Porträt, 57-61. Recuperado de <https://berlingeschichte.de/bms/bmstxt01/0105porb.htm> [Consulta 14.02.2021].
- Vogt, Annette (2007). Die Lehrbeauftragte Margot Sponer. En *Vom Hintereingang zum Hauptportal? Lise Meitner und ihre Kolleginnen an der Berliner Universität und in der Kaiser-Wilhelm-Gesellschaft*. Stuttgart: Franz Steiner.
- Vogt, Annette (2011). The Fate of Hertha's Sister, Margot Sponer. En Marie-Ann Maushart, *Hertha Sponer: A Woman's Life as a Physicist in the 20th Century «So you won't forget me»*. North Carolina: Department of Physics, Duke University, 139-146. Recuperado de <https://bit.ly/3biMKBe> [Consulta 19.02.2021].
- Xunta de Galicia (2020). *Galicia, de Nós a nós*. Catálogo da exposición organizada pola Xunta de Galicia enmarcada na programación cultural Xacobeo'21 coa participación da Deputación de Ourense. Xunta de Galicia. Recuperado de <https://www.cidadedacultura.gal/es/blog/en-linea-el-catalogo-de-la-exposicion-galicia-de-nos-nos> [Consulta 19.02.2021].





# 5

---

## A xeración Nós e a re-significación do idioma galego (1916-1926): de dialecto a lingua nacional

---

Henrique Monteagudo

O convite para reflexionar novamente sobre a xeración Nós apúxame a visitar a miña Tese de doutoramento, *Ideas e debates sobre a lingua (1916-1936)*. Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e a tradición galeguista, presentada en 1995. Unha parte desta quedou inédita, outra foi publicada fragmentariamente en distintos formatos, ou ben serviu de base para unha liña de traballo da que ofrezco testemuño na bibliografía final. Cabe salientar os capítulos sobre esa época da miña *Historia Social da Lingua Galega* (1º edición de 1999, 2º de 2017), en que moitos dos aspectos aquí tratados sumariamente son considerados con maior detemento. Vou tentar ofrecer unha síntese apertada dos aspectos que se relacionan coa defensa e ilustración do idioma galego por parte do galeguismo ou nacionalismo galego de entreguerras, que se desenvolveu desde a Iª Guerra Mundial ata a Guerra Civil española, un movemento político e cultural do que as figuras senlleiras do que hoxe chamamos xeración Nós foron os principais guieiros.

Nos estudos de historia social da lingua pódense distinguir tres planos de análise: consciencia ou cultura lingüística (significación social atribuída ás variedades lingüísticas e ao seu uso: prestixio, actitudes, ideoloxías), funcións comunicativas (contextos de uso do idioma: privados e informais / públicos e formais, oralidade / escrita... coas súas respectivas modalidades de discurso e tipos de texto específicos) e forma da lingua (elaboración e cultivo, codificación). Estes planos deben contemplarse no contexto histórico correspondente e en relación coa situación da respectiva comunidade lingüística, tendo en conta factores tales como demografía, economía, territorio e medio natural, etnicidade, cohesión, status e articulación cultural e política e relacións con outras comunidades.

Os devanditos planos interrelacionan dinamicamente: a forma da lingua muda dependendo das funcións comunicativas desta, e á súa vez a utilización da lingua nunhas ou outras funcións e mesmo as modalidades de elaboración da lingua, son cuestións que están estreitamente relacionadas con determinados estadios de consciencia metalingüística da comunidade. Así, as linguas desenvólvense, ou pola contra, repréganse; son construídas ou destituídas... Por parte, as relacións entre a elaboración, o uso e a cultura lingüística non son mecánicas, senón que interaxen dialecticamente dun xeito complexo. Por iso, comprender os procesos de configuración da cultura lingüística e as súas interrelacións co uso e a elaboración das linguas son tarefas esgrevias, que non se poden abordar unicamente coas ferramentas da lingüística convencional.



Figura 1. Cartaz anunciando a publicación de *Un ollo de vidro*, deseñado por Castelao, 1922.

O que me propoño, pois, é analizar a radical transformación da consciencia lingüística galega (de certos sectores da sociedade galega), en particular, da representación social do idioma galego, durante o período 1916-36, e mais as conexións entre esta transformación e a asignación de novas funcións ao idioma, cos inevitables axustes formais que este experimentou. En todo isto, o

papel do galeguismo foi crucial: a chave do seu labor neste ámbito consistiu en re-significar o idioma galego (desprestixado e degradado á condición dialectal) atribuíndolle a condición de *lingua nacional*, cuestionando a diglosia social e funcional que o subordinaba ao castelán e o condenaba a un proceso de substitución lingüística daquela aínda lento, pero xa en perceptible aceleración.

Na visión dos galeguistas da época, para se converter nunha lingua nacional o galego tiña que ser empregado nunha serie de funcións comunicativas das que se atopaba excluído (usos públicos e formais propios da sociedade moderna, en particular, nunha esfera pública en crecente expansión), e para cubrir esas funcións o propio «instrumento» lingüístico precisaba experimentar unha fonda adaptación. Isto é, como lingua nacional o galego tiña que conseguir a plenifuncionalidade e a estandarización (dotarse dunha variedade culta normativa, na fala e na escrita); en definitiva, tiña que *modernizarse*. Iremos vendo, dun xeito moi sintético, o camiño percorrido para achegarse a eses obxectivos de longo alcance.

## **Nacionalismo, lingua e estado. O contexto español**

O vencellamento ao Estado e ás institucións oficiais e o seu emprego como vehículo de instrución escolar e na esfera pública, máis ca o cultivo literario (con ser este importante), son os atributos fundamentais que outorgan completa *lingüicidade* a un idioma, isto é, que condicionan o seu recoñecemento como *lingua normal*. Nas sociedades modernas de Occidente, tal vencellamento está adoito indisolublemente ligado á constelación ideolóxica que rodea o concepto de *nación*. No caso español o proceso de modernización do estado, foi correlativo co da súa nacionalización, que implicou a centralización dos seus aparatos administrativos e dos centros de decisión política, da que se derivou unha política tendente á uniformización lingüístico-cultural da poboación, en particular, das comunidades con lingua propia. Isto traducíuse nunha política lingüística castelanizadora, despregada en disposicións legais cada vez máis explícitas e máis coercitivas, destinadas a impoñer o castelán como lingua nacional (HM 1999a, 289-325 e 2013b). A ditadura de Primo de Rivera foi particularmente represiva, ao pretender acelerar o proceso de nacionalización de España por unha vía autoritaria, tamén no aspecto lingüístico. Ao longo dese proceso, o castelán / español foi consagrado como lingua nacional, e isto significaba única lingua lexítima no ámbito oficial e no espazo público, con exclusión dos ‘idiomas rexionais’. En definitiva, o que resulta indubidable é que a cuestión lingüística, suscitada inicialmente nos mediados do século XIX no plano cultural e literario pola Renaixença catalá e o Rexurdimento galego, foi politizándose progresivamente a finais dese século e nas primeiras décadas do XX.



Figura 2. Elección de Ramón Otero Pedrayo como presidente do Seminario de Estudos Galegos, 30 de maio, 1936 (foto da web da Fundación Otero Pedrayo).

A uniformización lingüística, impulsada polo estado pero asumida por múltiples instancias sociais (en primeiro lugar, a burguesía liberal cos seus ámbitos de socialización co seu dominio sobre unha emerxente esfera pública) xustificouse por diversas razóns: *prácticas* (simplicidade da administración, facilidades para a comunicación e o comercio entre as distintas rexións do Estado), *políticas* e *instrumentais* (fomento da participación da poboación na vida política, integración desta no sistema e na cultura nacional), *lingüísticas* e *culturais* (o castelán como «síntese» das distintas variedades peninsulares, como lingua máis evolucionada e axeitada para a vida moderna, máis fina e educada, dotada dunha rica tradición literaria) e *ideolóxicas* en senso amplo (tendencia á unificación da humanidade como condición para o progreso material), e tamén en senso estrito (o castelán como lingua nacional, unificadora dos distintos pobos de España e garantía da igualdade dos cidadáns). Nas situacións de diglosia e da asimilación lingüística, o político, o social e o cultural van sempre da man, de modo que deben ser considerados de xeito conxunto.

De feito, a chamada *Generación del '98* realizara unha achega decisiva nos planos cultural e ideolóxico á formulación dun nacionalismo español netamente castelanista. Tampouco é desprezable o papel que xogou a Real Academia Española, sempre vixiante contra calquera avance no recoñecemento das «linguas rexionais». Tan é así, que a faísca que se atopa na xénese

das Irmandades da Fala é unha polémica xurdida co gallo dunha proposta de oficialización do catalán presentada pola Lliga Regionalista no Parlamento español, que provocou unha virulenta reacción da RAE, reclamando do goberno medidas de fomento do idioma oficial («el santo dialecto castellano» «verbo de España, como nación una e intangible»), que a súa vez deu azo a unha feroz réplica de Aurelio Ribalta na súa revista *Estudios Gallegos*, editada en Madrid (HM 1995a, 21-27).

Nese contexto, a contribución específica da nacente e axiña puxante Lingüística española das primeiras décadas do século XX consistiu en ofrecer unha fundamentación «científica»

á hexemonía do castelán, ben nos termos bioloxistas-darwinistas de Miguel de Unamuno, ben nos historicistas, socioloxistas e culturalistas de Ramón Menéndez Pidal. Ambos os dous tiveron un grande protagonismo na lexitimación do castelán como idioma nacional de España, o primeiro nunha orientación belixerante e ferreamente monolingüista, o segundo cunha actitude máis concesiva e aberta ao bilingüismo (HM 1996c, 2000a, 2013b e 2015). Pero ao mesmo tempo, os avances no coñecemento da historia lingüística peninsular tiveron un efecto contraproducente, pois ofreceron elementos sólidos para deslexitimar o castelán como lingua «síntese»

dunhas variedades lingüísticas peninsulares que se viñeran contemplando (polo menos no caso do galego) como vencelladas desde a súa orixe a aquel (HM 2000c). Tornaremos sobre isto.

## **O galego, idioma nacional: da galeguización do ensino á oficialización**

Nas primeiras décadas do século, Galicia era un país basicamente rural: a poboación campesiña e mariñeira era esmagadoramente maioritaria, na súa práctica totalidade monolingüe en galego e en boa parte analfabeta. O excedente demográfico canalizábase cara ao exterior mediante a emigración a América, o cal, se por unha banda drenaba a base demográfica da comunidade falante, por outra banda daba a ocasión para o afloramento nas colectividade de alén mar dunha identidade galega diferenciada, cun notable efecto de rebote sobre a consciencia identitaria da poboación da metrópole (HM 2001, 117-18). Personaxes clave do galeguismo da época viviron marcantes experiencias emigratorias, en América ou en Madrid: desde M. Lugrís Freire (1863-1940) ata A. Vilar Ponte (1881-1936) ou o citado A. Ribalta (1864-1940), pasando por R. Cabanillas (1876-1959), E. Blanco-Amor (1897-1979) e un longo etcétera.



As estadías de estudo en Madrid de persoeiros como R. Vilar Ponte, J. Vicente Viqueira, R. Otero Pedrayo, V. Risco ou o propio Castelaou responden a outro tipo de estrañamento da terra, pero tamén no seu caso este desencadeou nun prazo máis ou menos curto un efecto de auto-recoñecemento. As estadías dun Antón Lousada Diéguez en Euskadi ou dun Manuel Portela Valladares en Cataluña responden a un padrón especial, pero con efectos similares. A todos eles aconteceulles como tantos outros europeos de diversas procedencias étnicas que «descubriron» a súa identidade nacional co gallo do seu alleamento da terra de orixe.

Por parte, algúns centros urbanos galegos (nomeadamente, A Coruña e Vigo) exercían como polos de atracción. Naquelas condicións, aos comezos do século XX, o país parecía abocado a experimentar un proceso de modernización supeditado ao centro do Estado, o que o condenaba a unha posición periférica da que parecía derivarse inexorablemente a súa asimilación lingüístico-cultural. O galeguismo tentou dar unha resposta alternativa a ese proceso: a aposta pola modernización auto-centrada, preservando e actualizando unha identidade distintiva. Unha compoñente clave desta era o idioma, que, aínda que falado pola inmensa maioría da poboación, posuía unha tradición literaria moi recente, escasa e extremadamente feble, que non compensaba nin de lonxe o seu profundo desprestixio social. De aí a importancia que adquiriu o referente portugués, ao que nos referiremos máis adiante.

Esa resposta galeguista na procura dunha modernización auto-centrada constituíu o grande reto das Irmandades da Fala, un fenómeno principalmente urbano, co epicentro na cidade da Coruña, e protagonizado por unha pequena burguesía (profesionais, intelectuais e artistas, artesáns, pequenos comerciantes) que conservaba estreitos vencellos co mundo rural de onde procedía. Establecidos na vila ou na cidade, eses sectores confrontaban un dilema: ou continuar alimentando inercialmente o proceso de asimilación lingüístico-cultural, ou tentar abrir un camiño propio, de (re)construción afirmativa dunha identidade galega. Foi así que, como reacción de sectores das elites aculturadas de Galicia á presión centralizadora do estado, e apoiándose na voga de novos paradigmas ideolóxicos (novecentismo, modernismo, renacer das nacionalidades...), rebentou un cultivo do galego que primeiro apareceu como modestamente complementario da lingua dominante, pero que acabou por presentarse cada vez con máis decisión como concorrente e competidor con esta, ata o punto de que se chegou a pretender que o «dialecto» do país, ata entón estigmatizado, emulase ao idioma hexemónico do estado e se convertese nunha lingua nacional.

Os avances no coñecemento da historia da lingua (que en Galicia foron moi modestos, pero que en Portugal progresaron con maior decisión), contribuíron decisivamente a modificar a imaxe desta, e con ela, a robustecer a

consciencia lingüística, senón do país, polo menos dun sector significativo da súa intelectualidade. Así, o descubrimento e a conseguinte difusión da literatura medieval en galego (en particular, da prestixiosa lírica trobadoresca), que se verificou no último cuartel do século XIX, contribuíron poderosamente a dotar de *historicidade* ao galego, un atributo sumamente prestixiante. Ao mesmo tempo, unha nova visión da historia lingüística peninsular, que veu da man da implantación dun paradigma científico emerxente (a Lingüística histórico-comparada), na cal o galego aparece vencellado pola súa orixe común ao portugués, formando unha rama distinta ao castelán, ofreceu un apoio importante á reivindicación da *lingüicidade* do galego: agora, este non era un arcaico dialecto español, estancado na fase medieval (unha especie de 'pai' ou 'parente vello' do castelán); pero ademais, se o seu irmán, o portugués, se convertera nunha lingua nacional moderna en Portugal e Brasil, o galego tamén podía aspirar a selo, e sería máis doado de conseguilo apoiándose naquel. Quer dicir, as causas da subordinación e decadencia do galego non había que buscalas dentro do idioma, senón fóra del, nos condicionamentos históricos. O portugués ofrecíase como un referente de modernidade idiomática e de normalidade sociocultural. Ao tempo, o catalán aparecía como un exemplo para avanzar nese camiño superando a subordinación.

Foi así que os sectores máis avanzados da intelectualidade galega se atreveron a cuestionar por primeira vez o que comezaran a percibir como *interposición* do castelán. Para medrar como lingua nacional moderna, o galego tiña que ceibarse da subordinación ao castelán e isto implicaba que a cultura galega debía dialogar sen intermediarios coas outras culturas do mundo, nomeadamente, coas europeas. De aí o lema de «Galiza, célula de universalidade»

As elites aculturadas no idioma e a cultura dominantes ían esforzarse por transferir os recursos e habilidades obtidas desa aculturación en proveito da rehabilitación do idioma e a cultura subalternos, que agora estimaban como propios.

A reivindicación do uso do galego en funcións nacionais comezou polo ensino, ben que ao comezo foi extremadamente tímida (HM 1999a, 437-75). As principais achegas nese terreo proviñeron de Viqueira («Nosos problemas educativos», 1918) e moi especialmente Risco, cando, en resposta a un encargo que lle fixo a IIIª Asemblea Nacionalista (Vigo, 1921) elaborou un «Plan pedagógico pr'a galeguización das escolas». Unha realización illada, pero moi notable, foron as Escolas do Ensino Galego, que funcionaron desde 1924 ata 1930 na Coruña, inspiradas por Ánxel Casal e impulsadas pola Irmandade da Fala local. A forte estigmatización social do idioma, reforzada por un clima socio-político extremadamente coercitivo (Ditadura de Primo de Rivera) influíu sen dúbida no carácter cauteloso das propostas. Pero tamén influíu decisivamente a avaliación das escasas posibilidades que ofrecía o precario sistema



educativo da España da Restauración tanto para unha efectiva capacitación lingüística en dúas linguas canto verbo da súa utilidade como instrumento de asimilación lingüística a prol da lingua dominante. O que si percibiron os galeguistas foi o efecto profundamente deslexitimador da marxinación do galego do sistema educativo, efecto que se pretendeu compensar reclamando un espazo na escola, aínda que fose modesto, para a lingua do país.

As posibilidades que abriu a IIª República tentaron aproveitarse desde o comezo e con todo empeño, pero os galeguistas só a finais do período republicano gañaron o suficiente consenso para arrincarlles concesións e parcelas de autonomía a uns poderes centrais que só estaban dispostos a ceder o imprescindible nunha estratexia de contención. Hai que lembrar que a Constitución da IIª República (1931) foi a primeira de España que consagrou explicitamente, no seu artigo 4º, a oficialidade do castelán, pero ao tempo abría a porta para o recoñecemento da oficialidade das linguas «rexionais». A discusión deste artigo, un dos máis disputados do proxecto constitucional (HM 2013b), deu lugar a un célebre debate parlamentario entre Castelao e Unamuno (HM 1996c), rematado cunha brillante intervención de Otero Pedrayo en defensa do galego. Por parte, o propio Castelao relata as infrutuosas xestións (sen ocultar a súa frustración) que fixeron os deputados galeguistas perante o Ministro de educación do primeiro goberno republicano, Marcelino Domingo, para que se estendesen a Galicia os beneficios do Decreto de bilingüismo outorgado a Cataluña por este goberno aos poucos días de proclamada a República, e como tamén nos anos seguintes caeron en baluto as solicitudes de establecer cadeiras de lingua galega nas escolas normais (*Sempre en Galiza*, Libro I, capítulos XXIII-XXV e Libro II, cap. XXIV; véxase HM 2004, 145-152 e 169-72).

Os debates arredor do Estatuto de Autonomía (1931-32), e en concreto verbo da oficialización do galego, mostraron que o inimigo non estaba soamente en Madrid, senón tamén na propia Galicia. Analogamente ao sucedido coa Constitución republicana, a cuestión da oficialidade do idioma foi das máis discutidas, e con máis paixón, no proceloso proceso autonómico: a encarnizada polémica entre Alexandre Bóveda e Santiago Montero Díaz cando a discusión da oficialidade do galego na prensa da época e na propia asemblea autonomista é elocuente testemuña disto (HM 2004, especialmente pp. 188-94). As tentativas de vencellar a cuestión lingüística coa dos empregos, reservando postos da administración pública e do ensino para os nativos do país con capacidade de falar galego, parece que, polo menos en principio, non produciron os efectos desexados. Boa parte do maxisterio, incluso o de conviccións inequivocamente republicanas e socialistas, mantivo unha posición inicial reticente ante a introdución do galego no ensino (e tamén en relación coa propia autonomía de Galicia). A maior parte da prensa (*La Voz de Galicia*, *Faro de Vigo*, a revista *Vida gallega*), coas excepcións consabidas

(nomeadamente, o diario máis importante e interesante do período, o vigués *El Pueblo Gallego*) tamén mantivo unha actitude escasamente receptiva, cando non abertamente belixerante, verbo da oficialización do galego.

Xa que logo, en varias das propostas para a elaboración do proxecto de Estatuto de Autonomía presentadas en 1931, reservábase unha posición para o galego de simple tolerancia ou semi-oficialidade. Así, nas *Bases para un Anteproyecto de Estatuto* do Secretariado de Galicia en Madrid lese: «el llamado bilingüismo escolar y la llamada cooficialidad de lenguas española y regionales serían cosa francamente perjudicial para Galicia». Similarmente, as *Bases* do Instituto de Estudios Gallegos prevían: «Se declarará el libre uso de los idiomas gallego y castellano, reconociendo la necesidad de difundir y fomentar la lengua castellana en la población rural de este territorio, que ofrece un gran contingente migratoria a las Repúblicas americanas». De feito, tanto a primeira proposta coma a segunda mostran máis preocupación por garantir a difusión do castelán ca de promover o estatuto do galego.

E, significativamente, a emigración a América (nun contexto en que a expectativa da emigración cara á América castelanófona que se erguía como horizonte vital, non xa de promoción social, senón de mera supervivencia, para unha boa parte da comunidade galego-falante) foi un dos argumentos esgrimidos con maior frecuencia e eficacia na defensa desta posición (HM 1995a, 194-95, 202). Tanto, que no seu vibrante discurso nas Cortes constituíntes en defensa do galego, Castelao afirmou ao respecto: «ya que se habla de la emigración, es preciso decir que los galleguistas aspiramos a una cosa: a suprimir la necesidad de emigrar» (HM 2000b, 41). Finalmente, no artigo nº 4 do proxecto do Estatuto establecíase a (co)oficialidade do galeg: «Serán idiomas oficiales en Galicia, el castellano y el gallego [...] Los funcionarios que se designen para actuar en la Región deberán acreditar conocimiento de la lengua gallega». Tratábase, sen dúbida, dunha conquista histórica, imposible de imaxinar sen o labor previo das Irmandades da Fala.



Figura 3. Grupo de traballo de campo do Seminario de Estudos Galegos na terra de Deza, xuño 1934.

Por parte, durante o réxime republicano foron especialmente conspicuos os esforzos do galeguismo por influír na Universidade, para o que se contaba co precedente que supuxera a creación do Seminario de Estudos Galegos durante a ditadura, pois este organismo abría unha vía de aproximación entre os círculos galeguistas e o mundo universitario. De feito, do período republicano datan o propio concepto e as primeiras propostas programáticas e mobilizacións estudantís a prol da galeguización da Universidade, cun papel moi destacado dun xove líder galeguista, Francisco Fernández del Riego (HM 1996a e 2013a). Tamén foron dignas de nota as iniciativas para influír nas Escolas de Maxisterio, que comezaban a dar os seus froitos contra o final da República. Resultados menos tanxibles tiveron as iniciativas cara á galeguización do rezo e a predicación, a pensar do peso do compoñente católico nas ringleiras galeguistas, posto de manifesto na notable revista *Logos*.

### **A modernización do idioma. Cultivo e codificación**

Bastante máis sucedidas resultaron as empresas culturais inspiradas polas Irmandades. Os galeguistas decatáronse da necesidade de cultivar o galego en prosa para satisfacer as súas propias necesidades comunicativas (prensa, prosa didáctica e doutrinal, ensaio) e a demanda dunha literatura moderna

(narrativa) (HM 1995b). Así mesmo, foron plenamente conscientes da conveniencia de impulsar un teatro galego axeitado aos gustos da sociedade urbana, que contribuíse a dignificar a lingua facendo visible ao público o galego culto. Como antes dixemos, no primeiro terreo xurdiron distintas empresas editoriais e publicacións periódicas, mentres que tamén se lanzaron iniciativas para encher os baleiros no segundo: Conservatorio Nacional de Arte Galego, Escola Dramática Galega, grupos de teatro universitarios.

Nos seguintes cadro e gráfico presentamos de xeito panorámico a produción de títulos en galego durante o período considerado, clasificados por xéneros: poesía, prosa non ficcional (NF), teatro e narrativa (véxase HM 1999a: 499-505). Como se bota de ver, as cifras son moi modestas (a media é de dezaseis títulos por ano), pero supuñan un incremento moi considerable sobre as etapas anteriores: por sinal, en 1915 só saíran seis títulos, no ano seguinte catro, e en 1917 unicamente sete. O período máis fértil en produción é o 1925-30, coincidindo coa Ditadura primorriverista e o repregamento obrigado do galeguismo ao labor cultural.

	1915-18	1919-21	1922-24	1925-27	1928-30	1931-33	1934-36	TOTAL
POESÍA	16	11	13	21	28	15	11	115
PROSA NF	5	5	2	6	16	25	9	68
TEATRO	5	10	10	6	14	6	7	58
NARRATIVA	2	10	14	39	12	7	11	95
TOTAL /ANOS	28	36	39	72	70	53	38	336

Cadro 1. Número de títulos editados en galego (1915-36). Elaboración propia a partir do catálogo *O libro galego onte e hoxe* (Santiago: Universidade, 1981). Agrupamos en series de tres anos, agás a primeira, que ten catro (1915-18). Ofrecemos datos meramente aproximativos, sen distinguir folletos de volumes




Gráfico 1. Evolución da produción de títulos en lingua galega de 1915 a 1936

É claro o incremento do cultivo do teatro e a narrativa, obxectivo programático das Irmandades, xa notable nos anos 1919-21 (vinte títulos), visible en 1922-24 (vintecatro títulos); nos anos 1925-27, a narrativa é o xénero que ofrece máis títulos. Téñase en conta que entre 1924 e 1928 a colección Lar editou ela soa corenta títulos de narrativa; pero esta iniciativa de divulgación popular xa viñera precedida pola colección Terra A Nosa (editada polo xornal *El Noroeste*), con dezaseis entregas en 1919 e pola editorial Céltiga, que editou trece títulos en 1922-23. Desde 1927 ata 1936, o axente principal da edición en galego será a editorial Nós, dirixida por Ánxel Casal, que acabou facéndose cargo da revista do mesmo nome, a cal tamén deu ao prelo unha importante serie de suplementos divulgativos. A evolución da prosa non ficcional é lenta, pero en 1928-30 xa é o segundo xénero máis cultivado, e chega a ser o primeiro no período 1931-33, coincidindo co arranque da IIª República. A achega do Seminario de Estudos Galegos, que desde 1927 publica un anuario científico (*Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*) é fundamental nese eido.

En definitiva, segundo a proposta de Heinz Kloss para medir a elaboración de unha lingua (*Ausbau*), no período de entreguerras avanzouse no nivel II (*poesía e narrativa*) e atinxíronse os niveis III (*prosa oral, discurso formal*) e IV (*prosa non literaria impresa*). O último nivel representaría a fase crucial do proceso de *Ausbau*, e o propio Kloss propón medir o desenvolvemento deste mediante unha retícula na que no eixo horizontal se colocan tres grupos de temas –nacionais (N: específicos da comunidade lingüística), humanísticos (H: de alcance máis amplo), e científico-técnicos (C: saberes internacionais estandarizados)–, mentres que no eixo vertical se clasifican os textos polo seu nivel de especialización: básicos (B: de carácter elemental, pedagóxico), divulgativos (D: dirixidos a un público culto) e especializados (E: escritos por e para expertos na materia). A retícula tería esta forma, cos números indicando unha posible secuencia progresiva (de menos a máis) no proceso de *Ausbau*:

	N	H	C
E	5	7	9
D	2	4	8
B	1	3	6

Gráfico 2. Retícula de Kloss. N = obras de tema nacional, H = obras de asunto humanístico, C = obras científico-técnicas. B = textos de carácter básico, D = textos divulgativos, E = textos especializados

No período de entreguerras, o galego asentouse claramente nas caixas 1-2-3 (existían precedentes, aínda que escasos, unicamente para a 1), comezou a exercitarse nas 4-5-6 e asomouse timidamente á 7. O avance, conseguido en pouco tempo, foi enorme.



No ámbito das institucións públicas non estatais, as Irmandades tentaron compensar a inercia da Real Academia Galega canto á promoción do uso da lingua, o fomento dos estudos lingüísticos e a codificación do idioma (HM 2006), co dinamismo dunha institución nada ás portas da Dictadura de Primo de Rivera (1923): o Seminario de Estudos Galegos (SEG) (HM 2017). Endebén, o SEG, soamente foi plenamente efectivo só no primeiro dos aspectos mencionados, pois a carencia de apoio público para a constitución dunha Lingüística galega (que necesariamente tiña que se dar no ámbito universitario) revelouose como unha eiva insuperable, e isto pola súa vez supuxo un atranco importante para o establecemento dunha autoridade lingüística incontestada que canalizase a evolución, máis ben caótica, do galego culto.

Os contributos, máis entusiastas ca sólidos, de amadores como M. Lugrís Freire (*Gramática do idioma galego*, 1922; 2º ed. 1931) ou L. Carré Alvarellos (*Diccionario galego-castelán*, 1928; 2º ed. 1933), puideron servir de orientación. Emporiso, a achega máis substancial proveu do competente Antonio Couceiro Freixomil (*Ortografía gallega. Bases para su unificación*, 1929 e *El idioma gallego: historia, gramática, literatura*, 1935), a quen, así e todo, non favoreceu o seu distanciamento verbo da intelligentsia galeguista (véxase o seu artigo «Minucias filológicas. Sobre el último libro de Otero Pedrayo», *El Pueblo Gallego*, 1928) (HM 2017). Sexa como for, Couceiro Freixomil soubo fornecer unhas bases que serviron de esteo para que o SEG iniciase o labor de codificación (*Algunhas normas para a unificación do idioma galego*, 1933; cunha *Engádega* publicada en 1939), na que foi a primeira tentativa institucional de normativización da lingua, aprobada xustamente en pleno proceso autonómico (o galego oficial requiría normas) e en xeral ben acollida, aínda que, dado o corte brutal de 1936, non tivo tempo de consolidarse e implantarse.



Figura 4. Homenaxe a Rosalía de Castro na Alameda de Santiago, polas Mocidades Galeguistas, probablemente, despois da «Noite das Arengas»

(25, xullo, 1935). Entre outros, Ramón Piñeiro (fondo Ramón Piñeiro / Fundación Penzol).

En xeral, estaba estendida a convicción de que a regularización e estabilización do galego escrito era conveniente e necesaria, aínda que había quen consideraba que a «unificación da lingua» non era unha prioridade (R. Vilar Ponte). A estratexia identificadora máis característica do período, sobredeterminada pola forte ligazón entre as reivindicacións lingüísticas e o nacionalismo, consistiu no diferencialismo (*enxebrismo*). O diferencialismo representou unha saída a un problema que se presentaba ao galego escrito non doado de resolver: o cultivo da prosa, especialmente non literaria, esixía un masivo arrequeamento da lingua, o que se traducía nunha aceptación dunha morea de palabras cultas indistinguibles (ou case) do castelán –de feito, das outras linguas de cultura veciñas, pero o relevante era este (véxase



o texto de V. Risco, «A evolución do galego e os seus críticos», *Céltiga*, 1926). Isto provocaba unha aproximación do galego ao idioma dominante que, a ollos dos galeguistas, militaba en contra precisamente da reafirmación da súa identidade idiomática. Cumpría marcar distancias co castelán, e os cultismos apuxaban en senso contrario. Os procedementos para afrontar este problema foron varios: o recurso ao vizoso patrimonio léxico dialectal (mediante a súa intelectualización, como veremos), o apoio no portugués e noutras linguas de cultura, a (sobre)vernacularización dos cultismos e a marxinación ou (hiper)galeguización do vocabulario común co castelán (HM 2003a).



Figura 5. Homenaxe a Castelao en Lugo, 1932.

Endebén, a orientación do galego culto foi motivo de controversias moi acesas na prensa, máis vivas conforme se incrementaba o cultivo do idioma, pero que foron amainando cando comezou a albiscarse a posibilidade da súa oficialización. En concreto, estouparon tres polémicas ortográficas (HM 1995a: 470-540 e 2002): na primeira (1919), desenvolvida nas páxinas d' *A nosa terra*, discutiuse basicamente sobre ortografía; na segunda (1925-26) ampliáronse o abano de asuntos a debate (morfoloxía e léxico) e acrecentouse o eco público, pois saltou d' *A nosa terra* ao diario *El Pueblo Gallego* (que incluso creou unha sección específica para estes debates, «Tribúa da fala»); a resultas da terceira (1928-29), o asunto pasou a ser abordado no Seminario de Estudos, que creou unha comisión que, a partir do devandito traballo de Couceiro Freijomil, elaboraría as *Normas* aprobadas en 1933. Sen dúbida, este foi outro fito na historia da lingua.

Así, canto á grafía, confrontáronse posicións foneticistas, que posuían poucos antecedentes pero eran defendidas con vigor por A. Ribalta; posicións etimoloxistas (J. Carballeira, M. Portela Valladares, R. Dieste), en parte confundidas coas lusófilas (J. Vicente Viqueira, A. Vilar Ponte, E. Correa Calderón); e defensores da ortografía usual (L. Carré), que así e todo en xeral se manifestaban partidarios da súa simplificación (non así V. Risco, que oscilou entre tradicionalismo e etimoloxismo). Outro campo de batalla constituíuno a morfoloxía, na que se enfrontaban unha maioría de partidarios de proceder a unha regularización e unificación o máis completas posible e os defensores de non eliminar da escrita a variedade dialectal (outra vez Risco). Destarte, fóronse definidos tres orientacións verbo do cultivo do galego (Fernández Salgado / HM 1995: 133-140 e HM 2003a: 52-60): (a) unha *populista*, partidaria de non afastarse do galego popular; (b) outra *cultista*, que se apoiaba na tradición literaria anterior, aínda que depurada e simplificada; (c) e outra *reintegracionista*, marcadamente elitista e partidaria do achegamento ao portugués.

Detrás de tódalas tendencias devanditas, estaban a actuar, como antes sinalamos, o purismo diferencialista que abocaba ao enxebrismo, exemplo elocuente de influencia da cultura lingüística no proceso de elaboración do idioma. O fondo léxico dos falares populares galegos foi explorado a fondo, o que dotou o galego culto dunha fasquía distintivamente vernacular (véxase o texto de A. Losada Diéguez, «Encol da prosa galega», publicado en *Nós*). Nese sentido, na escrita da época operouse unha intensa *intelectualización* do idioma, inevitable nos novos tipos de texto en que o galego se comezaba a exercitar –a prosa non ficcional, que chega a atinxir un nivel de abstracción e un grao de complexidade moi notables– e que implicou a recreación semántica do léxico patrimonial: por extensión metafórica, moitos vocábulos cun significado material pasan a referirse a entidades inmateriais (HM 1991 e 2003b). A escrita castelaiana é unha espléndida testemuña das liñas xerais da evolución da corrente central da elaboración do galego na época, unha corrente predominantemente populista, que fundamenta as súas escollas na lingua falada polo pobo e que se esforza por seguir a liña da tradición literaria contemporánea, pero que non por iso está pechada ás achegas arcaizantes, lusitanizantes e en xeral foráneas (sobre todo do catalán, o francés e o italiano), e que en definitiva progresou no camiño da simplificación gráfica e de progresiva autonomización do rexistro escrito verbo do discurso oral e dunha maior esixencia no terreo da depuración (HM 1999b).

## A xeito de balance

Finalmente, se facemos balance das motivacións ideolóxicas que latexan detrás da reivindicación do galego, necesariamente observaremos as tensións que remanecen das contradicións entre a *Natura*, que se invoca como lexitimación da nación en estadio pre-político, e a *Cultura* que se aspira a construír; da presentación da promoción da lingua como a restauración dun pasado glorioso e da obsesión pola historia pasada, en contraste co atrevemento futurista que cómpre para cultivalo e modernizalo; da explotación da lingua vernácula como elemento pasivamente diferenciador con respecto ao castelán fronte a chamada a convertela nun factor activamente unificador do pobo galego, finalmente, da caracterización do *Volksgeist* galego como céltico e ao mesmo tempo o erguemento dunha lingua neolatina como bandeira identificadora da comunidade. Así, o discurso a prol da rehabilitación da lingua galega presenta uns perfís bastante difusos, pois segundo os autores e incluso segundo distintos textos do mesmo autor, esta ofrécesenos como conformadora da visión do mundo dos galegos ou ben como expresión desta visión, ou aínda como símbolo externo da comunidade nacional que a liga ao seu pasado e a vencella no presente. Por parte, ás veces dísenos que é a sintaxe a clave da súa orixinalidade, outras veces que é a súa fonética ou mesmo algún outro risco inaprensible.



Figura 6. Conferencia de Francisco Fernández del Riego, en Santiago, 1934ca. (Fondo Francisco Fernández del Riego / Concello de Vigo).

De qualquer modo, embora as credenciais de inicial irreverência de Ferro, junto com a certa afabilidade de carácter, que foram servindo para atrair *artistas modernos* – e em breve melhor os domesticar, que diria Rosmaninho –, se possam ver como uma fase atraçoada na linha do tempo, é um período coeso e não nos cabe agora considerar os ulteriores comportamentos nem avaliar supostas viragens, que no caso galego também poderiam render bastantes

contrastes. Para além de que se poderão achar argumentadas estimacões contrárias, diferenciando até campos artísticos: «Ferro nunca deixou de se revelar um activo defensor do modernismo, particularmente no campo das artes plásticas, facto que também nos ajuda a compreender os compromissos estéticos defendidos pelo Secretariado» (Victorino, 2016: 127).



Figura 8. António (Joaquim Tavares) Ferro, como Diretor do Secretariado de Propaganda Nacional (SPN) e do Secretariado Nacional de Informação (SNI), entre 1933-1949, num passeio com o ditador português António Oliveira Salazar (Fonte: <https://reportersombra.com/antonio-ferro-senhor-do-regime-senhor-das-artes>).

Seja como for, insisto em que as credenciais de modernista de Ferro, na primeira época do seu percurso literário, a da *experiência vanguardista* e o «manifesto literário» *Nós*, de 1921, parecem bem autênticas. Ferro, que no ano anterior até tinha conhecido o próprio Marinetti em Roma, lança um texto ousado, combativo, na procura do espetáculo e até do escândalo, carimbado da novidade e mesmo pioneirismo no seu tempo.

Conhecer tanta primeira figura parece que foi uma marca de Ferro. Só que as figuras que seguiria juntando e aderindo seriam cada vez mais dominantes. Para além dos já indicados, conheceu e entrevistou Salazar, de quem ficou cativo, mas não foi o único. O seu livro *Viagem à Volta das Ditaduras* reunirá em 1927 muitas destas primeiras figuras, entre as quais não acabou por aparecer Hitler, que também estava agendado para entrevista. O suicida Sá-Carneiro tinha sido o seu colega no liceu Camões, e tinha sido quem o levava a Pessoa em 1914, quando se estava a cozinhar a *Orpheu*. Nessa altura, o rapaz chegou a dirigir-se por escrito a Pessoa como «Orpheu Ferro», e colaborou recolhendo assinaturas da publicação. Ganhou aí seguramente o gosto por manifestos, porque todos os participantes se contaminaram desse gosto e registo. E sendo já aluno da faculdade de direito, proferiu (1917) a sua primeira conferência, sobre cinema, que também seria a primeira em Portugal sobre esta matéria. Foi uma estreia performática que teria importância, porque o ensaio seria

publicado no mesmo ano e teria depois segunda edição, de Lisboa e do Rio de Janeiro, em 1922. Decorria no Brasil a exposição comemorativa da sua independência e a famosa Semana de Arte Moderna. Aquela estreia em Portugal também tem a ver com a sua porta para o Brasil. E a *Klaxon* também gostava de cinema. Mas antes desse capítulo ainda passou por Angola e a tropa, pela sua admiração por Sidónio Pais – o seu *império de gesto*, a teatralidade, um Sidónio a quem chegou a conhecer, de novo a marca de Ferro do ter diante dos olhos tanta primeira figura. E o jornalismo, as reportagens sobre personalidades. É quando Ferro deixa o Direito e se assume repórter internacional. E os primeiros postos diretivos em meios para que convida artistas do círculo modernista. É também nessa altura que publica *Árvore de Natal* (poemas) e a *Teoria da Indiferença*, que o afirmam ainda na onda do primeiro alento vanguardista.

Mas voltando ao ano de graça de 1920, Ferro tem aí 25 anos, e outros alentos pareciam improváveis. Este é o contexto prévio ao manifesto Nós. Em 1921 publica os livros *Colette*, *Colette Willy*, *Colette* (conferência) e *Leviana – Novela em Fragmentos*, na mesma chave insolente do Futurismo. A sua fama está afunilada na linha da vanguarda quando em maio de 1922 vai para o Brasil, com atores da Companhia de Lucília Simões e Erico Braga, com quem partilha ele próprio palco. E de novo a marca da casa, a coincidência com primeiras figuras da renovação literária brasileira (Carlos Drummond de Andrade, Graça Aranha, Menotti del Picchia, Raul Bopp e outros) que abrem a Ferro possibilidades para se mostrar. Eis o contexto da repetição de Nós, que apita assim com ruído na *Klaxon* do Brasil. Anos depois, Ferro será «um dos principais atores e contribuintes para a construção da luso-brasilidade, na ideia de um Espaço Atlântico, englobando Portugal e o Brasil, (...) como diretor do organismo responsável pela política de propaganda e cultural do Estado Novo» (Ribeiro, 2017: 64), embora com escassos resultados. Mas essa já é outra parte da caminhada de Ferro que não cabe neste esboço às voltas das relações, pelo menos de nomes, entre o Nós que aparece em Ourense, Lisboa, Rio de Janeiro. Nestas relações, alguém deve algo a alguém...?

Quem se tenha embarcado em aventuras de revista de papel, na sua idealização e concretização, seguramente poderá contar entre os capítulos centrais que viveu em grupo (porque sempre é uma aventura coral) a escolha do nome para ela. E quem tenha passado por várias experiências cairá na conta de que sempre é um processo diferente no acaso dos detalhes e parecido no sistémico da vontade diferencial. Até se poderia assegurar, pelo aprendido em carne própria, mas também pelas crónicas conhecidas de aventuras alheias como as anteriores, que são processos semelhantes os que andam por trás da maioria destes empreendimentos em toda a parte. Se for a mesma área linguística, separada pela distância geográfica e temporalidade escassamente assíncrona,



as possibilidades de paralelismos na predileção por certas etiquetas nominais escolhidas resultam mais verossímeis. Porque contexto histórico e língua também jogam papel importante nos peneirados de hipóteses, acredito que até mais que a imitação síncrona. Esta é algo que se procura precisamente evitar para conseguir a distinção. Salvo que se busque uma filiação que em certa distância normalmente geográfica tente conseguir um prestígio alheio sob cuja tutela se colocar.

Utilizei agora o tempo passado *foram* propositadamente, porque a época áurea das revistas fica longe, com o máximo vigor no século passado. O século onde se coloca o nascimento da *Nós* galega, que acabou por ser denominação e emblema de grupo e até geração. Exatamente o mesmo que aconteceu com a *Orpheu* portuguesa, entre outras, aparecida cinco anos antes em Lisboa com um estrépito que acabaria por ser mais duradouro do que se imaginou na altura. Tanto pelas ligações Pessoa/Campos/Caeiro-Guisado com a Galiza, no ambiente dessa produção, como pela afirmação egotista que lhes andava em volta para se alçar grupo diferencial, em que o pronome pessoal sujeito, correspondente à primeira pessoa do plural, se exhibe com frequência, as coincidências que acima referimos podem ter explicação endógena sem que a via irlandesa se mostre ainda verosímil.

116

A designação «nós», pelo seu poder identificador, pela sua capacidade definitória de grupo plural, ao mesmo tempo singularizadora dele como sujeito em relação ao resto, tem um carácter redutor de emblema exclusivo na nossa língua. É um monossílabo rotulador, que pode ser eficaz como cabeçalho de empresa, revista, grupo. E se a língua estivesse liberta de certas interferências, como não é o caso da castelhanização persistente desde há centúrias na variedade matricial da Galiza, até pode convocar mais ricos significados, tipo *laço apertado*, *medida náutica de velocidade*, *ponto de convergência...*, ou outros usos substantivos com opulentas sugestões acrescentadas. Noutras partes do planeta, onde o desembaraço acontece, a designação está sendo agora mesmo usada como nome de empresas e mesmo serve de cabeceira em revista. A revista *Nós*, de Cultura, Estética & Linguagens, edita-se atualmente em Goiás, e ainda que ande por lá um antigo aluno desta casa, o caro Antom Corbacho, não consta que nisto tenham a ver saudades ou manobras de agente galeguista serôdio no Cerrado por parte dele –nunca chegou constância antes, nem o Antom aparece nos créditos da mencionada.

O Grupo *Nós*, também no Brasil, usa o rótulo com este requinte gráfico do maiúsculo no meio para designar um programa do Instituto Fazendo História, que se volta para acompanhar adolescentes em processo de saída dos serviços de acolhimento. É um exemplo de uso franco e lato, desimpedido de equívocos para mais significar, o mesmo que devem pretender outros grupos empresariais no Brasil e em Portugal –como neste último o **NOS** de comunicações que






Figura 9. Capas da revista Nós (Cultura, Estética & Linguagens), editada atualmente em Goiás, Brasil. Acessos em 5-Nov-2020.

resultou da fusão entre a ZON Multimídia e a OPTIMUS Telecomunicações. Já o nosso NÓS-Tv, ou a cabeceira **NÓS** de jornal que sucedeu o *Sermos Galiza* em data estratégica para homenagear centenários pátrios, é neste último sentido, o das homenagens e significados pronominais restritos, que em exclusivo se colocam. Seguramente igual que academias, quintetos, cervejas ou aparições frequentes na rotulação galega, com bastantes exemplos. Não tenho claro se no uso da etiqueta dentro do último anúncio dos supermercados Gadis

(«Non vas poder con nós»), que foi *trending topic* a nível estatal nestes dias, se pretende passar também da eficácia pronominal à cripto-homenagem da revista e Grupo que está de aniversário secular. Tudo é possível.

De qualquer modo, toda esta aparente divagação justifica-se por ser, de entre as múltiplas possibilidades e motivos de abordagem que aqui nos convocam, também a sua concreta designação, «nós», que permite lançar novas pontes para a Lusofonia. Ainda que ao meu ver, o assento de batismo da revista galega, que também junto (Anexo 4), explica perfeitamente como se processou esta operação...

## Referencias

- Barreto, José (2015). António Ferro. O editor irresponsável. Em *1915 - O Ano do Orpheu*. Organização de Steffen Dix. Lisboa: Edições Tinta-da-china, pp. 215-224.
- Ferro, António (1919). Nós, *O Jornal*, Lisboa, ano I, (33), 2-IX-1919, 1. Citamos a partir de Baptista, 2013: 41, que na mesma fonte, à p. 30, indica a data de 2-11-1919 – como as explicações sobre o artigo em questão no corpo da dissertação falam de «setembro», parece tratar-se de uma confusão neste último caso.
- Ferro, António (s.d.). Nós, s.l., s. ed. [publicação independente, papel pardo fino, 2 1.<sup>a</sup> ed.].
- Ferro, António (s.d.). Nós, s.l., s. ed. [publicação independente, papel almaço grosso, marca de água: Almaço/ Pardo, 2 2.<sup>a</sup> ed.].
- Ferro, António (1922). Nós, em *Klaxon Mensário de Arte Moderna*, nº 3, 15 de julho de 1922 [ed. facsimilada], pp 3 e 4.
- Ferro, António (s.d.). Nós, manifesto literário, Pedro Veiga (org.), *Os Modernistas Portugueses. Escritos Públicos, Proclamações e Manifestos* [Coordenação feita por Petrus (*pseud.*) que imaginou a obra, a dirigiu e a deu à estampa]. Porto: Textos Universais, Vol. I, 93- 97.
- Franco, Marcia Arruda (2019). De portugueses nos modernismos do Brasil - histórias por narrar. *Intellèctus*, Ano XVIII, (1), , 48-75.
- Baptista, Helena Márcia de Aço e Borges (2013). *António Ferro Vanguardista: «Nós», a experiência do teatro-manifesto*. Dissertação de Mestrado em Estudos Literários e Culturais, apresentada à Faculdade de Letras da Universidade de Coimbra, 28-Out-2013. Universidade de Coimbra.
- Carrera Muñoz, Alejo (1914). Poetas Lusitanos. Em *Vida Gallega* 65, Vigo, 20/12/1914, 27.
- Guisado, Alfredo e VVAA (2002). *Alfredo Guisado: Cidadão de Lisboa*. Lisboa: Livros Horizonte [com vários estudos e notas].
- Manoel-Antonio (1979). III - *Correspondencia*. (Ed.) de Domingo Garcia-Sabell. Vigo: Galaxia.
- Negreiros, José de Almada (1993). *Obras Completas. VI. Textos de Intervenção*. Lisboa: Imprensa Nacional - Casa da Moeda.
- Negreiros, José de Almada (2002). *Ficções*. Lisboa: Assírio & Alvim.
- Oliveira, Edson Luiz de (2019). *Orpheu e Klaxon: Contexto Modernista Portugal-Brasil*. Tese de Doutoramento apresentada no Programa de Pós-Graduação em Artes Visuais. Escola de Comunicações e Artes, Universidade de São Paulo.
- Pessoa, Fernando (1935). Nós, os de Orpheu. Em *Sudoeste*, nº 3, novembro de 1935, 7.
- Pessoa, Fernando (1986). *Escritos Íntimos, Cartas e Páginas Autobiográficas*. Introdução, organização e notas de António Quadros. Mem Martins: Publ. Europa-América.

- Pessoa, Fernando (1986b). *Textos de Intervenção Social e Cultural. A Ficção dos Heterónimos*. Introdução, organização e notas de António Quadros. Mem Martins: Publ. Europa-América.
- Pessoa, Fernando (2009). *Sensacionismo e Outros Ismos*. (Ed.) Jerónimo Pizarro. Lisboa: INCM.
- Queiróz Baptista, Íria Catarina; Kraemer Abreu, Karen Cristina (2010). *A História das Revistas no Brasil: um olhar sobre o segmentado mercado editorial*. Biblioteca online de Ciências da Comunicação (BOCC). www.bocc.ubi. Acesso em 2-Nov-2020.
- Rosmaninho, Nuno (2008). António Ferro e a propaganda nacional antimoderna. Em *Estados autoritários e totalitários e suas representações*. Coordenação de Luís Reis Torgal e Heloísa Paulo. Imprensa da Universidade de Coimbra, UC Pombalina. Cópia digital em URI:<http://hdl.handle.net/10316.2/32217>. DOI: [http://dx.doi.org/10.14195/978-989-26-0810-5\\_19](http://dx.doi.org/10.14195/978-989-26-0810-5_19). Acesso em 2-Nov-2020.
- Quiroga, Carlos (2016). *A imagem de Portugal na Galiza*. Santiago de Compostela: Através Editora.
- Quiroga, Carlos (2018). *Raízes de Pessoa na Galiza –o Pessoa Galego*. Santiago de Compostela: Através Editora.
- Sá-Carneiro, Mário de (2003). *Correspondência com Fernando Pessoa*. 2 v. Lisboa: Relógio d'Água.
- Silva Ribeiro, Carla Patrícia (2017). Um intelectual orgânico no Estado Novo de Salazar: as ideias e os projetos de luso-brasilidade de António Ferro. *Intellèctus*, ano XVI, (2), 2017, 45-67.
- Valiente Fernández, A. (2007). Visión de Vicente Risco hacia Portugal en *Nós* y en su obra *Teoría do Nacionalismo galego*. *Madrygal. Revista De Estudios Gallegos*, 10, 135 -143.
- Veiga, Pedro (s.d.). *Os Modernistas Portugueses. Escritos Públicos, Proclamações e Manifestos*. [Coordenação feita por Petrus (*pseud.*), que imaginou a obra, a dirigiu e a deu à estampa]. 2 volumes. Porto: Textos Universais. Reproduções e citas a partir de BAPTISTA 2013.
- Victorino, José Guilherme (2016). Do futurismo ao tradicionalismo: notas sobre o percurso singular de António Ferro. Em *António Ferro -120 anos. Actas*. Coordenação e organização geral de Mafalda Ferro. Lisboa: Fundação António Quadros Edições e Texto Editores, 125-153.

## **ANEXO** **assento de batismo da Nós galega (apócrifo)**

a) ficção dramatizada em dous *sketchs*

### I

Fevereiro de 1920, Gran Café Moderno, Rua Progresso 45, Ourense. Iluminação média e mobiliário clássico mas convencional dos novos botequins de princípios do século passado. Um único espelho na parede ao fundo. Várias mesas estão ocupadas e há certo fragor de palatário no ar. O fragmento recolhe apenas o bocado da conversa que o empregado de café apanha no momento de servir uma das mesas, na que duas personagens conversam, Vicente Risco e A D R Castelao, este tem 34 anos, o outro está saindo dos 35.

RISCO: Oi, e tu podias ir pensando algo para a capa.

CASTELAO: Vamos ver, Vicente, a cousa está bastante verde. Para meter-se com isso temos que avançar algo mais. E ter um nome.

121

RISCO: O nome é o de menos, Daniel. Algo tipo *Europa*, *Cosmos*, *Ideia Nova* ou assim. Aí na primavera, ou a mais tardar antes do verão, juntamo-nos para defini-la e acordamos como chamá-la.

CASTELAO: Acordamos quem?

RISCO: O grupo, nós...!

CASTELAO: Vós...? Os de Ourense...?

RISCO: Nom, home, os de Ourense, Corunha, Rianjo, Santiago, por aí, os que juntamos. Nós. Convocamos um encontro pra definir a estrutura e os conteúdos, que é o importante

CASTELAO: Convocamos onde, em Ourense...?

RISCO: Nom, home, já vejo por onde vas, pode ser num ponto mais intermédio e assim poderá ir mais gente.

CASTELAO: O do nome é importante, Vicente, mesmo para a tipografia que se empregue, porque o que mais se leva agora é jogar com a tipografia, o moderno tem pouco boneco.

RISCO: Ainda te vas passar de moderno, mas enfim tu saberás, falamos em grupo, todos nós.

CASTELAO: «Nós», eh...? Pois moi bem, algo é algo para arrancar.



## II

Junho de 1920, Liceo Casino, Rua Manuel Quiroga 21, Ponte-Vedra. Toda a parede tem vários espelhos e uma vidraça, com mobiliário trabalhado e antigo. De novo várias mesas com só um terço delas ocupadas. Hai certa solenidade de catedral no espaço bem iluminado. Fala-se baixo e, estando atentos, dá para ouvir os diálogos vizinhos. O fragmento recolhe apenas o bocado da conversa que um juiz jubilado apanha na mesa do lado, onde já conversam duas personagens, Vicente Risco e Ramom Cabanilhas, este uns dez anos mais velho que o outro. Reproduz-se o momento da chegada de A D R Castelao, e de imediato a de Antom Losada Diéguez, da quinta de Risco.

CASTELAO: Desculpai chegar tarde, os de mais longe sempre mais pontuais...! Nom vem mais gente...?

RISCO: Ainda bem, Daniel...! Acabamos de pedir. Está por chegar o Antom. E seguramente mais ninguém.

CASTELAO: Que tal, Vicente, olá D. Ramom, um prazer vê-lo de novo. Pois estamos-che bem, pensei que tinhas mais poder de convocatória...!

123

RISCO: Melhor poucos e bem entendidos. Já virá mais gente. Chama o garçom para que che ponha algo na mesma carretada. E tu quê, já temos algo para a capa...?

CASTELAO: Home, pois só experimentos. Venho aqui com três provas para que vejades. O mais moderno é só com letras, por isso era fundamental o do nome... [coloca na mesa umha pasta fina, que formam dous cartões castanhos atados por umha fita, e mostra as lâminas] E de momento quedei-me com aquela conversa de princípios de ano com D. Vicente [olhando para Cabanilhas]. Estas outras aqui levam já bonecos...

RISCO: Ahh aquilo do grupo, Nós, mmm nom sei eu. D. Ramom, que opina...?

CABANILHAS: Pois eu... O caso é que já o suplemento literário do jornal *El Noroeste*, na Crunha... [interrompe-se pola entrada acelerada de Antom, que fica mirando as lâminas na mão de D Ramom, e dá-lhe afirmativamente à cabeça]


LOSADA DIÉGUEZ: Essa dos bonecos, estaria bem para um livro meu. E saúde, irmãos, não é toda a culpa minha atrasar. Só que isso de *Nós*... E logo quem sodes vós...? Os de Ourense?

RISCO: Que nome, home, somos todos e tu também. Ainda que já veremos, está o que di D Ramon, o suplemento do *Noroeste da Crunha* e... A ver, o importante é o que vai dentro. Eu deixaria as filigranas para mais adiante. Estamos aqui para falar do que vai dentro, já voltaremos no *Nós* ou outra coisa. Chama o garçom e pede algo rapidinho, que vamos ao tema...!

b) assento de batismo da Nós galega (apócrifo)  
[dous *sketchs* versom BD]

1

Fevereiro de 1920, Gran Café Moderno, Rua Progresso 45, Ourense. Iluminação média e mobiliário clássico mas convencional dos novos botequins de princípios do século passado. Um único espelho na parede de fundo. Várias mesas estão ocupadas e há certo fragor de palratório no ar. O fragmento recolhe apenas o bocado da conversa que o empregado de café apanha no momento de servir uma das mesas, na que duas personagens conversam, Vicente Risco e A R Castelao, este tem 34 anos e o outro ainda está nos 35.



125



Junho de 1920, Liceo Casino, Rua Manuel Quiroga 21, Ponte-Vedra. Toda a parede tem vários espelhos e uma vidraça, com mobiliário trabalhado e antigo. De novo várias mesas com só um terço delas ocupadas. Hai certa solenidade de catedral no espaço bem iluminado. Fala-se baixo e, estando atentos, dá para ouvir os diálogos vizinhos. O fragmento recolhe apenas o bocado da conversa que um juiz jubilado apanha na mesa do lado, onde já conversam duas personagens, Vicente Risco e Ramom Cabanilhas, este uns dez anos mais velho que o outro. Reproduz-se o momento da chegada de A R Castelao, e de imediato a de Antom Losada Diéguez, da quinta de Risco.



# 7

## Castelao e Valle-Inclán

Margarita Santos Zas

Desde un punto de vista estritamente cronolóxico, Ramón del Valle-Inclán viviu a chamada época Nós, e ademais viviuna desde Galicia, onde se instalara coa súa familia en 1912, para permanecer nela ata 1925, aínda que con estadias intermitentes en Madrid.<sup>1</sup>

Quero dicir que don Ramón coñeceu de primeira man o traballo do grupo de autores<sup>2</sup> que, arredor da revista *Nós* (1920-1936), impulsaron un dos proxectos culturais colectivos máis singulares non só da Galiza da preguerra, senón de toda a historia da literatura galega (*vid.* Pérez Prieto, 2020),<sup>3</sup> pois entre 1920 e 1936 tiveron un papel nuclear na vida cultural (ademais da revista *Nós*, fundaron o Seminario de Estudos Galegos) e política galegas (participaron na creación do Partido Galeguista), impulsada pola súa activa colaboración coas Irmandades da Fala, no proxecto de dinamización cultural e político que, a partir de 1916, supuxo, por unha parte, a creación de editoriais, xornais, institucións e premios literarios; e, por outra, a formulación teórica do nacionalismo moderno (*vid.* Ed. Fernández Pérez-Sanjulián, 2016).

Non vou ocuparme do histórico papel da xeración Nós nin das Irmandades da Fala, como promotores culturais e creadores literarios, ao tempo que protagonistas da acción política. O que quería subliñar con estas leves pinceladas

<sup>1</sup> Este traballo forma parte das liñas de investigación do Grupo Valle-Inclán da USC (GI-1374), no marco do «Programa do Plan Galego IDT» da Xunta de Galicia para GPC (ED431B 2020-047).

<sup>2</sup> Formada nos seus inicios por Vicente Risco (1884-1963), Ramón Otero Pedrayo (1888-1976), Antonio Lousada Diéguez (1884-1929) e Florentino L. Cuevillas (1896-1958).

<sup>3</sup> Con motivo do Centenario da revista *Nós*, a Cidade de Cultura conmemorouno no outono de 2020 cunha ambiciosa mostra sobre a xeración Nós, titulada «De Nós a nós». Dela proceden algunhas das imaxes que ilustran o presente traballo, indicando en cada caso a súa orixe.

ben coñecidas, é que neste entramado cultural e político en ebulición, non pode estrañar que o caso de Valle-Inclán resultara polémico, porque aínda que está documentada a relación individual que mantivo con nomes tan significativos como Otero Pedrayo e, sobre todo Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (1886-1950), non participou naquel ilusionante proxecto, do que quedaba automaticamente na marxe coa súa elección do castelán como lingua literaria (sempre escribiu en castelán, agás as pequenas cantigas populares que pechan os poemas de *Aromas de Leyenda*, 1907).<sup>4</sup> Esa decisión determinou a consideración dos seus contemporáneos como unha sorte de «deserción» e, de resultas, provocou incompreensións e reticencias que chegaron a producir reaccións tan belixerantes como a que protagonizou o poeta Manoel Antonio (figura 1), que lle adicou a Valle-Inclán o capítulo II do seu manifesto *Mais Alá* (1922), titulado «Pollitos bien», no que define ao escritor arousán como «gran pontífice da valeireza en traxe de festa», e onde tamén lle dá a categoría de «mestre» para aclarar de seguido: «chamámoslle a vostede mestre por ser vostede o maestro da Xuventude imbécil de Galicia».




Figura 1

4 Todas as obras de Valle-Inclán que se citan nestas páxinas, na súas sucesivas edicións en vida do autor, son, na súa meirande parte, copias dixitais dos orixinais valleinclanianos, que proceden do *Archivo Digital Valle-Inclán 1888-1936* ([www.archivodigitalvalleinclan.es](http://www.archivodigitalvalleinclan.es)).



Con estas verbas o autor de *Catro a catro* (1928) censuraba duramente tanto a opción estética de Valle-Inclán como a adopción do castelán como lingua literaria.

Pero se este é o referente por antonomasia da diatriba contra Valle-Inclán, porque non existe outra descualificación comparable, tamén podemos falar do panexírico que ten igualmente nome propio e non de menor talla: o tamén rianxeiro Castelao, sobre o que volverei en breve.<sup>5</sup> E entre estes dous extremos o ton das voces que regatearon ou negaron a don Ramón o seu cuño de orixe, percorre toda a escala musical. Pero esta consideración de Valle-Inclán como disidente non se limitou a esta época de efervescencia nacionalista, senón que ten antecedentes no Rexurdimento galego, e ía acompañalo, como unha sorte de «letra escarlata», ata hai ben pouco; aínda que sempre houbo escritores e artistas que deixaron constancia da súa admiración por don Ramón nas adicatorias dos seus libros (vgr. Ramón Cabanillas, *Vento mareiro*. [1915]; Dieste, *Dos arquivos do trasno*, 1926, e *A fiestra valdeira*, 1927; Cunqueiro, *Cantiga nova que se chama Riveira* (Santiago: Nós, 1933); Eugenio Montes, *Versos a tres cás o neto* (Santiago: Nós, 1930) e, en menor medida, con xestos públicos.

Pero non teño intención de facer un repaso das posturas críticas dispares que a cuestión de «galegitude» de Valle-Inclán ten suscitado e as reaccións adversas ata datas recentes: unha polémica, a dicir verdade, que o propio Valle-Inclán alimentou con declaracións epatantes, que parecen froito dun certo despecho por non sentirse recoñecido na súa terra, e que, por outra parte e paradoxalmente, el mesmo contrarrestou con xestos tales como a súa participación na creación de «La sociedad de los Amigos de Galicia», nada no ano 1925, e impulsada por García Martí, Ramón Cabanillas e Enrique Peinador,<sup>6</sup> co fin de promover e coidar o seu patrimonio artístico e histórico documental.

Neste polémico contexto hai que situar, pois, a lección de tolerancia, plenamente vixente hoxe en día, que transmite a relación existente entre Ramón del Valle-Inclán e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, un dos homes que máis fonda pegada deixou na cultura galega e na historia de Galicia da primeira metade do século XX, ata o punto de converterse nun dos nosos símbolos nacionais xunto con Rosalía.<sup>7</sup> E foi precisamente Castelao, quen nunha

5 Non son moitos os que se teñen ocupado da relación de Castelao e Valle-Inclán. Dos anos 60-70 cabe mencionar os pioneiros traballos de Ricard Salvat (1966), Paz Andrade (1967), Luis Seoane (1969) e Monleón (1971); a continuación, ábrese un amplo paréntese que non se pecha ata o novo século, igualmente con resultados puntuais (Borobó, 2000; Bonilla Cerezo, 2003; ou Lopez Vázquez, 2009).

6 Unha iniciativa que, como sinala o propio García Martí: «es al punto patrocinada por Enrique Peinador, por el exquisito poeta Ramón Cabanillas y por otras personalidades que forman la cotidiana tertulia del maestro: Trátase de crear la Sociedad de los Amigos de Galicia, que no tendrá carácter político, ni siquiera de exclusivismo, porque se admitirán en ella a cuantos sin ser hijos de esta tierra sean devotos de ella» (*apud* Gago Rodó, 1998: 30-31).

7 Puntualmente citarei algún dos estudos consultados, na imposibilidade de dar conta das monografías, colectáneas e traballos varios adicados a Daniel Alfonso Rodríguez Castelao, eixo, asemade, de múltiples congresos e non menor número de exposicións, que abranguen tanto a súa obra narrativa e teatral como a súa

conferencia, pronunciada na Habana o 8 de xaneiro de 1939, titulada, «Galicia y Valle-Inclán» (figura 2), publicada no ano 1971 con limiar de Alonso Montero, afirmaba:

El renacimiento literario gallego planteó una lucha civil de lenguas hermanas. De un lado Rosalía de Castro; del otro Emilia Pardo Bazán. Y en el fragor de la controversia surge un gallego extraordinario –mitad pueblo, mitad señorío– y su voz calma las ansias divergentes. Se llama Don Ramón del Valle-Inclán, hijo del renacimiento literario de Galicia y el mejor artista de la España contemporánea (Castelao, 1971:21).




Figura 2

Con estas verbas que abren un dos escritos máis fermosos de cantos lle adicaron a Valle-Inclán, subliñaba Castelao a raíz galega da obra de don Ramón, na que insistía ao longo da devandita conferencia:

Notaréis en este ensayo un propósito irreprimible de identificar a Don Ramón del Valle-Inclán con la tierra que le dio el ser; pero el propósito es justo, porque ninguna de las grandes figuras gallegas que florecieron fuera del medio nativo,

---

obra gráfica (pintor, debuxante e caricaturista), ao igual que o seu pensamento político e a súa traxectoria, que tivo como fío conductor o compromiso con Galicia (participou activamente na campaña do Estatuto de Autonomía), e co seu republicanismo, que o levaron ao exilio en Bos Aires, onde morreu en 1950. Pero naqueles anos, afastado da súa terra, adicou a súa actividade á defensa da legalidade republicana e dos intereses da Galicia. Do seu transcendente papel histórico e artístico valla como mostra a magna exposición «Castelao maxistral», que tivo lugar no ano 2018 na Cidade da Cultura de Santiago, que ofreceu un amplo percorrido pola súa prismática traxectoria.

en ambientes lejanos o diferentes, fue tan leal al espíritu de su país (Castelao, 1971: 35).

Que tiñan estes dous homes en común para que entre eles existira sintonía? Pois, ademais desa lealdade ao espírito do seu país, diría que unha conciencia ética insobornable, e desde o punto de vista da creación literaria, a concepción da arte como unha esixencia estética irrenunciabile, a busca pertinaz dunha voz propia e unha profunda coherencia artística, principios que non só minimizaban diverxencias, senón que situaban os dous escritores fronte a fronte nos seus respectivos momentos de plenitude.

Como non ía Valle-Inclán sentirse identificado co humor gráfico de Castelao e cos relatos de *Cousas* (1926), a súa obra narrativa mais salientable? (figura 3) E como Castelao non ía sentir o esperpento valleinclaniano como algo seu? Lembremos que Castelao, xa fora como artista plástico (debuxante, pintor, caricaturista, cartelista, ilustrador...), ou como escritor, conxugou na súa obra un discurso crítico, comprometido coa denuncia das inxustizas, o caciquismo, a explotación, a emigración... cunha gran capacidade de contención e de estilización e esixencia estética (ligada á vontade de renovación desde presupostos modernistas e expresionistas).<sup>8</sup>

8 Unha síntese dos seus sinais de identidade artística que, de maneira semellante a Valle-Inclán, concilian a ética coa estética, pode verse en Fernández Pérez-Sanjulián (online), quen destaca o Álbum Nós (1918), as viñetas que, co título xenérico de *Cousas da vida*, foron aparecendo en diversos xornais da época ou, tamén, *Cinquenta homes por dez reás* (1930), así como os álbumes da guerra: *Atila en Galicia* (1937), *Galicia mártir* (1937) e *Milicianos* (1938). Noutras obras tamén se atopa a a sobriedade e contención discursiva, a presenza estilizada do mundo popular, obediente ao seu compromiso coas clases menos favorecidas. Estes trazos resultan especialmente visíbles en *Cousas* (1926/1929/1934), unha sorte de orixinais microrrelatos, caracterizados pola presenza de texto e imaxe, que conforman unha unidade de significado, que reflicte a realidade galega contemporánea. Esta integración de texto e ilustración do autor podemos atopala tamén noutras obras de ficción: *Un ollo de vidro*. *Memorias dun esquelete* (1922), *Retrincos* (1934). Por último, cómpre salientar a única novela longa de Castelao, *Os dous de sempre*, e o seu principal ensaio, *Sempre en Galiza* (1944), publicado no exilio, que é ata hoxe un dos textos clave do nacionalismo galego.



Figura 3

Como non ía interesarlle a Castelao *Luces de Bohemia* (1920 /1924) (figura 4), con esa inmisericorde causticidade coa que a lente de Valle-Inclán enfoca a vida política, social e cultural do seu país, do que non deixa títere con cabeza?

132




Figura 4

Ou como non ía disfrutar *Farsa e Licencia de la Reina Castiza* (1922), peza que caricaturiza en clave grotesca á figura de Isabel II, avoa do rey reinante Alfonso XIII? Só Valle-Inclán foi entón capaz de enviarlle o seu libro, apelando á súa exemplaridade, ao mesmísimo Alfonso XIII coa seguinte adicatoria: «Señor: Tengo el honor de enviaros este libro, estilización del reinado de

vuestra abuela Doña Isabel II, y hago votos por que el vuestro no sugiera la misma estilización a los poetas del porvenir» (*España*, 1922). Podería enumerar *Tirano Banderas* (1926), o inconcluso *El Ruedo Ibérico* (1927-1932) ou *Martes de Carnaval* (1930), nos que vemos unha crítica demoledora da inxustiza, a corrupción política, a dictadura e o mundo militar.

Pero a Castelao fascináronlle todas aquelas obras que mostraban o mundo galego como poucos souberon velo e describiu: refírome, por exemplo, á triloxía das *Comedias Bárbaras* (1908-1922) e a *Divinas Palabras* (1920). Obras nas que o castelán do escritor está «trufado» de termos, xiros sintácticos e expresións galegas, que incorpora non só ás devanditas obras senon a aquelas outras que recrean asuntos e atmosferas alleas ao ámbito galego. En calquera caso, esa mixtura é resultante da bagaxe cultural propia asimilada, ou froito dun premeditado traballo de *taracea*, que, a maiores dos seus fins estilísticos, busca en definitiva render tributo a súa terra: «Era gallego por la lengua, el estilo y el ritmo de su voz musical. Ciertamente que apenas escribió en nuestro idioma materno, pero su romance maravilloso es el resultado de traducir literalmente del gallego al castellano», sentenciou Castelao en 1939.

E cabe imaxinar tamén que don Ramón, de ter vivido atá aló, estimaría no seu mérito *Os vellos non deben de namorarse*, estrenada en Bos Aires en 1941, na que Castelao mestura a plástica e a palabra, os elementos de tipo popular con outros procedentes das vangardas artísticas, tan afíns a don Ramón.

Ou noutra orde de cousas como non ia admirar don Ramón as paisaxes de Castelao, quen lle regalou ademais un temperán óleo dunha paisaxe local?

Sobre o Castelao paisaxista Valle-Inclán, contestando unha entrevista para o xornal *El Pueblo Gallego* (marzo 1924), afirmaba que: «el pintor más gallego, Castelao, cuando las valoraciones son frías y el paisaje es más enxebre, más se parece también al de estampa japonesa...».<sup>9</sup>

No ámbito da pintura teñen Castelao e Valle-Inclán puntos en común, se pensamos non só na multitude de ocasións nas que Valle alude ao mundo da pintura na súa obra, pero, sobre todo, porque era un bo coñecedor da pintura, en xeral, e da pintura do seu tempo, en particular. De feito, era considerado na tertulia del Nuevo Café de Levante, na que predominaba a presenza de artistas plásticos, un mestre para moitos deles.<sup>10</sup> Asemade, Valle exerceu como crítico de pintura nas exposicións nacionais de 1908 e 1912 e publicou as súas crónicas nos xornais madrileños (*El Mundo* e *Nuevo Mundo*, respectivamente). Por dúas veces, en 1912 e 1920, tamén fora invitado como conferenciante en sendas mostras de pintores galegos, que organizara o «Centro Gallego de

9 A documentación valleinclaniana que aquí se cita, procede na meirande parte das copias dixitais dos orixinais, existentes no *Archivo Digital Valle-Inclán 1888-1936* do GIVIUS: ([www.archivodigitalvalleinclan.es](http://www.archivodigitalvalleinclan.es))

10 Neste senso, López Vázquez (2009) apunta á posible influencia de Valle-Inclán sobre autores galegos e menciona, entre eles, a Castelao.



Madrid» (1912) e a Casa de Galicia (1920), respectivamente, no que participara Alfonso R. Castelao, promotor da primeira mostra, cunha colección das súas caricaturas, aínda que o ciclo previsto de conferencias suspendeuse, sen que saibamos o motivo.

Neste campo, que Castelao e Valle-Inclán compartían, hai un último aspecto de singular interese. Sabemos que Valle-Inclán no debate sobre la «España blanca y la España negra», pronunciouse abertamente, manifestando o seu veto aos pintores chamados «iluministas», os pintores levantinos, con Sorolla como cabeza de lista, situándose a favor de pintores como Zuloaga, Regoyos, Echevarría, Zárraga, Maeztu... que representaban o polo oposto (dalgún deles Valle-Inclán tiña orixinais adicados).

Este debate tamén se estendeu á pintura galega (Serrano, 2017: 355) e, neste senso, apunta López Vázquez:

Castelao, como os seus compañeiros novecentistas, empeñados en facer unha pintura galega enxebre, non só tiñan que partir de cero, senón que ademais tiñan que opoñerse frontalmente a arte valenciana, representativa da «España branca» e de moda en Madrid.

Primeiro porque os efectos cromáticos cambiantes en función da luz solar, era totalmente contrario á concepción novecentista; segundo porque, como pensaba Valle-Inclán, esta arte era froito dun espírito mercantil e exenta de espiritualidade, sendo esta a base da arte para os novecentistas, canto máis da arte dun pobo como o galego [...] Castelao engarza entón coa pintura da «España negra», defendida polos escritores do 98, e que daquela contaba entre os seus máximos representantes aos pintores vascos. Neste camiño, contaba como referendo cos postulados estéticos de Valle-Inclán (López Vázquez, 2006: 137-138).



Figura 5. Deseño de castelao da cuberta da revista NÓS (Exposición «Xeración Nos» na Cidade da Cultura.



Dito isto, aínda hai algo máis do artista de Rianxo, que tiña necesariamente que deslumbrar ao de Vilanova de Arousa: refírome ao seu rol como ilustrador e, en concreto, o deseño da revista *Nós*, que fixera Alfonso R. Castelao (figura 5), que incluso podemos asociar co deseño da *Opera Omnia* valleiclaniana e as súas obras restantes, que son un alarde de innovación do deseño gráfico e da ilustración no seu tempo. Non é cousa estraña, porque xa dixen que no cenáculo do Nuevo Café de Levante dábanse cita en torno a don Ramón escritores, debuxantes, caricaturistas e ilustradores, que diseñarían unha das obras máis fermosas de Valle-Inclán: *Voces de Gesta. Tragedia pastoril* (1911/1912).



Figura 6

Pero acabo de mencionar aos caricaturistas e Valle-Inclán é un dos autores máis caricaturizados do seu tempo, poucos artistas do lápis e do pincel resistiron a tentación de pintar a don Ramón (Zuloaga, Echevarría, Anselmo Miguel Nieto, Baroja, Arturo Souto e un largo etc) e, sobre todo, de caricaturizalo.<sup>11</sup> Tampouco Daniel R. Castelao escapou a fascinación que suscitaba a singular figura de Valle-Inclán e coñecemos cinco caricaturas asinadas por el e publicadas en distintos medios.<sup>12</sup> (figura 6).

11 No Catálogo da Exposición *Valle-Inclán, xenio e figura* (2016) se reproducen máis de 400 caricaturas valleiclanianas; e no da exposición do Museo de Pontevedra, *Retratos de Valle-Inclán*, 2011 (ed. de Carlos Valle Pérez) poden verse os retratos pictóricos e literarios de Valle-Inclán e unha mostra de caricaturas.

12 Os datos e imaxes proceden do *Archivo digital Valle-Inclán 1888-1936* ([www.archivodigitalvalleinclan.es](http://www.archivodigitalvalleinclan.es)) e do catálogo *Valle-Inclán, xenio e figura*:

Caricatura (1): S.f. Archivo: Monasterio de Poio (Pontevedra). O pé reza: «Ecce Homo / Vera efigie de don / Ramón María / del Valle-Inclán: / la pintó Castelao». Adicatoria: «Para mi entrañable Rey Soto / El autor».

Caricatura (2): 1909. O pé reza: «Vera Efigies / de · don · Ramón / del · Valle · Inclán / la · pintó · Cas / telao». Reproducción: *Galicia Moza*, Vilagarcía de Arousa, enero de 1909. Foi exposta no III Salón de Humoristas, Salón Iturriz, de Madrid, 1909.

Tamén o propio Castelao fora retratado, caricaturizado e, incluso, autocaricaturizado, moitas veces (González Pérez, 1986) (figura 7).



Figura 7. Autocaricatura de Castelao (Valle-Inclán ao fonfo dereita)

Malia a disparidade de personalidades e camiños escollidos, non resulta estraño que para un home como Castelao, aberto a todo, o Valle-Inclán dos anos 20 fora como un imán. É fácil imaxinar o interese dun xove Castelao, vinte anos menor que don Ramón, cando o Grupo Nós comeza a súa singradura e as Irmandades da Fala están en pleno apoxeo, coincidindo co inicio, no caso de Valle-Inclán, da súa «década prodixiosa», pois foi neses anos cando publica as súas obras mais revolucionarias e acuña o seu concepto mais orixinal, o esperpento, exposto en *Luces de bohemia*; pero tamén cando edita, no *annus mirabilis* de 1920, *Divinas Palabras*, *Farsa e licencia de la Reina Castiza*, *La Enamorada del rey* e *El Pasajero*.

Todos os datos expostos ata aquí son mais ben un conxunto de *flashes* dispersos no tempo, que falan sen dúbida dunha relación de interese e admiración mutua entre Valle-Inclán e Castelao, que non foi algo meramente conxuntural, senón que perviviu ao longo do tempo, porque na década dos 30 achamos novos datos, que son, por outra parte, os máis relevantes de

---

Caricatura (3): 1912. O pé reza «Caricaturas de Alfonso R. Castelao. Gente de mi tierra». Reproducción: *El Liberal*, Madrid, 23 de abril de (1912): 3.

Caricatura (4): 1912. Reproducción: Castelao, *Galicia y Valle-Inclán* (cubierta), 1971.

Caricatura (5): 1920. Esta caricatura mostrouse en A Coruña, na impartición dunha conferencia de Castelao, con motivo da Exposición do Álbum Nós, en marzo de 1920 (*La Noche*, Santiago, 28-10-1966: 12).

todos os citados, porque falan da fondura profesional e humana que acadou aquela relación.

En 1931 e 1933 Valle-Inclán volve aos grandes escenarios dos teatros nacionais, que abandonara en 1913 por problemas coas compañías teatrais, que acabaron por pecharlle as portas. En 1933 estrea no Teatro Español unha peza clave da súa produción teatral: *Divinas Palabras*. *Tragicomedia de aldea* (figura 8). No 2020, ano do seu centenario, quedou eclipsada polo de *Luces de Bohemia*, de maneira que apenas tivo a merecida conmemoración a obra máis galega de todas as do escritor que desenvolve a súa acción dramática en Galicia.



Figura 8

En 1933, a compañía teatral máis importante da época era a de Margarita Xirgu e Enrique Borrás, que asumiu o reto da súa posta en escea, ademais de xogar os roles de Mari-Gaila e Pedro Gailo, respectivamente. A dirección quedou nas mans dun dos máis prestixiosos directores do momento, Cipriano Rivas Cherif, un fervente admirador de Valle-Inclán, a quen consideraba a punta de lanza da renovación do teatro en España.

Cun amplo elenco de actores e actrices, a escenografía encargárona, por expreso desexo de don Ramón, a Daniel Castelao, que aparece con xesto concentrado na fotografía (figura 9), que capta o momento da lectura da

tragicomedia, feita polo dramaturgo no Teatro Español, o 25 de marzo de 1933, diante da compañía Xirgu-Borrás.

Valle-Inclán non estivo na *première* o 16 de novembro de 1933, porque viña de ser nomeado director da Academia de Bellas Artes de España en Roma e precisamente tiña que tomar posesión do seu cargo e incorporarse á capital italiana. Pero nunha entrevista, que lle fixeron con motivo da montaxe da súa *Tragicomedia de aldea* («En el Español Don Ramón del Valle-Inclán lee su tragicomedia *Divinas Palabras*», 25-03-1933) o periodista repara na atención que lle presta Castelao a lectura e comenta: «En silencio, Castelao, el gran artista gallego, como un dibujo de sí mismo, asiente al espíritu que *Divinas palabras* se trajo de su tierra suave y honda».



Figura 9. Teatro Español: Lectura de Valle-Inclán de *Divinas Palabras* diante da compañía Margarita Xirgu e Enrique Borrás (25-03-1933. Castelao, con paxarita, sentado (reproducción do orixinal cedido por Javier del Valle-Inclán).

Máis adiante Valle-Inclán explícalle ao xornalista a súa ausencia da *première* e engade ao respecto un comentario sobre Castelao moi elocuente:

«No podré. Es más: quizá no pueda presenciar los ensayos. Me marchó enseguida a Roma. Por la interpretación no temo. Sé que Rivas Cherif cuidará esto con mucho cariño. Por otra parte, la Xirgu y Borrás han de estar muy bien en sus papeles. El complemento lo dará Castelao. De él depende, en la estampa de *Divinas palabras*, lo más inmediato para que Galicia esté en presencia en la escena»

E remata o xornalista: «Ya en la calle, finada la lectura que ha producido unánime impresión de arte y de belleza, don Ramón y Castelao divagan sobre temas gallegos».

A documentación gráfica conservada da escenografía é escasa (figura 10) e só permite acadar unha vaga idea da mesma (as fotografías non se facían durante a representación, senon que os actores posaban antes da función), pero existen testemuñas moi expresivas da montaxe escénica. Por exemplo, Rivas Cherif dixo dos decorados en «Valle-Inclán. El seu teatro» (*La Rambla de Catalunya*, 10-01-1936):<sup>13</sup>

Fou decorada i vestida conforme a esbossos i figurins del gran pintor gallec Castelao, al qual Valle-Inclán estimava molt. Les batalles que don Ramón havia hagut que sostenir en en els seus primers intents teatrals per tal que l'estil plàstic de la representació correspongués a les acotacions del text escrit, no tant com a transcripció de la lletra (ja que Valle-Inclán no escribía pensant en l'escenari d'un teatre, sinó en la suggestió d'un ambient a un lector, que en el teatre es transforma en espectador) pero com a fons pictòric propici para el ritme dramàtic de l'acció poètica por ell imaginada. (*apud* Aguilera Sastre, 1997: 129; 2000: 490-491).



Figura 10

Pola súa parte, a actriz Victorina Durán, no seu artigo «Escenografía y vestuario: Valle-Inclán con sus acotaciones en verso» (*La Voz*, 20-01-1936), comentaba a propósito dos «figurines e bocetos» de Castelao:

<sup>13</sup> O texto orixinalmente publicado en catalán, está traducido na monografía de Aguilera Sastre (1997: 129), pero poder verse na lingua orixinal nun artigo de Aguilera Sastre (2000: 490).



«Uno de los cuadros recordaba la escenografía de la que años antes me hablara don Ramón. El escenario era todo horizonte. Una garita se dibujaba enérgicamente sobre él. Los dos personajes que se encuentran en la escena destacaban con toda la energía, fuerza y pasión que tenía su diálogo. Parecía un primer plano de un film: tal era la expresión y corporeidad de los actores sobre el fondo escenográfico.

El vestuario entonaba maravillosamente con todos los decorados. La rome-ría delante de la ermita era un cuadro de tonos apagados, perfecto, tan bien conseguido en su entonación sombría como lo pudo estar en tonos brillantes el de la feria rusa de *Petrushka*, representado por los bailes rusos.» (*apud* Aguilera Sastre, 2000: 490).

Sobre a semellanza da escenografía cun «film», o propio Valle-Inclán xa o vira e expresara en declaracións a *El Sol* («En el Español Don Ramón del Valle-Inclán lee su tragicomedia *Divinas Palabras*», 25-03-1933):

*Divinas palabras* parece el pretexto de un film. Por su acción —acción de ritmos múltiples: palabras y actitudes y gestos— y por su ambiente. Los paisajes de América —fríos y escuetos— no pueden brindar las posibilidades espectaculares de los paisajes de España y entre ellos el de Galicia, paisajes geográficos o paisajes psicológicos.

Isto foi o que Castelao logrou co seus decorados, a tenor dos devanditos comentarios e das recensións críticas da estrea, aparecidas nos xornais (Iglesias Feijoo, 1993: 639-691; Aguilera Sastre, 2000: 484-490). O eloxio foi unánime para a escenografía de Castelao, porque soubo captar «la modernidad plástica» de Valle-Inclán e soupo reflectir, mellor que calquera outro, a Galicia que don Ramón quería: «el escenógrafo ha sabido encontrar para sus fondos el espíritu del paisaje gallego» (*Alejandro Miquis en Nuevo Mundo, apud* Aguilera Sastre, 2000: 487).

A este periplo paralelo quédalle unha coda: pasados pouco máis de dous anos da estrea de *Divinas Palabras*, Valle-Inclán falecía en Santiago de Compostela. Castelao captou co seu lápis o derradeiro xesto de Valle-Inclán —o verdadeiro, segundo o propio don Ramón—, e perpetuouno nun retrato conmovedor (figura 11).<sup>14</sup> Era o 5 de xaneiro de 1936, o día que «a hombros» — lembraba Castelao na conferencia de 1939 «Lo he llevado a enterrar [...] ¡Jamás el cielo de Compostela lloró tanto!» (1971: 22).

<sup>14</sup> Este debuxo ten sido reproducido numerosas veces. A imaxen que aquí ofrecemos procede do Catálogo *Retratos de Valle-Inclán*, e no seu pé lemos: «Valle-Inclán morto, 1936. Lápis, tinta e papel. Museo de Pontevedra» (Valle Pérez, 2011: 78).





Figura 11. Retrato (lápis, tinta e papel) de Valle Inclán muerto, por Castelao. Catálogo *Retratos de Valle-Inclán*. Ed. Valle Pérez. Pontevedra: Museo de Pontevedra.

Despois deste percorrido incompleto, quero volver ao principio e rematar coa voz de Castelao nun artigo, esta vez publicado en *A Nosa Terra* no ano 1919, no que plantexa e responde ao interrogante que latexa ao longo e no fondo destas páxinas:

Podería preguntárenos: ¿Valle-Inclán é un artista galego? ¡Xa o vexo!; mais Valle-Inclán pensando, sentindo i escribindo en galego publica somente unhas traducciós literaes [do] castelán, i eu chámolle artista galego porque presinto, vexo, cos ollos da ialma, as suas obras escritas en galego (*A Nosa Terra*, 15-04-1919, apud Castelao, 1971:42).

Magister dixit.

## Referencias

- Aguilera Sastre, Juan (1997). *Cipriano de Rivas Cherif. Una interpretación contemporánea de Valle-Inclán*. Sant Cugat del Vallès: Coop d'Idees / Taller d'Investigacions valleinclanianas.
- (2000). «De *La Reina castiza* a *Divinas palabras*: Rivas Cherif ante el teatro de Valle-Inclán». En Margarita Santos Zas et al. (eds). *Valle-Inclán (1898-1998): escenarios*. Santiago, Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago, 449-499.
- Anónimo (1933). «En el Español don Ramón del Valle-Inclán lee su tragicomedia *Divinas Palabras*» *El Sol*, 25 de marzo de 1933 ([www.archivodigitalvalleinclan.es](http://www.archivodigitalvalleinclan.es)).
- Artemio. «Nuestras visitas. En el sanatorio del doctor Villar Iglesias. palabras de Valle-Inclán. El Vigo futuro y el mito de Santiago». *El Pueblo Gallego* (Vigo), 23 de marzo de 1924 ([www.archivodigitalvalleinclan.es](http://www.archivodigitalvalleinclan.es)).
- Fernández Pérez-Sanjulián, Carmen, (Ed.) (2016). *As irmandades da fala, cen anos despois*. A Coruña: Universidade da Coruña, 1.
- (s.d.) «A xeración Nós» Editado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (<https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/carne-fernandez-perezsanjulian/paratextos/2984/a-xeracion-nos>).
- Gago Rodó, Antonio (1998). «Regionalismo y literatura en Valle-Inclán. Textos (1925-1928)». En *Hesperia. Anuario de filología hispánica*. 1, 25-42.
- González Pérez, Clodio (1986). *Castelao: Caricaturas e autocaricaturas*. Sada-A Coruña: Edición do Castro.
- Iglesias Feijoo, Luis (1993). «La recepción crítica de *Divinas Palabras*». En *Anales de la Literatura Española Contemporánea*, 18/3, 639-691.
- López Vázquez, José Manuel (2009). «Cuadros para los pontevedreses «Café Moderno» y «Café Royalty»: el influjo de Valle-Inclán sobre Carlos Sobrino y Castelao». En *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, 12, 47-5.
- Manoel Antonio e Álvaro Cebreiro (2011). *¡Mais Alá! (1922)*. Rianxo: Casa Museo Manoel Antonio, Concello de Rianxo.
- Pérez Prieto, Victorino, (2020). *A xeración «Nós» no centenario da revista Sada: Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo*.
- Rodríguez Castelao, Alfonso (1971). *Galicia y Valle-Inclán (1939)*. Lugo: Ediciones Celta. Introducción de Alonso Montero.
- (1971). *Cousas da vida*. Vigo: Galaxia.
- (1976). *175 debuxos de Castelao*. Santiago: Caixa de Aforros de Santiago de Compostela. Edición numerada. Limiar de Filgueira Valverde.
- (2005). *Cousas*. Vigo: Galaxia.
- Santos Zas, Margarita; Martínez, Francisca; Serrano Alonso; De Juan Bolufer e Mascato Rey (2016). *Valle-Inclán, genio y figura / xenio e figura*. Santiago:

Servizo de Publicacións da Universidade-Xunta de Galicia-Cátedra Valle-Inclán.

Serrano Alonso, Javier (Ed.) (2017). *Conferencias completas de Ramón del Valle-Inclán*. Lugo: Axac.

Valle Pérez, Carlos (Ed.) (2011). *Retratos de Valle-Inclán*. Pontevedra: Museo de Pontevedra.



PARTE II

---

Desde *Nós* ao mundo. O mundo e *Nós*  
A revista vista polo estudiantado de Filoloxía

**Breve escolma**





# 1

---

## Contrafío de nós : *Nós, os inadaptados* de Vicente Risco

---

Daniel Chapela

A historia da literatura (galega, chiquitana ou inglesa) require, para producir un resultado aceptable, do estudo das relacións que se trazan no sistema-mundo, na *Weltliteratur* (levada ao seu máximo esplendor) da que falan Goethe e Marx. Así, traballar nas diversas literaturas nacionais de costas ás lecturas e influencias que os autores reciben, dá nun resultado distorsionado, unha especie de plano con eivas e borranchos.

Os membros da denominada xeración Nós son un exemplo da pertinencia de realizar investigacións profundas e que reborden os límites das literaturas nacionais. Pena (2016, pp. 329-331) sinala «a capacidade dos membros do grupo» de estar actualizados respecto do que se facía en Europa, dunha Europa «testemuño e garantía da orixinalidade galega».

Unha mostra dese ollar do Grupo, dunha apertura total a un continente no que se atopar e se reafirmar, lonxe do folclorismo, atopámola no artigo *Nós, os inadaptados*, publicado no número 115 da revista *Nós*. Nel, Vicente Risco deixa ver con trazos grosos as conexións entre o seu pensar e o de Floressas des Esseintes, o protagonista (e, realmente, único personaxe activo) da novela *À rebours* de Joris-Karl Huysmans.<sup>1</sup>

Os vencellos entre os inadaptados risquianos e des Esseintes son claros. Floressas, farto dun mundo hipócrita dominado por homes que non saben apreciar e valorar realmente a arte, decide illarse en Fontenay, lugar onde dá

---

<sup>1</sup> Para a preparación deste artigo empregouse a tradución de Isabel Soto, publicada en Editorial Hugin e Munin no ano 2016 baixo o título *A contrafío*.

pé a unha serie de extravagancias que afondan no exotismo<sup>2</sup> e no desprezo total de todo aquilo que fose tocado por homes *hylicos* e *psíquicos*. O narrador apunta tamén que «o simple feito de bater cun rostro humano na rúa converterase nun dos seus máis lancinantes suplicios» (páx. 40). Que é des Esseintes senón un exemplo de inadaptado total?

Agora ben, a diferenza dos inadaptados que trata Risco, Floressas renunciou xa ao medio natural. Para el, a natureza xa terminara de dar todos os froitos que lle correspondían. O límite aparece no Capítulo VIII, no que o protagonista recibe unha selección de flores e plantas que escollera persoalmente nunha saída extenuante do seu domicilio. Xacando, des Esseintes desenvolvera un gusto polas flores artificiais que imitaban as reais. Na actualidade, rexeitaba esa opción e decantábase polas flores naturais que semellaban artificiais.

Ademais, Risco considera que os homes do seu tempo e os mozos son «os derradeiros, os últimos d'un gran ciclo histórico», visión decadentista que unhas décadas atrás figuraba na obra de Huysmans. Así, des Esseintes considera que a súa biblioteca non ía seguir aumentando, ante a decadencia dunha literatura «depauperada» e «esgotada», coa lingua francesa en plena agonía (páxs. 264-266). Ambos os dous cren estar ante o final, asistindo ao desmembramento da cultura e do mundo que presenciaron, froito da acción de aqueles que, coas súas pretensións e amosando posuír un falso coñecemento cultural, terminaran por botarlle a campá aos dous sistemas.

Mais, no esforzo por profundar nas conexións entre des Esseintes e Risco, non é baladí deterse nas bibliotecas que atesouran. O ourensán dálle un lugar especial a Edgar Allan Poe, a quen sitúa «por riba de todos». Na mesma liña, o habitante de Fontenay califica o autor inglés de «fondo e estraño», sinalando as súas coincidencias no pensamento (páx. 253).

Porén, é nos poetas franceses nos que o vínculo entre eles se estreita, até o punto de que dos cinco autores enumerados por Risco como as súas lecturas, tres aparecen como referencias para des Esseintes. Baudelaire é o primeiro, un poeta que «descifrara nos xeroglíficos da alma o declive dos sentimentos e das ideas» (páx. 253). Tamén comparten a Verlaine e Mallarmé. A diferenza recae na ausencia de Rimbaud e Laforgue, mais o motivo de que non figuren é obvio e así o sinala o francés no prefacio que escribiu vinte anos despois da novela: ningún dos dous autores publicara ningunha obra cando Huysmans deu o prelo *À rebours*, mais para el «merecerían figurar no florilexio de Des Esseintes» (páx. 308).

Tamén comparten as lecturas de Ernest Hello, mais difiren notablemente no gran filósofo de cabeceiro. Risco fai alusión a Nietzsche, mentres que des

---

2 O exotismo de des Esseintes e o de Risco ten puntos en común (a búsqueda do lonxano, por exemplo), mais o do primeiro supera os límites da lóxica para decantarse.

Esseintes atopa o seu espazo ao abeiro de Schopenhauer.<sup>3</sup> Con todo, no capítulo final de «Á rebours» o protagonista rompe co vínculo con este pensador, decatándose de que o seu pesimismo non o satisfacía e só o faría a confianza nunha vida no alén. Este esboroamento no seu pensar é veloz (tanto no tempo da historia coma no do relato), e fai que des Esseintes termine lanzando unha súplica a Deus.

Cómpre atender, con todo, os procesos que seguen Risco e os do seu cenáculo co de des Esseintes. Ambos os dous realizan unha viaxe ao seu ser ou, por citar a Risco, arredor de si. A peregrinaxe que amosa no inglés de Chesterton ou en Adrián Solovio, aparece, dun xeito un tanto distinto en des Esseintes. Este parte da súa residencia cara a París nunha viaxe que o vai levar a Gran Bretaña. Após experimentar todo o que alí sentiría, asistindo a unha librería con guías de viaxe, a locais de ambiente inglés etc., regresa a Fontenay canso como se tivese realizado unha viaxe real ao país veciño e apreciando numerosas sensacións que, pola rutina na que vivía, non fora quen de experimentar en moito tempo. É, dunha forma un tanto vaga e diferente, a viaxe que Risco amosa, a realidade de que con esa viaxe un pode encontrar un novo mundo que é, ao cabo, o que tiña ante os seus ollos pero que non podía ver.

Con todo, a diferenza entre o personaxe e Risco aumenta conforme chega o final do proceso, tal e como o de Ourense explicita en *Nós, os inadaptados*. Mentres que des Esseintes segue inmerso no seu mundo do eu, Risco e os seus retornan ao medio social co obxectivo de cambialo e malealo para que se asemelle ao máximo posible ao seu punto de vista.

En conclusión, coido que unha parte dos vencellos entre Risco e a obra de Huysmans (en especial co seu des Esseintes) quedan á vista. Lecturas comúns, inadaptación ao medio social e fastío polo mundo que os rodea son os nexos claros. Non obstante, a brevidade que este texto require, así como o feito de que o resto da obra de Risco non poida ser, consecuentemente, obxecto de análise, deixa fóra destas breves valoracións persoais, cuestións chave como a estética e o estilo que o autor d'*O porco de pé* transpuxo de Huysmans (ao igual que Otero Pedrayo).

3 Aínda que este influíu de forma notable en Nietzsche, houbo un claro distanciamento na súa filosofía.

## **Referencias**

Huysmans, J. (2020). *A contrafío*. Santiago de Compostela: Hugin e Munin.  
Pena, X.R., 2016. *Historia da Literatura Galega III. De 1916 a 1936*. Vigo: Xerais.

## 2

---

### De Alveiros a Feijóo: notas críticas de *Nós, os inadaptados* de Vicente Risco

---

Miguel Batalla Liste

#### 1

O que queda hoxe da aportación colectiva da xeración Nós? O publicista Xosé Manuel Beiras respostou a esta cuestión cun rotundo «prácticamente todo». Neste escrito a tese sostida será a oposta: non queda practicamente nada. Non queda nada no intelectual, no literario ou no artístico; se ben o diferencial practicamente queda na realización plena dos ideais e formas de vida irracionalistas e autoritarios dos autores dese grupo (do que Vicente Risco é o autor máis destacábel), na estética do rexime político galego dende a fin da guerra de España até os nosos días e nas prácticas frívolas e intelectualmente baleiras que a festexan e reproducen.

A esixencia dunha publicación académica que conmemore o centenario daquel grupo de escritores ourensáns chama a atención dende unha perspectiva científica e crítica; podería ter interese a aproximación sociolóxica ou de estrutura económica... como a revista *Nós* foi financiada polos industriais e financeiros rexionais, mais salientar os compoñentes literarios e artísticos non é unha posición sostíbel un século despois.

No ano 1947, no exilio americano, o crítico europeo Sigfried Kracauer publicaba *De Caligari a Hitler. Unha historia sicolóxica do cine alemán* no que establecía a xenealoxía do irracionalismo alemán a través da análise cinematográfica e pesquisaba as correntes culturais que fixeron posíbel a destrución dos xudeus europeos. Del tomo o título para insinuar como a produción intelectual dos autores galegos da fin-de-século, paralela á dos autores centroeuropeos, dá como resultado a destrución da posibilidade mesma de ser de Galicia.

Serán estas unhas nota persoais, reflexivas e subxectivas, posíbelmente lidas como non científicas; mais a posibilidade dunha revisión bibliográfica faise inaccesíbel pola mala literatura científica sobre este tema. O texto *Nós, os inadaptados*, foi recuperado dende o manuscrito orixinal, pois na altura do ano 2021 non existe unha edición das obras de Vicente Risco. O espírito do 18-de-julio que reina con maxestade nas institucións coloniais galegas (Universidade de Santiago, Consello da cultura, Xunta de Galicia & c.) reproduce formas de coñecemento que anulan calquera vislumbre ou calquera práctica da pharresia humanista.

En calquera escenario, a predecida desaparición do idioma galego na fin do século 21 torna o que tería de ser un traballo de crítica literaria nun de arqueoloxía das formas sociais.

## 2

O pronome Nós é utilizado por infinitas persoas e colectivos na Galicia contemporánea como forma de autoafirmación e de memoria grupal. Dende a productora da cineasta Margarita Ledo ao extinto movemento político NÓS-Unidade Popular, todos pretenden o enganche no elo dese movemento cultural. Pero cal é a característica central deses autores? A negación absoluta da memoria galega, das súas tradicións culturais e espirituais e das súas prácticas literarias. Unha lectura superficial do texto *Nós, os inadaptados*, amosa tanto as influencias intelectuais como as amnesias e os desprezos do autor. Risco expón os seus referentes (máis estimados ca lidos), todos cantos non lembra ningúen: Huysmans, Rysbrock, Bloy... sen unha soa cita a ningún autor galego. A alta tradición cultural da idade media e o proxecto intelectual e estético dos autores da literatura clásica galega moderna son desprezados, ignorados e negados.

O paradigma europeo (alemán na súa meirande parte) no que Risco se enfía non é ningún outro que o dos restauracionistas antimodernos, sendo o seu paralelo (obviando as diferenzas de categoría) o poeta Stefan George. O desprezo polas masas, polas clases sociais, pola utopía revolucionaria e a defensa dunha sociedade orgánica son os elementos que constitúen o seu pensamento. É de xustiza recoñecer que en ningún outro autor europeo equivalente se atopan expostos con tanta claridade os elementos fundacionais da súa ontoloxía. A falla do seu pensamento está en non ter tirado nin unha soa conclusión dos seus principios.

Para unha análise de *Nós, os inadaptados* no contexto europeo suxiro a lectura da tese de doutoramento (Universitat de Barcelona: sen publicar, 1995) de Joaquim Ventura I Ruiz, «El Grupo Nós i la cultura europea: autoretrat



d'una generació». Aprobamos a tese nela exposta de que o elemento nuclear do pensamento risquián e que o permite a súa entrada no galeguismo son as doutrinas teosóficas. Con unha formación clásica e rigorosa tería unha evolución similar á do xermanista Hans Balthasar (Paul Silas Peterson, *The Early Hans Urs von Balthasar. Historical Contexts and Intellectual Formation*. Tübingen: De Gruyter, 2015), mais ao tratarse dun funcionario de provincias a fascinación polo delirio rechamante dun Rudolph Steiner foi capital.

### 3

O proxecto político e estético exposto por Risco foi levado á fin dun xeito absoluto polos seus continuadores a partir dos anos cincuenta do século pasado. Unha vez acabadas as accións militares e as depuracións ideolóxicas e raciais, o produción dos galeguistas continuou as súas ideas-forza até o noso presente histórico. Quen non pode ver reflexado nas confeccións de Adolfo Domínguez, na louza de Sargadelos ou nos filmes de Oliver Laxe o mesmo desprezo por Galicia, pola razón e pola verdade?

Se das teimas decadentistas dos ideólogos do século XX o resultado foi o efectivo exterminio dos xudeus europeos, das teimas salvacionistas do grupo Nós produciuse a realización concreta dos proxectos dos axiotistas que o financiaban. Nas administracións das últimas décadas no noso período histórico está a súa conclusión temporal.

### 4

O tempo non é lineal. Mal que lles custe comprendelo á clase dominante é aos profesores encargados de propagar a súa ideoloxía, as correntes históricas fanse efectivas con saltos cronolóxicos. O proxecto dos pioneiros da literatura clásica galega moderna, liquidado polos autores do primeiro terzo do século 20, é o único coa posibilidade facerse vixente no século 21.

Se a esixencia de que Auschwitz non se repita é primeira de todas (Theodor Adorno, *A educación despois de Auschwitz*, 1966), e se pola contra non saímos del; se as tradicións intelectuais que preparon o primeiro fascismo só dan en se intensificar, que pode un agardar? Tan só saber que todas as prácticas de resistencia contemporáneas se fixeron seguindo un só berro:

PARA TODOS TODO, NADA PARA NÓS!

## Nós os inadaptados, de Vicente Risco, número 115, 25 Xullo de 1933

NOS

115

# N Ó S, O S I N A D A P T A D O S

POR VICENTE RISCO.

**P**RESENTO eiquí non *frente a*, senón *diaute de* a gente moza que ven atrás de nós na renacementa galega, certos supostos viventes no cerne do sistema de coincidencias dos homes do meu tempo. Istes supostos poden fornecer a espricadeira do noso xeito especial de sentir e pensar, que difire en moitas cousas do d'aquiles que veñen atrás de nós. E teñen ademais, no mundo do esprito, atal e como hoxe está constituído, tanto dereito a ser tidos en conta, coma poidan ter os supostos novos nos qu'outros homes se basean.

O vir a conto o tratamento d'iste asunto, justificase dend'o istante que por algús mozos, continuadores mais ou menos trocados dos qu'hai uns anos chamábanse a si mesmos os *novos*, preténdese unha sorte de reviramento total do pensamento galego culturalmente militante. Justificase aínda mais, cando, ollando dend'a a nosa banda, o pensamento galego atópase n-un intre no que non podemos adiantar con seguranza vendo o d'hoxe, o que vai a ser mañá.

Poño por diante que non dou tino á teoría hestórica das geracións que n-un desesprado esforzo inventou o pensador hespañol Ortega e Gasset, de tan excesiva influencia na mentalidade d'algús mozos galegos de hoxe. A verdade é precisamente o contrario do que pensa o Prof. Ortega, me non podo detér a decir porqué.

Aínda dúas cousas mais enantes d'encomenzar: por moi difrentes que sexan de nós os mozos galegos mais novos, por moito qu'os seus supostos difiran dos nosos, sempre haberá antr'iles e nós unha coincidencia fundamental: iles e nós, somol-os derradeiros, os últimos d'un gran ciclo hestórico; iles e nós somos homes das postrimerias. Somentes qu'a mocidade moderna —eu seiño porque teño lido moitos dos seus escritos— semella non decatarse ben d'elo, namentras

que nós si. A idea da decadencia d'Ocidente era unha idea vivente en nós moito antes de que Spengler tivera pensado en escribir o seu libro. Pol-o 1912, tiña eu escrito outro libro no mesmo senso que ficou inédito, e qu'ó de Spengler iutilizóu pra sempre.

Mais, adentro d'isto, hai a circunstancia d'estarmos nós colocados pol-o azar hestórico no lindeiro de dous tempos difrentes: o dos nosos pais, e o dos mozos mais novos. Por iso podemos nós comprender ben o qu'istes pensan, deámoslle ou non asentimento.

### I

Eu caracteirizaría aos homes do meu tempo preocupados pol-as cousas do esprito, dicindo qu'eramos —e somos— os auténticos *vencidos da vida*. Moito mais vencidos do que Eça e que Ramalho. Insatisfeitos, non conformistas, de cote rebeldes. Vencidos da vida por *inadaptados*.

O problema dos inadaptados é un dos grandes problemas das decadencias. Hai n-ises tempos d'economía, de polítea, unha chea de naturezas estremamente delicadas e coscentes, depositarias das mais depuradas esenciais da cultura, que embora non sexan dispreciadas nen perseguidas, embora se vexan mesmamente agarimadas e ajudadas, non poden sentirense solidarias co-a marcha hestórica do momento. E son os malcontentos, os difíceis de gusto, os dispreciativos, os disgustados de todo, os qu'andan á procura das cousas lonxanas, estranas e requintadas, os anormais por supernormais.

O tipo deuse adoito na fin do século derradeiro, e atopou cecais a mais nidia expresión literaria no Des Esseintes de Huysmanns. O tídoo da novela de Huysmanns díto: *À rebours*; porqu'iso é o que son os inadaptados, os que van a contraño do seu tempo,

os que non acaen cos seus contemporáneos. Des Esseintes é realmente un chillado, porque evidentemente, a esaxeración do tipo pode ser morbosa, mais por mais que sexa un chillado, non perde endejamais a nobreza.

Citei a Huysmanns atergo, porque foi un dos nosos mestres. A nosa cultura d'auto didactos, formada coma Deus ben quixo, lendo libros e libros conforme nos viñan ás maus, se ben uns turraban pol-os outros, fíxose principalmente en libros franceses. O francés era d'aquela a única lingua estranxeira que coñeciamos ben, anque n-aquilo tempo da nosa mocidade, por eiqui en Galiza, a máis moda era o inglés. Nos sabiamos algunhas verbas ingresas pra misturarmos na conversa, por moda, n-aquilo tempo en qu'a derradeira expresión da elegancia n'a nosa Terra, eran os empregados do Cable de Vigo.

D'Ingraterra, ltamos en traducións a Ruskin, Carlyle, Swinburne, Rossetti, e dos escritores de lingua inglesa, por riba de todos, a Edgar Poe. Mais ja digo, as nosas leituras predominantes eran francesas: en poesía, Baudelaire, Verlaine, Mallarmé, Rimbaud, Laforgue; en novela e conto, Huysmanns, Peladan, Jean Lorrain, Rachilde; na crítica, Remy de Gourmont; no teatro, Maeterlinck. Aínda n-isto, tiñamos a Ibsen e mais a d'Annunzio, único italiano qu'entraba na nosa preferenza. Os nosos filósofos eran Nietzsche, e algúns místicos que nos descubrira Maeterlinck, coma Ruysbroeck o admirábele, Novalis, Emerson, Ernesto Hello. Despoixas procurábase outros escritores mais raros aínda: León Bloy, o Conde de Leautremont, Dos exóticos, Omar Khayyan de Nischapur, e mais tarde Rabindranath Tagore. Hespáñol, moi pouco: Ganivet, por riba de todo, e os primeiros modernistas; dos portugueses, Eça de Queiroz, Lopes Vieira, e principalmente Eugenio de Castro; algúns catalás: Maragall, o Xenius da primeira época, o esquecido Diego Ruiz. D'América, Rubén Darío e algúns argentinos raros que non lembra ninguén.

O noso espírito zougou d'esas fontes unha ideoloxía vaga, non ben determinada, ceais contradictoria, qu'entrou en nós fundamente

e pra sempre, e pouco e pouco, paseniñamente foi collendo corpo e determinou o qu'habiamos ser, pensar e sentir.

Cultura propia pra introvertidos, filosofía d'abstractores de quintas esenciais, d'habitadores das torres d'almasi. Efectivamente: introvertidos fomos ata non chegar a nós o galeguismo. Vivimos solagados nos ensoño, moito mais do que no pensamento propiamente filosófico. Non embargante, tiñamos já d'aquela, e temos, unha filosofía, un verdadeiro sistema orgánico e vivente, unha concepción do mundo e da vida tan valedora com'a de calquera filósofo sistemático, mais se cadra, qu'a de moitos actuais profesores de filosofía.

O noso pensamento, é o d'unha geración qu'aínda acordou os derradeiros esprendores d'un mundo que morre, esprendores que, probablemente, os mozos que veñen atrás de nós, non poderán já ver na vida. Do mesmo xeito qu'unha candeia ou unha lámpara d'aceite cando vai morrer, a súa flama bota enantes súpetas e cintilantes luzadas, asína a Europa moribunda ostentou aínda na fin do século derradeiro, os luminosos ouros trunfais da poesía simbolista, da pintura impresionista e postimpresionista, da música de Wagner e de Strauss.

## II

Primeiramente, deprendimos dos nosos mestres, a odiar o noso tempo.

Os inadaptados son, por definición, os insatisfeitos do mundo sensíbele, os inimigos da realidade cotián, os que procuran fuxir do meio qu'os arrodeia. D'eiqui a concepción da arte com'*evasión*.

Mais, enténdase ben: nós non desbotámo-lo meio natural, non condanábamo-lo natureza. Pol-a contra, rousseauianamente —millo diría: superousseauianamente— paseabamos pol-a campia, procurábamo-la aldeia, e mais aínda qu'a aldeia, o monte; sintiamos já d'aquela a intimidación da paisaxe, e atopábase-millo paladar canto mais salvaxe, canto menos aparecera profanada pol-a maúdo home.

O inimigo estaba n-outro lado: non fuxiamos do meio natural, senón do meio social que nos arrodeaba.



Eiquí compre que nos espriquemos ben, porque hai unha parte da mocidade d'agora en franca rebeldía contra da sociedade actual, que naturalmente, é mesmamente a mesma do noso tempo. Mais antr'a rebeldía d'ises rapaces e a nosa, non hai nada de común; son mais ben rebeldías de senso contrario. Ises rapaces móvense por un intrés social, levan, trabucada ou non, unha idea de melloramento, de pretensa perfeición, de reforma da sociedade. E tiran as súas ideas de reforma, crar'está, de conceptos e sentimentos correntes na sociedade actual, na que viven; a súa reforma social mesmamente, pretende responder ás tendenzas ou ás necesidades dos homes modernos, ou sexa, dos homes espiritualmente formados nos supostos d'esta sociedade que se quer reformar. Iles opoñen á sociedade actual unha sociedade futura na que as esigenze dos homes da sociedade actual han ser satisfeitas, mediante o desaparecemento das condicións sociáis vigentes. N-unha verba: son *utopistas*.

Pois ben, nós non eramos d'ise xeito. A nós non nos movía ningún intrés social, non arelabamos ningunha reforma, non opuñemos á sociedade actual ningunha sociedade futura.

A nosa rebeldía consistía en segregármolos espiritualmente da sociedade, desaparegármolos das súas tendenzas e dos seus problemas, isolármolos na nosa alteirosa indifrenza dos seus afans e trafegos, das loitas e porfias, e acomprírmol-o noso rol sen ledicia e sen pena, e principalmente, sen intrés ningún. Eiquí debo lembrar a atinada ouservación d'outro dos vedoiros da decadenza, o Sar Peladán; pón iste coma un dos mais característecos os fenómen do noso tempo — época contemporánea, «a indifrenza dos actores sociáis pol-o seu rol». Isto qu'il costataba coma feito, tiñamol-o nós como doutrina. Pra nós, a profesión, o emprego, a angueira, non era nen debía ser mais qu'a maneira de tirar unha soldada pra vivir, non podía ser tomada en serio, e aínda era coma que vergoñento amostrala fora da oficina, do despacho, do taller. Fora do sitio ond'un traballaba, recobrava un a súa inteira persoalidade de Fulán de Tal, e non tiña já cou-

sa ningunha que ver cos chefes, mestres nen compañeiros. Pertencía un a outro mundo.

Compañeirismo, solidaridade profesional ou de clás, eran com'a políteca, os intréses públicos, a reforma social, a sociedade futura, a revolución, a utopía, preocupacións e angueiras propias dos filisteus.

O *filisteu* era por definición o home preocupado da cousa pública e dos seus graves asuntos: da política, do sufragio universal, dos programas dos partidos, da banda municipal, do periodismo, das formas de goberno, das Academias, dos Jogos froroes, da vontade popular, da pavimentación, do alumbrado, do problema social, da instrución pública, do Capital, do Traballo. Todo home d'ise xeito constituído, fora il conservador ou revolucionario, mitineiro ou cacique, gardador ou perturbador da orde, era — e ha ser sempre — un filisteu. A súa representación simbólica era o señor grave, notario, magistrado, interventor da Facenda, con bimba e leontina d'ouro; mais tamén o obreiro de blusa ou mahón era filisteu.

Baixo do nome de filisteu, de bon burgués, de Mr. Prud'homme de *Celui qui ne comprend pas*, iste persoage encarnaba de cote pra nós o senso social da vida. Pol-o tanto, era o nemigo. Ata certo punto, éranos lícito seducir aos seus fillos e raptar ás súas fillas.

Imos aínda mais adiante: así coma moitos rapaces d'agora viven moi satisfeitos no seu tempo, porqu'o seu pensamento acae ben co periodismo, co industrialismo, co politicismo, etc., etc., e os que reaccionan contra do ambiente real é obedecendo ás correntes ideás qu'atra vesan ise mesmo ambiente, nós reaccionabamos, non somentes contra do ambiente real, senón tamén contra do ambiente ideal, contra dos ideás todos da sociedade moderna.

Eramos, n-unha verba, antigregarios, antisociáis.

### III

Eramos singelamente *individualistas*.

Contra do ambiente social, real e ideal, do noso tempo, opuñamos un zelo da nosa liberdade, qu'aos rapaces d'agora halles semellar disconforme. Conservamos aínda ise

zelo da nosa liberdade. Ben sabemos que pasaron os tempos en que se podía conservar a liberdade na vida social; sabemos que hoxe, na vida moderna, a liberdade é imposible; mais non renunciámos de ningún xeito á nosa liberdade interior que hemos afirmar de cote, impenitentemente, por fronte a todol-os imperativos qu'os tempos nos queiran impôr. Nós fixerámonos libres de todol-os vencellos, sen quitar un. Hay hoxe moitos rapaces, e tamén moitos homes do noso tempo e moitos vellos, que din que se ceiban da patria, da relixión, da familia, de todas esas cousas ás que chaman prejuizos, sen por elo ficaren libres, porque, ou son vítimas dos prejuizos contrarios, ou ao menos, fican mais sujeitos aínda ao pensamento que semella dominante na época—por que iso de que «hai qu'ir cos tempos» é tamén un prejuizo, unha obriga e unha escravitude—e de todos modos allean a súa liberdade en servizo d'utopías e programas sociais e politicos.

Ten que ser d'iste xeito, porque así coma o noso tempo era centrífugo, o d'agora é centrípeto e gregario. Ajúntanse d'unha beira as forzas destrutivas da cultura—pol-o menos da cultura actual e tradicional, única coñecida—e témol-o comunismo; ajúntanse d'outra as forzas defensivas, e témol-o nacionalismo. Moitas veces hai antr'estas duas tendencias gregarias—porque hoxe ata pra disgregar compre agregarse—transacción e acordo. Niste ambiente, no pensamento e no sentimento dos mozos, predomina a solidariedade. Sintense solidarios os da mesma idea, os da mesma clás, mais non é isto soilo: sintense solidarios os dos mesmos anos, cousa que non acontecen dende as *clases d'idade* de certos pobos primitivos, o qual pode querer indicar qu'as culturas acabán por ond'empezan.

Non hai mais que ver o diferente significado qu'agora e entón ten e tiña a verba *nós*. Cand'un do meu tempo dicía *nós*, se non refería endejamais aos da súa geración, nen aos da súa clás; referíase de cote a un pequeno agrupamento identificado no pensar ou no facer, a unha escola, a unha capela, a un cenáculo—o noso tempo foi o dos cenáculos literarios e artísticos. En troques can-

d'un mozo d'agora di *nós*, refírese as mais das veces ao do seu tempo á súa geración. Non foi outro o senso dos «movementos de mocidade».

A nosa aitude tiña, naturalmente, unha derivanza moral. Era aquela unha verdadeira doutrina moral sen obriga nen sanción, encomendada á conciencia de cada un de nós. Moral individualista, viña ser no fondo a moral do culto do eu, pouco enantes padricada por Maurice Barrés. Todo nos estaba permitido non sendo a infidelidade ao propio eu, todo esente unha treición á propia persoalidade, todo quitando un d'avecemento do individuo. A régula suprema era ser o qu'un é deica o fin, ser fidel á interna lei persoal do eu concreto e ceibe, sen concesión a ninguén nen a nada. Era unha moral de soberbios.

Pol-o tanto, e obedecendo ao axioma «ser diferente é ser eisistente», cada un de nos puña o seu empeño en non asemellarse aos outros en opinións, en gustos, en costumes, en dar a toda a súa vida un rubro persoal e distinto. Non andamos os ús atrás dos outros, coma moitos hoxe fan, non seguíamol-a moda, nen xiquera no vestido; aínda n-isto cada un procuraba levar algo qu'os outros non levaran. Non ademitiamos nada uniforme nen en serie, antes ben procurabamos de cote o que nos alonjara da moitedume, da usanza geral. Tiñamos noxo ao adocenado, ao vulgar, ao común, e calquera raridade, calquera extravagancia, atopaba en nós quentura e aplauso.

#### IV

Deiquí viña tamén a procura do exótico.

Non eramos, crar'está, internacionalistas nen cosmopolitas. Internacionalismo, cosmopolitismo, desaparición das fronteiras, fraternidade universal, eran ideas que pertencían á bagaxe dos outros, dos filisteus. Mais tampouco éramos patriotas. O patriotismo d'aquela era o patriotismo hespañol de pèrcalina e marcha de Cádiz que pertencía ao común da gente, ao vulgo profano; aínda o casticismo era unha cousa oficial, académica e filisteia. Nós eramos exotistas, partidarios do lonjano, do recuado, do desco-



## NÓS

ñecido. O noso ensoño iba car'as terras exóticas, onde se non coñeceran as máquinas e os homes non levaran chistera; os recantos aínda case inéditos da India, da África central, do Thibet misterioso, ou car'os tempos antigos d' Egipto e Babilonia.

E andivemos pelengrinando pol-as cosmogonias e pol-as culturas en demanda do insólito. Interrogámos os misteiros dos Egiptios en Samblico, en Plutarco, nos hieroglifos, en libros modernos como do egiptólogo alemán Adolfo Erman en col da magia egipcia. Buscámosll'as voltas ao Buddhismo; solagámonos na teosofía, procuramos revelaciós no Popol Vuh de Guatemala, no Libro da Geración d' Adán dos Nabatheus, no Kalevala de Finlandia, en Eliphaz Levi e mais en De Mirville. Eu mesmo metínme a estudar as relixiós da India, as seis Darshanas ortodoxas, os sistemas disidentes de Siddhartha e de Mahavisa, as filosofías malditas dos Lokayata, dos Saktistas e dos Thoug; cheguei a deprendel-as declinaciós e conxugaciós sanskritas, a lér decorrido o alfabeto devanagari.

Non sintiamol-o hespoñol, e se respeito da Europa éramos orientalistas, respeito da hespaña éramos europeistas, E cand'outr'os escritores modernistas, que nós coidabamos que dician conosco, emprinciaron os cantos a Castela e á vella España, foron por nós condenados ao esquecemento e ao dispregio.

## V

Ben crar'está qu'esta precura do lonjano e do exótico viña do odio ao noso qu'atopabámos, con razón, ategado de vulgaridade e de fealdade.

Sabíamos, ademais, qu'esta vulgaridade, qu'esta fealdade non tiñan enmenda, e por iso éramos pesimistas. En xeral, o mundo, pra nós, era cousa qu'había qu'aturar c'unha postura de dandysmo.

O noso tempo, coscente da decadenza, foi en xeral pesimista. Mais atrás de nós xurdiu unha polvoríña d'optimismo. Señá que as doutríñas e teorías acochen a verdadeira realidade debaixo do seu ouropel, seña pol-o que fôr, os mais dos rapaces d'agora semellan non deprocatarensen de seren homes das

## 119

postrimeirías, e moitos crên ou fan que crên que'están inaugurando un novo ciclo histórico. Algús mesmamente chegaron a unha solución desesperada: invirtiron as nociós tradicionás do belo e do feo, e emprinciaron a defendel-a beleza dos cachivaches e trebellos do chamado progreso. Outros, mais francos, chegaron a dicir qu'a arte non tiña que ver coa beleza, senón coa fealdade. Semella qu'estas aitudes están já anticuadas; mais o optimismo sigue, e os mais áchanse satisfeitos no seu tempo e identificados coas correntes que coidan domiñantes. Por certo que, n-iste mundo, non se contenta o que non quer.

## VI

Compréndese tamén qu'a nosa moral individualista do culto do eu non fose unha moral pensada pra todol-os homes, que non pretendéramos que fose universalmente valedeira.

Efeitivamente, longe de pretendermos pra ela unha valideza universal, coma facían os filósofos e fan hoxe os profesores de filosofía, gardábamola com'un privilegio.

Era unha verdadeira moral de caste, mais non de caste social, senon de caste espiritual.

Nós tiñamos un concepto hierárquico dos homes, coma queda indicado nas devanditas alusiós ao vulgo profano e aos filisteus. E tampouco desbotábamos de todo as distincións sociás cand'elas tiñan unha orixe superior ao *consensus*, coma é no caso da nobreza de sangue e nas diferenzas d'educación—comprendendo esta verba no senso que lle dá a sociedade, e non no que lle dá a pedagogía.—De tal xeito que algús de nós, fidalguíños de non moí outa categoría, andabamos preocupados coa nosa arbre genealóxica, precurando entronques e antiguidade. Mais o esencial era sempre pra nós a superioridade do espírito.

En todo caso, sintiamos máis fundamente o que nos arredaba do que nos achegaba aos demais homes. Levabamos o *pathos* *ña distancia*, que dicía Nietzsche. Nada mais longe da nosa y-alma, qu'o pensamento ou o sentimento da igualdade, qu'atopabamos antinatural e depresiva. Puñámosl-o acento no espírito, e o espírito é de cote hierárquico.



Por iso, se pasamos por moitas cousas, non pasamos endejamais pol-o socialismo, nen por ningunha das doutrinas semellantes, s'algunha vez algún de nós manifestou simpatías pol-o anarquismo, foi porque vía nil a destrución d'unha orde de cousas qu' atopabamos noxento, non porque nos resultara menos antipática a orde de cousas qu'o anarquismo viñera a instaurar.

Nen a nosa moral, nen o noso pensamento, nen a nosa arte eran pra todol-os homes. Pol-a contra: un libro, un cadro, unha peza de música, eran pra nós de tanta mais valía, canto por menos gente foran comprendidos. A arte non tiña un rol social; era o goce esotérico dos escolleitos, era unha revelación mística, era a fenestra de Mallarmé d'onde a qual viransell'as costas ao mundo, era a evasión dos insatisfeitos, o trunfo dos vencidos da vida.

## VII

Pra obter a revelación suprema da arte, cumpría, asegún nós, poseer un ingrediente psíquico que por non ter outra verba millor, chamabamos nós *esprito*.

Non é cousa doada espricarmal-o que é o esprito.

Dende logo, o talento non é. De toda certeza, hai moitos filisteus con talento, somentes que non hay ningún que teña esprito. Con talento, pódese ser todo: ministro, enxeñeiro, presidente do Supremo, arqueólogo, catedrático, inventor, revolucionario, bispo, matemático, médeco, agitador obreiro, arquitecto, coengo, general, escritor, frade, escultor, pintor, se cadra músico, sobre todo cantante, aínda executante. O que já non semella posíbele é ser verdadeiro artista, verdadeiro filósofo, verdadeiro santo. E tamén é un feito que tendo esprito, resulta pol-o menos pouco doado e pouco gustoso ser ministro, enxeñeiro, presidente do Supremo, etcétera, etc.

Non por iso váiase pensar qu'o esprito é o genio. Coecais o genio se non dea sen esprito, pol-o menos o genio verdadeiro, porque por exemplo o difunto Edisson, que todos tiveron por un genio, pra nós era un ser absolu-

tamente carente d'esprito. Pol-o demais, o esprito pódese dar sen genio, porque senón, nós que non eramos genios—non se vaia pensar que nós nos tiñamos por genios descoñecidos—non poderíamos ter esprito.

O esprito non é tampouco o senso estético, embora o verdadeiro, o fino senso estético, cando é excepcional, está comprendido no esprito. Mais iste abrangue moito mais. E' dende logo cousa que ten estreita relación co-a estimativa e lle sirve de guieiro. E' cousa que s'adona dos verdadeiros valores, e aínda d'aquelo que mais alén dos valores, poidéramos chamar o senso derradeiro das cousas.

O esprito non é patrimonio de todol-os homes. Con relación a isto, nós viñamos a clasificar os homes, virtualmentes, en tres tipos que veñen corresponder aos tres tipos en qu'os diferenciaban os gnósticos e os priscilianistas: *hylicos*, *psíquicos* e *pneumáticos*.

Os homes vulgares, os homes do común, corresponden aos hylicos ou materiais; os homes de talento, os simplemente cerebrais, corresponden aos psíquicos; os homes d'esprito corresponden aos pneumáticos.

Ora, ben se pode comprender que as diversas épocas históricas caracterízanse, ou millor aínda resultan, da predomianza d'un d'ises tres tipos humanos.

Toda gran cultura xurde d'un estado anterior en qu'os homes vulgares, os hylicos, predomiñan e fan a historia. E xurde a gran cultura pol-o aparecemento senón súpeto, pol-o menos imprevisíbele e debido a causas descoñecidas, d'un fato d'almas egregias, supernormas, d'homes con esprito, qu'abesullan o senso e crían a protoforma d'aquela cultura. Aquela cultura medra e ascende pol-o acrecemento progresivo do esprito, ata que chega un punto en qu'o pulo espiritual, caracterizado pol-a fé, pol-a inventiva, pol-a inventiva, pol-a pantesía, pol-a ledicia, vai esmorecendo pouco e pouco, e o talento, caracterizado pol-a razón racionante, pol-a crítica fría, pol-a régula e a medida, vai montando por riba do esprito. Pasenifamente vai medrando a preponderancia social do filisteu, namentral a crítica, rillando os fundamentos de todo, minando o basamento espiritual da cultura e traguendo o primado

## NÓS

da utilidade, a preocupación económica, preocupación filisteia por antonomasia, materializando a vida, vai faguendo qu'esta vaia voltando a cair nas maus dos vulgares, dos hylicos, que já non son os vulgares ingenuos do estado primeiro, senón os bárbaros armados das armas da cultura, aos que pertence o trunfo final.

E' o qu'está sucedendo precisamentes nos nosos días.

Como se comprende, no tempo do predomiño do talento, cuia etape derradeira na cultura occidental aínda, mais d'ouvido que de presenza, acordamos nós, os homes d'esprito, se ben tolerados pol-a sociedade, non deixan de seren considerados coma seres mais ou menos anormais, e aínda unha miña perigosos. No futuro predomiño dos vulgares, han ser probabelmente perseguidos, ou pol-o menos, farantles a vida imposible.

Os homes d'esprito, no tempo do predomiño do talento, devenen inadaptados. A historia próbanolo coa tragedia patente de caxque todol-os genios d'iste tipo. Mais coñecémol-a tragedia d'un Shéllley ou d'un Leopardi, e descoñecémol-a tragedia muda de todol-os homes d'esprito que non chegaron a seren genios.

Por iso dixemos qu'o problema dos inadaptados era un dos grandes problemas das decadenzas.

D'eiqui a pena que dá o trabucamento de tantos mozos d'agora con esprito, que cheos d'optimismo danse a servil-os ideás do noso tempo. Cumpria que sousesen distinguir ant'os ideás d'unha época, maginados pol-a conciencia dos homes, e as tendenzas verdadeiras qu'incoscientemente os levan ao mellor onde non queren. Nos tempos criadores, ideás e tendenzas solen coincidir; nos tempos de disolución, as mais das veces, ideás e tendenzas non coinciden.

En canto homes d'esprito, nós considerábamonos pol-a contra coma unha élite hiperscente que ventaba a podre do mundo e procuraba manterse distante e arredada, recollendo a vestimenta pra non emporcala no trollo do camiño.

## 121

## VIII

Podemos agora considerarmos de mais perto o noso caso, o caso dos inadaptados, pra precisarmos mellor a nosa posición histórica. As consideraciós de Nicolás Berdiaieff en col do Renacemento e mais do humanismo, fornécennos unha luz nova pra elo.

Non colle dúbida qu'o mesmo nós qu'os nosos mestres da fin do século, en canto individualistas, en canto centrifugas, en canto cobizosos de creación e de creación propia, pertencemos ao humanismo. Non colle dúbida tampouco qu'as nosas ideás, en canto pesimistas, en canto introvertidas, en canto irracionistas e neo románticos, son as contrarias qu'as dos humanistas ortodoxos.

Esta contradición espricariase, adentro da conceición de Berdiaieff — e isto coincide maravillosamente co espoto no parrafo anterior — supondo que nós somol-os derradeiros humanistas, postos nas portas da nova Edade Meia.

A ideologia da fin do século foi, sendo e todo un movemento de reificación e de volta, a derradeira frolecencia do humanismo. Descende do romantismo, que foi, no pensamento, no sentimento, ata na intención, anti-humanista; mais así e todo, o pulo central da fin do século, com'o do romantismo, era humanista. Históricamente continúa tanto coma contradiz ao humanismo. E nós vivimos coma quen dí, c'un pé na fin do século, ou sexa no humanismo derradeiro, e outro na noite da nova Edade Meia. Adentro dos descendentes da fin de século, continuámol-a corrente mística do romantismo (Schleiermaches, Schelling, Schlegel, Novalis) e da mesma fin de século (Wagner, Verlaine, Maeterlinck) corrente que ja eisisten no Renacemento.

Mística, no senso d'irracionista, d'apreciación da y-alma (esprito?) por riba da razón — somol-o humanismo arelando en forza d'humanidade — natureza humán — a renancia da yalma, coma é o caso de Maeterlick. A fin do século ventou a y-alma, e por iso foi neorromántica. Pouco importa qu'a y-alma sospeitada non seña se cadra a verdadeira.

E nós somos neorrománticos e tragicos e mesmo apocalípticos por iso mesmo. Leva-



mos a soberbia toda do humanismo conosco, querendo choutar co-ela na noite que ven, noite que é unha renacementa da y-alma, posto qu'a luz das almas ha ser o contrario dos corpos.

Somol-o humanismo que s'arreda soberbio do mundo podrecente, que quer formal-o seu mundo, un mundo interior. E' o senso verdadeiro da recreación do mundo, de Mallarmé.

## IX

Tiñamos un mundo, un reino interior, somentes accesible aos homes con espírito, mundo onde collían realidade os posibles.

O determinarmol-a verdadeira natureza concreta d'ise mundo é mais difizle ainda qu'o determinar en que consiste o espírito.

S'era un mundo d'ensoño, valedreiro pol-o tanto—asegún as ideas correntes dos profesores de filosofía—somentes pra o individuo qu'o leva adentro—ou un mundo d'ideas platónicas, d'especies intelixíbeles escolásticas, de conceptos kantianos, de valores post-kantianos ou d'esencias husserlianas, universalmente valedreiro pra todol-os homes—ou un mundo d'ultra realidades, cecais coincidente co da nosa conciencia post-mortem; ou coa nosa conciencia hipnótica ou sonambúlica, ou coa nosa conciencia mediumnímica, ou co-a nosa hiperconciencia extática, non sabería decilo arestora. Non direi mais, senón que pode ser calquera d'esas tres cousas, ou as tres a un tempo. E tamén que, de calquera geito fora, era somentes pra os raros, pra os superiores, pra os escolleitos.

O contauto, a interferenza d'aquel mundo co mundo normal dos homes, verificábase na arte. A obra d'arte, cand'era verdadeira, era unha revelación d'aquel mundo. O qual non quer dicir que nono transparentara tamén a natureza, principalmente no seu estado virge, salvaxe, non tocada ou abandonada pol-os homes.

Podería aducir eiqui coma probanza, unha chea d'esperencias persoás. Mais non está ben falar moito d'iste asunto. Os homes d'espírito, ja comprenden con soilo indicarllo, e aos outros, non val virilles con justificantes.

## X

Ora, o problema é coma sendo com'eramos e coma somos, individualistas, inadapitados, antisocias, antigregarios, introvertidos, poidemos vir parar n-unha cousa que semella tan cotián e gregaria, coma é o nacionalismo galego, que na esencia é a afirmanza teimosa e forte da grei galega.

A resposta está dada, moito millor do qu'eu poidera facelo, por Ramón Otero Pedrayo na sua novela *Arredor de sí*.

*Arredor de sí*, mais qu'unha novela, é a autobiografía non d'un soilo home, senón d'un agrupamento, case d'unha geración. É a autobiografía do cenáculo do autor ao qu'eu pertencín tamén. Pol-o seu mesmo individualismo, pol-o seu por min confesado egocentrismo, o noso agrupamento andivo tod'o tempo dando voltas arredor de sí —e cada un arredor de sí mesmo— sen atoparse e deixamais de todo.

Já dixen coma pelengriñamos pol-as cosmogonías, pol-as metafísicas e pol-as estéticas. Pois ben, com'aquil inglés de Chesterton que despoixas de moitas viages pol-o mundo, atopou unha terra descoñecida que resultou ser a fin de contas a Gran Bretaña, igual nos pasou a nós. Despois de tantas voltas e revoltas, despois de tantas viravoltas e trasvoltas pol-as lonxanías do espazo e do tempo, en procura d'algo inédito que nos salvara do habitual e vulgar, viñemos dar na sorprendente descuberta de que Galiza, a nosa Terra, oculta ao noso ollar por un espeso estrato de cultura allea, falsa e ruín, vulgar e filisteia, ofrecíanos un mundo tan esteso, tan novo, tan inédito, tan descoñecido, com'os qu'andábamos á precurar por ahí adiante.

Pra salvármonos do vulgar, pra evadirmos do filisteísmo, pra redimirmos do habitual, non cumpría ollar ao longe; cumpría ollar ben perto, arredor de nós, en nós mesmos, adentro de nós mesmos.

Á beira nosa, constituíndo o meio natural no que cecais non se movera o noso entendemento, mais no que de seguro movíase o noso espírito, ise sinal da man de Deus nas almas escolleitas, estaba, donándolle vida e

seiva, a nosa Terra desfigurada e descoñecida.

Adentro de nós, constituindo o máis fondo do noso ser, estaba a y-alma de Galiza. E nós tiñamos por forza, canto mais individualistas fóramos, canto mais finiseculares e románticos, canto mais soñadores, que chegaríamos a atopar esta suprema identidade, pois o certo é que nós eramos asina por sermos galegos, e qu'era o sangue dos nosos antergos, dos ártabros fortes, dos feros brigantes, o que nos facía soñadores, románticos, lonjanos, individualistas. O chegarmos a coñecer esta verdade era o resultado necesario da introversión, do solagamento alteiroso e soberbio no noso propio ser: era o resultado preciso do noso barresiano culto do eu.

E a nosa súpeta conversión espíricase ademais, e tamén a nosa radical e fanática adhesión á fé galeguista, porque nós chegamos á y-alma de Galiza ceibes já de todo prexuízo, ceibes de toda consideración e todo respecto á cultura allea que nos mascaraba, nos desfiguraba e nos falsexaba a nosa Terra.

## X I

Mais non está dito todo: chegados a iste intre, aínda fica o problema do noso paso da aitude contemplativa á aitude aitiva.

Porque, adquirida a convicción interior, pod'o home d'esprito coller por un d'istes dous camiños:

1.º A persistenza na introversión, no cultivo do eu, no goce do que queda, na escolma do qu'un ha vivir, evasión, reclusión no mundo interior, na torre d'almasí.—Camiño, por eixemplo, de Des Esseintes.

2.º A estroversión na obra social, precurar conformal-o mundo á nosa visión, salvar os nosos valores—d'eiquí o nacionalismo.

Os indos budhistas chaman ao primeiro o camiño do *Pratyeka Buddha*, o do que, acadado o Nirvãna, solágase n-il e fica salvado, deixando aos homes no mundo. O segundo é o camiño do *Nirmanakaya*, do que, acadado o Nirvãna, renuncia a il pra amostrarlle aos homes o camiño.

O segundo ten a desventaxa da loita, na qu'un pode ser vencido. Mais compre ter en conta que, pra un home d'esprito, conquerida a liberdade interior, ja un está salvo, e qu'embora non realizado, ninguén nos pode tiral-o noso soño, propiedade eterna nosa. O soño cecais valla máis qu'a realidade. A realidade é un instante histórico, namentras qu'o soño, somentes con ser soñado, já existe pra sempre n aqil mundo interior de que falábamos e que s'atonga deica o cabo da eternidade.

E já que collín o símbolo do Nirmanakaya, ollemos qu'iste non se perde de todo na obra social, senón que namentras sofre os desenganos e os amarguxos do mundo, hai un puntíño central do seu ser que vive impasíbele na quietude, anque coma ao Buddha Siddhartha, l'estea doendo a barriga por encherse d'arroz con lombelo de porco.

Veleiquí un inicio pra superar o neo-realismo idealisteco, e tamén hai eiquí imprícito o que compre sempre un pouco «vivir sin vivir en mí»—anque de ningún xeito debe un fugir do seu ser concreto e actual d'oso e de carne. Precisamentes, com'ouserva perfectamente Keyserling, unha das grandes superioridades do cristianismo sobr'o buddhismo, consiste en ter posto de manifesto a eternidade do ser concreto individual, do eu, d'iste qu'eu son, inmorredoiro.

Co-ista reserva, non había já perigo en descender mais que fora ao mesmo campo da politecá. Os puros ficaban, aínda n-ela, ceibes da mediocridade.

# 3

---

## Aldeia encol: *Encol da aldeia*, de Otero Pedrayo

---

María Teresa García Nieto e Iago González García

O Penso e A Pidreira. Dous millós de nomes, medio dhomes, un castro e abaixo, mámoas, caladas e unha incansable sementeira.

Pra nós é un pracer tecer por corredoiras de cinsa un cantar para o texto oteriano, mesmo na pequenez das falas da non escriba, alleas á indolencia dos discursos que acaparan a esterilidade da norma e a súa normalidade por veces anti-creativa. Máis pracer aínda, nun diálogo entre fillo, nai e mai, servíndonos con fereza o senso húmido dos fíos de don Otero Pedrayo que calan no espírito como a correa nas fabas cando perciben o vaso primordial da súa proteica amantada.

Escribía il a carón mesmo do seu obxecto, na carabuña do senso puro e impuro a un tempo da fascinación estupefata, no foxo nuclear do que nos é esencial, deixándose arrolar ó carrelo da ghlosolalia, a da feito, abandonando todo destino para ser. Poucos escritos se ven así aghora: coma landras ciscadas na lama, as máis sabedoras. Din ás moreas que millor non facer nin dicir se non se entende. Ben se entenden sempre quen se saben..., e quen non..., xa do Ramón tirarán entendemento, que teñen o artigho a mau.

Pra poder sequera traba-la *criatura ghalegha* soamente podería tangherse a impureza da creación abrupta. E non en verso ou en prosa, senón exacta e imperfeutamente como nos caíu da ghana, e cos trépidos ruxidos que espellen a ardente ouservación oteriana da natural palpitación do pobo.

Maise non merece maior arremedo nin comentario este pre-texto. Podemos enchouparnos xa.

Había moitas luzadas e estaciós, os señores fuxiron dacabalo, e, inda fóra de todo canto habían, non abandonaron a canción da presenza no runrún



propio, mentres as señoras atafegaban en xornais os seus dibuxos entre terras, aughas, e pouco máis na brétema, lendo analfabetas nas mesmas maus as liñas dos reghos atravesadas cara ó infindo; pouco despois, mudaron as tornas e fóronse fundindo donos e donas para arrexuntarse no que xa lucía o mancomún incorruptible dos seus vieiros, habendo cambia-la ausencia real pola oficial, a laboral pola vital, e a terrestre pola transoceánica e a do xalundes transeúnte na boca metafísica. Dalí inda non volvemos.

En ghran desmedida..., somos valedoras dunha continua conceición que se bota por fóra mesmo antes de nacer, dun arredamento secular e inaplacable; e non oustante, tamén o somos dunha permanencia no interior. Como no longho anal dos invernos, as penurias, as ledicias e as cartas que non houbo, nin sabemos, arrombadas todas por un epistolario popular e humildísimo que rachaba cos tempos nun descompás auténtico. A leición do noso pobo sempre foi a de perde-la presenza. Mais a falta de presenza dá o presentimento, que é facultade ulterior de fado e orixe de canto somos.

As potencias coas que don Ramón Otero Pedrayo esghrime a letra sobre a fonda capacidade de sentir a través da terra, a Beleza radical dos estratos do ghranito contados por il e as dozuras e audacias de enxerghar antropoloxía total nun respiro; lévannos a recoñecer co abraio que nos presenta perante o lughar, os lugharedos dos que nos ausentamos, a inocencia da creación da criatura ghalegha.

Apenas un século máis adiante, ou atrás, ou enriba, ou umbaixo, a fábula oteriana desta peza á que nos quixeramos referir presente moito do que nos é evidencia contemporánea. Case todo, pois o certo é que o xenio relixioso da culta e sensible extensión da Ighrexha que vivía Otero con paixón foi devalando, e moito debeu de se trocar dende aquelas, poise non ten caso xa nin menta-lo seu actual papel, que vén embebedado pola traxedia en que caíu apocaliticamente dende non hai tanto tempo. En troques, moitísimo valería escribir en poesía e admiración polas ighrexas minúsculas e exclusivamente en minúscula, e polas boas persoas que as poboan e poboaron en solidariedade *inter* preitos e penumbras, para levar adiante o que ensinan as escrituras e as carnes do verbo, que máis se aprenden polos embutes do latexo e os oficios que pola fatua predicallada do monifacismo. Niste aspecto, alá foi o clero. Pero non foron, non, as xentes e as mentes; e dende logho, os corazóns, inescrutablemente libres. E non se confundan as cousas relevantes co que non chegha a se facer en cousa ningunha: as istitucións, a ighrexha e a universidá, por exemplo, coas súas xentes; a insignificancia co ser, pois sempre se dá que en istitucións ruís hai figuras espléndidas, e en case todas as parcelas da vida podemos obrar e abrir.

Non imos falar do estranxeiro. Non é teima de risa a de Otero sobre o temor á propiedade e o temor da propiedade: somos moi afanadas pró noso e pro de máis naida. Xa ben temos con intentar balbucir do que nos entraña, e pouco mundo temos nós, vállanos o silencio, para falarmos do que non sabemos



dabondo por non o sentir. Don Ramón puxo ben o que puxo, bo refrán e boa carreira que deixou abeirando os seus sentidos e proclamas: nós habemos e falamos, e falamos do que habemos, mesmo do que non se ten, nin se ve nin se move, mais está; e non habendo mundos máis alá do noso para os que dirixir a nosa pequeneira murmuración, ben podemos facerlle o intento e transcribir algo do abisal que travesa un mundo. Presentir. Así é. Xa que o seu cosciente sabio soubo vere que non era namais dun só o que se pensaba que non había saír de ninghún, imos ademitir que, efetivamente, falamos do noso, porque é en nós.

E punto.

As ghaleghas, e é pouco dicilo, son parideiras no abeiro. Unha noutra, bandadas de intromisiós ó mundo visceral pola placenta no nu da carreira, ó pé de ninghures, coa maior transghresión e a perfección vexetal da verdade. Pare en nós o desexo e o desespero enxughadas por vencellas ata a fin da rocha cunha cerna tan intensisimamente sublime que nin é tanxible nin pensable ó decato dalghús animais.

Pero, que é a visión da nosa estromecedora existencia...? Nada. Pra nós, falar sen poder. Pacer pracer no calar alucinadas..., tremendo coas follas da abelaira e a nogheira na era da aira, atrás da cerdeira e das idades da pedra da nosa prehistoria, cun só niño entre as ghallas, onde acorda o cuco cando o caramelo boreal.

Que é esta presenza do presentimento noso...?

Isto resolverémolo cunha moi miúda historiña, unha flor de estraloque para versa-la luz.

Andaba o día cuarto de maio distiano dherba, dous mil vinte; o fillo vaghando pola elevación petrusca da materia ultraurbana, nas rúas barcelonesas de xitano resío e torrente lorquiano; e a nai, no seu foghar, na casa vilegha, na do éxodo, camiñando a rebolos da alquimia que precisa un tendón lazado ó outro e sostido pola alma no oco do que carece o óso de camiño á vellez na doenza para xunta-la pel ó cristal e ás aughas dioiventas. Mesto bruído na ghrandísima urbe desorbida e inercias no espido celeste. O sopro da aughas polas travesas curvadas na harpa léveda na lixeira aquí. Dúas maneiras de esbaghullar radicadas no mesmo eixo helicoidal, que chegha a penetrarse de costa a costa, cargha arriba do ar e boca abaixo pola pel ata a costela anghular, ventricular, ventrílocua. A mamá viu nos regheiros da veigha na beira do tren atrás da fiestra a besta anacarada dun furacán, o primeiro que viu polos seus tempos, nunha comprensión íntima do seu foghonazo. O rapá, quedo, asombrada-las vertixes e os zumes inmaturos da deidade que se pousa aínda ós poucos sobor do asfalto para poder ser lida ben moza diametralmente no tinteiro anubrado do deserto. Na Ghaliza un ciclón desbordado que aniña na nosa efixie, no noso limiar, na nosa casa, no noso lughar,

erixido en ghranito polas maus da riqueza mineral hipersensible do home da Lola, albanel en torno á súa porta... o punto cero alén de valente pró trebón, nun alento devanceiro que senta o seu rudimento nos tellados de viralata e as follas sacrílegas, que fai bate-lo badal con tenrura e ferruxe remexidas ó tolo, docemente, ós pés do santo. Un furacán sobre a palleira e toda animal marabillada co seu instinto luar, autóctono. Na Barcelona unha maré baleira, abismos fozando e botándose, abeirando polo espectro natural que abraza o sanghe nunha praia fósil que se abre no peito. No alto o esmalte dos fluídos roxos, indómitas na paz, nunha tremenda oración en tintura, inscrición da verdade que logho se perde coa nuburada e a fricción do alento.

Na mesma hora exauta. Exautamente. Maxina a naiciña a sorte do cacipo na casa, o monumento amado polas súas podredumes ateighadas de amor e de aloumiños á memoria, nun tremor brutalísimo. Un fondo asulagha as fendas fondas no pequeno, cabalgha coa augha lonxe abalando o seu senso para acudir sen tino á formosa flor planetaria á que arrastra a besta poesía, e ve o seu soño fértil partindo o seu rumbo, a súa propia morte canda o seu cacipo, xeración por xeración nunhas poucas décadas de intrahistoria ínfima torrencial. Un desacougho premonitorio dun nonseiqué de madeira, dunha táboa rutilada pola suor das plumas, aquelas despreghadas polo voo arterial das avoas canda os carozos do millo e as ghedellas do lirón que dorme canda a basa do tótem antano vermello. O eleghante, ghraciosísimo e pobre cacipo, para maior entender «cabaceiro» ou «canastro» pra as de fóra dos nosos idioteutos cuase familiares, torto de por vida dende o nacemento, tintado ó arroibado canda cadeiras baixiñas de escola que se ollaban na balconada a fite, cheghado á súa unión asimétrica abrasiva coa tronada e o beixo fractal do tempo occipital da tardiña que se dobra en espiral para expresa-la magnitude do fetal silencio estomballado en terra e conducido pola súa mesma osamenta.

Uns días despois, recollido polas maus do tío e irmau, que á vez intuía na súa furtividade a revolución poética do sinxelo desaparecer perante as constantes da ghaia, pois tamén o prevera dende o seu ser presentido: a tanxencia entre fillo, nai e mai é inmorrente e colorada, de tanto bulleiro... Mai campeña que entende o subsolo, e a sabedoría da bisavoa materna que aborta na seitura a súa oitava criatura chimpándose dun carro no teto da mañá.

Beleza en repouso pola razón do movemento.

Abafadiño nun plano en tódalas dimensións, cara a todas as direccións, o esqueleto da vulva e o falar ontolóxicos, estirpe rompente na lareira, alá estaba. Aquí. Si. Unha destrución acariñada dúas, tres e aires de veces en tanto acontecía. Acaramados, soños coas árbores talladas e derrubadas á ghravidade nouturna que permanecen, miraxes do mar que vén sempre pola traquea adentro, contos faringhais partillados a viceiras en reunións tribais na sinxeleza culta, simbioses sinérxicas coa mai, un pequeno, pequeniño, diálogo de ti a tu...

Un absoluto no lombo sublinghual que pegha co seghinte trezando o cordal das cebolas, que sedimentan codia a codia, a pelume real e fantástica do misterio da boca. Bocaribeiras de ensoño que atraen as redondas órbitas recónditas.

Don Ramón, madre do amor fremoso, se bailamos a soas un alalá ó chou solfeado trepando no bravío, será a nosa alegría un santoral ou un poema en tronso de feliz idade e helio na sombra que chantou o lughariño onde o cacipo había unha sobresistencia extrema que confunde a conceición da morte e esta mesma...? O plinto de pedra silabando perfumes profanos e carnosos na súa presenza imperceptible máis alá de Nós, espazo erghido sobre si mesmo para arreconchegarse no colo eterno da simpleza..., mais inda alá, e alá inda, Mamai, inda alá verás acompasada no leito, un peito branco de xiz irmau colleito, o Iván do Tarkoski da Aldea d'Arriba, un peito branco contento conténdoo, pois *a estrela é ben visible na eterna boca do pozo...* Prél sempre é noite.

Madre!

Peregrina  
do Viso ó Pedroso.

Pensamos no Penso..., choutando na Pidreira.

167

Pedra, terra e vida arrexuntadas, arremuiñadas, arreconchegadas novamente de novo e de vello, don Ramón. Sóbranse istes dous topónimos do noso Lughar para explicarse a tenrura. Ollar e beleza da veciña entre veciñas. Mai. O lóstregho su o alboio.

Terreo e poula con bicos e bocas en amor. Pitelos da touza que asombra o clamor

solporento ó pé da cuneta para aclarar-la tardiña  
e muxica-los ghromos da esperanza. Namais hai que boas herbas á vista presente...

Nada se ve.  
Toda.  
A aldeia , darredor

Véspera de Santos do 2020

María Teresa García Nieto e Iago González García  
A filla e o neto da María dos Queixeiros e do Pepe de Riobó

## Encol da aldea, de Otero Pedrayo, número 14, 1 Decembro de 1922



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA, ÓRGÃO  
DA SOCIEDADE "NÓS,"

Ano III

Ourense 1 de Nadal 1922

Núm. 14

### ENCOL DA ALDEIA



A fai bastantes anos fixen unha visita a Toledo. As osamentas d' esta cidade, hermética e inqueda ante podrecían, coma fai tantos séculos baixo o duro sol e entre a polvoeira dos secos agros casteláns. Por alí danzaba un fatu

d' artistas, d' ateneístas, de loiros septentrionaes d' ises que visitan os moimentos coma quen corta o cupón ou fai o seu diario traballo oficiñesco.

Pouco tempo despois d' aquela visión toledana, visitei Sevilla e Compostela; eu cando chego a unha cidade descoñecida, o primeiro que fago é buscar unha torre alta e rubir a ela pra coller d' unha ollada ambiciosa a maneira como o pobo está posto no campo, si está torto ou dereito, se s' espalla ou si s' encolle. Cando non hai torre, enton rubo n-un tellado. A comparanza das tres visións: Toledo, Sevilla, Santiago enseñan mais sobr' a hestoria, a arte, o carácter dos pobos hespañoes que longas lexturas e cen eruditos cursos. Tiven deseguida o sentimento da cristalización cúbica—así cristaliza o sal—da construción de Sevilla e despois leín qu' ise era o esquema da arquitectura árabe: branca, encalada, posta n-unha veiga d' oliveiras, Sevilla rise do sol. O paisaxe andaluz sen sol é tan triste e vacío qu' il soño xustifica o delor da copla popular n-aquela terra. Toledo, traballado n-un penedo

duro com' o ferro, pareceume unha obra d' artificio, de loita co-a natureza, d' erudición. Artificio son as páxinas dos escritores do século d' ouro, as decadentes arquitecturas oxivaeas, as obras dos ourifices, a teoloxía dos carmelitas. Santiago nasce naturalmente no cerco montanoso no qu' adormece: vese o granito arrincado das canteiras colocado en severas ordeacións con tanta raridade coma vemos erguerse pouco a pouco unha casaña de perpiño, preto da canteira á veira da carretera. Santiago rise do sol, da lúa e da auga. Non-a teme: ó contrario, ela continúa a obra dos arquitectos e dos escultores, decorando co-as preciosas coloracións dos musgos e líquens, dos orcelos e das parietarias. Eiquí podemos maxinar un comenzo d' estética do paisaxe e do arte e vida galegos, a terra e a vida naturalmente fundidos.

Sobr' esto do paisaxe de Galiza dícese moitas cousas, ou falsas ou tan vagas e pouco xustas que convén poñelo no seu verdadeiro carácter. Dícese por un lado: paisaxe saudoso, doce, mimoso, verdecente, moi propicio pró doce ensino, algo oriental e priguizoso. Está ben, mais non é toda a verdade. Hai nas terras atlánticas e cantábricas moitas paisaxes verdes que non teñen nada de aire co chau galego. Outros falan d' un país montanoso e rudo; moitos d' istes afeitos a consideraren as llanuras coma o chan escrusivamente agrícola, as montañas coma fondo das tonadas pastorís, ou coveiro dos lobos. Tamen hai certa verdade n-este modo de ver; mais incompreta. A montana galega non ten nunca a nemiga severidade das montañas cántabras ou carpáticas. Pra min o carácter primordial da



Galiza está na forma do seu modelado, o cal depende da roca fundamental: o granito. Por longos anos os poetas e os escritores non miraban prá pedra, pró coiro, a carne, o oso do planeta. Cando inda non certaban co-a alma d'un bosque ou d'unha veiga, menos poderían sentirla fonda e eterna poesía da terra núa. Tamen hai unha estética da Geoloxía. N-este sentido, o noso é un belísimo macizo granítico traballado pol-o traballo secular das augas. En calquer costa, na ladeira d'un val, coma no perfil das lonxanas liñas que fechen os ourizos, síntese esta forma soave, de ampla curva maternal, coma de seio ou cadeira. A topografía particular dos vellos países graníticos atópase craramente representada na Galiza. De tan vello, o noso anaco d'esferoide desfaiase esmorecéndose na ledicia dos longos meses de chuvia, recibindo o alegre tumbo das olas d'un mar épico. Pondaí foi o primeiro que s'estremeceu ó sentir vibra-la terra galega baixo os seus pasos. Cabanillas e Noriega son tamen n-este sentido poetas cósmicos. Os nosos montes non teñen seu curuto en corno, en cuchila, en dente nin en pirámide. Vede os seus nomes: meda, coto, rodeiro, pena; teñen a forma dos grandes anteiros ou penedos (ovoideos, cupulares) chamados inocentemente na Guía Baedeker *bloques erráticos* como si non foran nados no mesmo sitio onde envellecen nobremente. A montaña chega ó mar e ábrese a todos; non é dura e ingrata, a vide trepa pol-as suas ladeiras e ruben co-ela os pobos coma rapaces qu' agañáran pra apañal as cereixas. As montañas chegan ó mesmo mar afondando as suas faldras no Atlántico, e baixan hastra a propia corrente das augas.

O feldespato, o cuarzo e a mica son os elementos do granito. Isto dependémolo todos no Instituto, mais hai que saber a sinificación de cada un d' eles: a dureza do cuarzo, luz boreal, luz de mañá cristalizada, aparece mitigada pol-a dozura e soavidade homilde do feldespato. A mica é un elemento fillo do luar: nas noites as micas brilan com' as xemas dos gnomos. Nos terreos vese craramente a descomposición dos fautores rocosos: alí brilan pouquiño as micas hastra que que desfeitas pol-o arado, misturadas cos abonos, rematan por desaparecer na homildá da terra vexetal. Por riba d' estes seixos e laxeiras, os ríos traballan ledamente coma traballan os serranchís no monte, espellando o seu fondo pol-a pareza batida das augas. Sobr'a táboa granítica esnaquizada e traballada, as augas seguen faguendo eternamente un traballo d'escultura. Mirainas coma se destrenzán e espallan pol-as ladeiras dos montes de San Esteban. Alí

hai o *aplech* de monstros mais temeroso do mundo: tódal-as formas maxinabres da vida animal nas suas infinitas complexidades teñen alí a súa representación, mais eu prefiro a pedra homilde e solene dos montes batidos pol-o vento, onde viven os piñeiros medoñentos. Vede que ben concertan a obra sinxela dos homes cos penedos. Tendes por eixemplo as eirexas románicas, os lexendarios mosteiros ou o santuario de San Pedro de Rocas. Os canteiros e os maxineiros románicos, anónimos, ademirabres poetas, traballaban instintivamente sen darse conta, seguindo a maneira da terra. Esa é a colaboración mais grande e respeitabre que se pode producir n-un pobo.

N-este sentido temos en Galiza unha arte fundamentalmente representativa dende os moimentos máxicos ou relixiosos da alborada céltiga e da moedad do románico hastra os luxosos crepúsculos do noso barroco. Dixemos a separanza fonda antr' o paisaxe galego e outros tipos de terras verdecentes, marifás e nórdicas tamen. Fixémonos un instante na fachada cantábrica da Península, dende o fondo do golfo de Vizcaya hastra a ribeira lucense. A montaña é en xeral adusta, forte, nobre, arquitecturalmente disposta. As rocas secundarias, tendidas en capas sobrepostas, com' as escravas d'un capote trasmontano, érquense en serras de feitura mural, crébanse en picos fragmentados que rompen en aguillóns feridores as neveiras rubidas do mar. A liña da costa é un longo cantil combatido rítmicamente pol-o empuxe arético das oleadas. Os vals son entr' eles aillados, difrentes, alí amontóase a poboación conservando hastra os nosos días un particularismo local que non hai en Galiza. Eiquí as parroquias son individualizadas naturais e humanas, mais francamente abertas unhas pr' as outras. D'un con ó outro do noso país as bateladas das parroquias respóndense sen solución de continuidade apenas, faguendo cando morre a tarde, o seu coro de lembranza, o eramore saudoso de toda a nosa Terra. A costa cantábrica non se desfai en ledas illas, nin se franquea nas soaves ondulações das praias. Na costa nósa parece qu' asistimos a un xogo cósmico antre terra e mar: eiquí a sirena atlántica gusta de faguel-o seu leite, é un mar mitolóxico, unha especie de Grecia atlántica onde danzan os coros d' unhas oceánidas moi desemeillantes das da Grecia clásica, como é desemeillante o mar Egeo limitado e pequeno, da fartura d' auga, ceo e nubes do Atlántico.

Os galegos somos mais fillos da terra e do mar que do ceo; será qu' en parte o ceo é un produto da terra e do mar. As nubens levántanse do

## NOS

Atlántico e máis das terras molladas, dos lameiros espellantes, dos regatos, das pantásticas carballeiras outonizas. En Castela por eixemplo, a nube é unha cousa transitoria, antipática, estéticamente; elas son coma manchas no limpo e desesperante esmalte da vouta azul. Soilo teñen certo valor estético esas nubes decorativas, apoteósicas, que s'ordean en chameantes baldaquinos nos ocasos solenes do sol. O castelán domiñado pol-o ceo, sobr' unha terra recocida, é home que nos seus tipos superiores produz o místico ou o tolo sensual; o seu hourizonte redondo e lícitado com' unha praza de touros, erra en círculos concéntricos hastra chegar a unha ardente idea fixa. Soilo lle pode interesar da natureza o produto económico—pan de cada día—ou o bravo cheirume das plantas da estepa. As terras levantinas dormen unha siesta, axitadas por paixós africanas, todo o luxo da vida concéntrase na conxestionada coloración das frores. A voluptuosidade andaluza está feita do duro contraste antr' a forza da vida tropical e o castigo do sol vencedor da humidade. Estes sentimentos doerosos da vida non son posibles eiquí: como no Xapon, como en Maryland, ou en Bretaña ou en Irlanda, a nosa atmósfera húmeda e tibia ten algo de *Serre chaude*, síntese un pracer de vivir parecido ó que deben sentir os corales e as estrelas de mar, estendendo as súas ramosidades sensitivas n-unha auga tépeda e carifosa. Esto ten diferentes grados. D'eiquí o contraste das terras ourensanas dotadas con maior número de xornadas de sol, co-a oria atlántica, levada pol-os vais moi adrento da terra.

E que tarde chegaron os nosos poetas a sentir en certa maneira a lírica do paisaxe! Moitos falan sí, d'arbres, de frores, de prados, qu' o mesmo se poderían colocar na veira do Henares ou do Guadiana. Tamen n-isto Pondal sentiu o bico da Terra, o leve roce da neveira, o valor sustancial das orballeiras e das brétemas.

Na portada de NÓS está o símbolo esmaltado do pan e do viño. Esta portada merecería ser esculpida no Pórtico da Gloria, debaixo do arbore de David, ou xenealoxía do Cristo, a máis admirabile interpretación románica do Evanxelio, como esta obra do Castelao é a acabada simbolización das fontes vitais de Galiza.

O pan e o viño dividen en mil anacos o carácter xeográfico e human do chao galego, non separados senon penetrándose e dividíndose en complicadas figuras. Pra nós o pan é o *centeo* e o viño o da *cepa vella*, de cepa torta, coma osatura d'un patriarca. En Ourense inda miramos as americanas com' un fato de damiselas neuróticas, vítimas do *sermenage* e necesitadas de

## 3

todal-as drogas pra botar o viño. O centeo, ce-real d'inverno, pasa por tantas calamidades com' o paisano que o procura. Agoanta xiadas, neves, chuvias, nasce antr' il si chove moito, un lameiro de xaramagos, senradelas e gramas; cando está vizoso e alto, tremando co vento en ondas comovidas, o paisano, sempre pesimista, di: «pasa moitas noites fora». Recólleo con cariño especial, porque é o recurso da facenda doméstica, xa pol-o gran que se garda na arca tradicional coma pol-a palla que sirve pra tapal-a chouza, añadal-o fahico e facer o leite prá paredura da porca. O paisano tenlle mais lei ó centeo qu' o millo. Antes vivía de pan, castañas e viño. As castañas e o pan caracterizan os altos chaos graníticos, abertos, d'inverno duro, onde o cuco chega mais tarde, e a vida soilo vai ben na horta do cura ou nos abrigos do pazo. O millo simboliza a alianza atlántica. Petulante, guapo, co seu pompón domiñador e a súa esaltación sexual, contrasta co-a castidade e modestia do centeo. É o presente das Américas ás terras húmedas da Europa, o seu curo parente d'aquél lexendario asolagado nas augas de Vigo.

O labrego do pan e do viño son moi diferentes; a agricultura das cepas require unha coñecencia fonda das leises atmosféricas, un inxenio e unha técnica oportunistas: ó contrario do cultivo do centeo, mais suxeto a leises invariables.

Por iso o ribeirau practica unha filosofía escéptica, é un ironista brillante, un falador cheo de sazonadas esperencias, moi diferente do montañés que cree na eternidade das leises, na causa primeira e na sabiduría dos vellos. Hastra na miña terra obsérvase o contraste na música das festas: as murgas ou bandas da ribeira son doces, arroladoras, cantareiras, esmaltando as súas tonadas con funambulescos solos de cornetín ou orxásticos finais de redoblante. A música da montana, mais grave, arrínca fondos sonidos, é, como decía un paisano meu, unha música de *caldeiros*. O mesmo que se dixo por xente moi ben cultivada da música alemana. Total: a vella oposición entre Rossini e Wagner.

N-istes tempos, o tapiz vexetal da Galiza trasfórmase moito: o castaño morre, en moitas terras soilo queda a súa lembranza. O eucalipto que forma bosques enteiros, é tamen un arbore mundial; vido do outro hemisferio, acoubou eiquí bravamente. Os que poseen terras en Galiza, cando se convezan de que a única nobre vida señorial é a vida do campo, deben lembrarse dos vellos fidalgos que prantaban alciprestes preto das súas casonas, e tiñan tanto coitado en encher a horta de pomares, de peras de Doña



Xoana e de Don Guindo, de laranxeiras, toronxiles, a froita de moda na Edade Media, nogueiras, cerdeiras e toda caste de froita de óso e de pepita. Elquí hay que tragner moita pranta do Canadá, dos Estados Unidos: wellingtonias, araucarias, as arbres coníferas dos iroqueses; e tamen do Xapón, arbres paradisíacos de follas, lucentes e globales froitos d'ouro. Mais por Dios non prantedes nin acacias de bola nin palmeras. A acacia, arbol municipal, ético, de presupostos ten en sí unha cursilería que entristece. O seus redondeles de sombra non poden agarimar un idilio fecundo. A palmera fai o efecto d'un pantalón de franela branca n-unha tarde de inverno desfeita. E si está n-un tiesto pintado de verde, ten un noxento carauter tabernario.

Xa falamos algo da terra; agora hay que falar dos homes. Os homes xúntanse en aldeias, en vilas, en cidades, e a diferenza entr' a aldeia e a vila é un traballo sumamente difícil. A vila ten un aspecto urbano que non ten a aldeia; tamén n-esta hai certa ordeación, mais en canto aparecen as aceras ou as famosas acacias de bola, xa temos a vila. A vila é unha habitación de señores e comerciantes. Así com-as cidades teñen na Galiza pouca variedade, a gama das vilas: antiga, montañesas, de augas, de comercio, de señorío, as naturalmente formadas, as feitas pol-os caciques, as que viven do refrexo da cidade, as que se formaron por conxugación de outras, com'os microorganismos, as que florecen coma frora de ruínas sobr'o solar d'unha cidade morta, as que teñen mercado cuberto, as que teñen tren que para alí, as que soño ven pasalo expreso e disfrutan nada mais do misto e do mercancías a horas sempre absurdas que non permiten o paseo pol-o andén, as que postas na veira mar parecen non enteirarse do tráfico mariño, as que teñen forzas vivas con muelles novos, etc.; a variedade é infinita e faría falla un longo estudo fundado n-unha aproveitada esperencia. N-istes derradeiros anos vai nascendo unha forma que poidéramos chamar *itineraria*, por que as casas novas prólonganse ó correr da carretera, sen mais centro qu' a taberna ou a tenda. D' unha maneira provisional deixaremos estabrecido qu' as verdadeiras vilas teñen algo dominador difrente da torre parroquial: o concello, qu' ás veces ten unha torre ou *bestroi* que dá á agrupación unha importancia inmensa.

Vou faguer eiqú somentes o estudo *grosso-modo* d' unha aldeia da miña terra, non digo da miña provincia por qu' isto das provincias aínda que s' atope moi arraigado, debe desaparecer por que non ten fundamento ningún. Non vou falar de Galiza enteira si non d' unha molécula

d' ela. No meu depacho da aldeia teño o vello e grorioso mapa de Galiza por Fontán, catedrático de Matemáticas Subrímes na Universidade de Compostela alá pol-os anos de corenta e tantos. Imos escoller un anaquillo moi pequeno d' ise mapa sinalado por un punto co nome do lugar da Eirexa, e divagar un pouco sobr' a maneira de ser da terra e dos homes d' alí, sen pretensión científica ningunha, sin intento de sistematización.

Xa está demostrado por todol-os modernos escritores galegos—Rodrigo Sanz, Vilar Ponte, Risco, etc.—que a unidade vital galega é a parroquia. Esta de que falo está n-un país de transición entre montana e ribeira. É o que chamamos unha *beira-ribeira*, con amprios hourizontes cinguidos pol-o cerco lonxano d' altas montañas, con costas que baixan car' a ribeira do Miño. Mistúranse terras de pan con terras de viño, toxales e piñeirás no alto, con carballeiras e salgueirás nos regatos; n-estes baixos a viña rube lentamente conquerindo os terreos abrigados do Norte e da xiada, inda no alto. O chau en xeneral é malo e delgado, o arado canta ó topar co-a roca suyacente na maioría das terras, que son herdades de centeo e de millo; as nabelras poucas e cada paso mais disputadas pol-os herdeiros n-as partixas. O gran nemigo é a sequía; non hai augas correntes tod' o ano. Si non chove, pérdense cas-que todal-as colleitas de millo, patacas, centeo, algún liño e pouca herba seca.

A rega do millo false gracias ás pozas, sacando en xeneral a auga por medio dos *bimbastros*, o que dá un dos traballos mais penosos baixo a raxeira canicular, ou na mañá moi cedo. N-esas horas, o xemer do artiluxio da poza parece un berro de door do labrego ant' a perda inevitabre da colleita. Outra gran preocupación é a manutención do gando; as herbas son poucas, non hay apenas montes comunás e os qu' hay son secos e pedreños. A angustia dos días secos do vran aumentase co enorme traballo de moer a farfina: hay que buscar muifos en ríos lonxes, cando non moen as aceas dos regatos próximos. Entón, rapaces e homes fan longos viaxes por costas ásperas co fardel ó lombo. A poboación está axuntada en sete ou nove lugares de corenta, de quince, algún soño de dous veciños. Tamén hay lugares arruñados, postos en quebradas ond' as cepas secaron, as fillas casadas buscaron lugares mais alegres e abertos, onde fan trouladas e fiadeiras, preto da eirexa e das romaxes, da tenda, á veira dos camiños pasaxeiros. As ruínas en xeneral teñen un melancónia da relatividade das cousas humanas. As ruínas d' edificios artísticos, se eles foron edificados c' un

## N O S

fondo sentido do país, son aínda vivas; as vexetacións parasitarias continúan e esaltan a obra do artista; a mín, as ruínas das casas labregas: unha pedra de lareira, un cortello esmorado, a pedra furada d'un lagar, parécenme tan respetables com'as ruínas d'un mosteiro. Son estas ruínas com'os corpos dos labregos, os que mandados de bezas e bica, mistúranse decontado co-a terra do camposanto; d' estas ruínas recobra posesión a natureza, un piñeiro, un érvedo, chega pra esnaquizar as n-outroira amadas parés petrucaes.

No campo traballan todos: homes, mulleres e nenos. En conxunto, os habitantes da parroquia divídense en dous grupos xeográficos distintos, pol-a situación, pol-a maneira de levar o traballo do campo, e hastra pol-a maneira de ser: os *das campanas arriba*, e *das campanas abaixo*. Com' a eirexa está posta pouco mais ou menos no lindeiro das terras de pan co-as de viño, o paisano agrupa así os seus veciños, tomando a língoa expresiva da eirexa, a campana, no seu sentido místico de poder espirital sobr' os malos espíritos pol-a virtude do bronce. Os das campanas arriba teñen ós outros por menos abertos no trato, por rosmadores, disimulados e raposos. Non sei si n-esto haberá unha infantil interpretación do simil do horizonte amprío da altura co horizonte limitado do val fondo. No traballo distínguense: os d'abaixo están afeitos a levar pesos, cargas d' estrume e de leña por camiños onde non poden andar os carros. Teñen millo de regra, o seu orgullo mor, e son case ribeirais com'os veciños do río.

Imos faguer unha lixeira evocación do estado d' estes homes, comenzando pol-o sentimento que teñen da organización e vida política, por aquilo de qu' o home é *un animal político*. Coma esta parroquia non é cabeza d' auntamento, a súa existencia política está compretamente subordinada. Pódese decir que non hai sentido administrativo nin menos político; domina o individualismo mais comreto. «O que fai ben ó común non sirve a ningún», oise en total-as bocas. Cando o pedáneo—que por regra xeneral nadie sabe quen é—manda rozar-as silvas qu' estorban o camiño, fano de mala gana; ninguen quer aguantar-as augas no seu terreo, e o maor pracer que poiden experimentar, é coller por unha muradela feita con toda paciencia, un anaco de camiño ou de monte comunal, ou cando un arbre do veciño vai solapadamente quedando comprendido dentro do muro do eido. O paisano (ten o sentimento da terra no sentido da súa eternidad; il morre, virán outros, sempre adscrito á gleba com'os servos, considérase com' un aicí-

## 5

dente na vida infinita do eido. O eido! É todo pra il; si hai tromenta, pensa n-il antes que nos fillos. O marifeiro, afeito a arar na estensión do mar, ás contingencias do perigo, do golpe de mar ou de vento, ten un maor desprecio da riqueza. O labrego non. Nin vello cangado e desfeito quere desprender dos eidos pra qu' os traballen os fillos, os xenros, os herdeiros. É de ver cando di un labrego:—«é men». Como esalta a a súa cerdeira, a resistencia da lumieira da súa porta, a larganza do seu curral, e o axe dos seus ácios de caño, ou a barbadela da súa becerra.

Os procedementos agrícolas son os de sempre: non se ten a menor noción de toda a técnica xa acostumada n-outras terras. Hai que ter en conta que se fala d' unha parroquia ben apartada, mais non das da rexión montanosa da provincia, xa que dend' ela oise o abafar da caldeira do tren—nuncio d' auga pronta—e a trepidación dos autos. A industria é somentes caseira coma non poide menos e aínda s' atopa n-unha triste decadencia, que fai a vida da familia escrava das combinacións dos comerciantes da cidade. Xa case non se tecen lenzos nin se ffa estopa, nin apenas se coce bica. Xa moitos mercan un agrío pan de mal trigo pol-as dificultás e o prezo a que sai o bon pan de centeo. As vacas case que todas mal mantidas, e moitos días a conta allea, dan o leite pra facer manteiga pra vender na feira ou no mercado. A tiranía da tenda vai sendo cada vez maor: os mozos mercan uns xéneros qu' o millor cambean de coor c' unha boa molladura d' auga ou de suor. Toda a desfeita das cidades ven cobril-os corpos e alaxar as casas da aldeia d' onde van faltando as fermosas cousas ben tecidas e ben traballadas, aqueles enseres e roupa que nunca se gastaban n-as que s' iba depositando a maneira de ser, a alma da familia. Unha vida de prestado en todo aquilo que non toca directamente co-a loita da terra. Unha industria familiar e local ben desenrolada, non é o coroamento que debía ser da asistencia nobremente traballadora do pobo dos agros. Agrávase a situación co-a dificultade e imposibilidade das comunicacións; os camiños vellos, aquelas calzadas tan ben empedradas, feitas pol-os conventos e os concellos de honrados petrucios, vanse esmorando pouco a pouco, mais aínda alabeadas e rotas, son os únecos anacos de camiño regular. Aquelas vellas pedras que gardan com' un venerable palimpsesto os rastros de tantas pisadas d' unha ronda infinita de xeneracións d' homes mansamente loitadores, as rodeiras de tantos carros! Dos mais camiños, os que non se fan no bo chao pol-a pisada constante d' homes e animás—como na estepa d' Africa—



vale mais non falar. Todol-os invernos se convirten en leitos de torrentes ou en balsas d'auga dormida.

Non imos intentar unha psicoloxía, unha estética do habitante n'estas condicións, pero si voume permitir sinalar uns cantos feitos, coma contribución ó estudo necesario da aldeia.

Unha das cousas máis intrasantes a estudar en todo agregado social é o desenvolvemento individual repeito á masa colectiva. Será da antigüidade da raza, ou da variedade do chao, ou da dispersión das vivendas, mais o feito é qu'a raza galega ten un grandísimo desenrolo da personalidade individual en todas as súas formas. Enganaríasee fundamentalmente un observador superficial que non vira n-un fato de labregos xuntos na feira ou na romaxe, se non un agregado dos mesmos destinos e iguais caracteres. Esta calidade por un lado imposibilita as boas obras colectivas, porque aínda independentemente do fondo xeneral de tradición e do bordado máis que superficial de cultura, teñen un concepto seu do mundo e dos homes. Nós, os da vila, ou polo menos señoritos d'aldeia, nunca chegaremos a penetrármolos ben da íntima facies do paisano. Mais, cousas coma iste desenvolvemento da personalidade individual, son fácilmente demostrables: contrasta co-a pasividade das masas obreiras do proletariado cidadán. Será iste un efecto da cultura mal dixerida dos segundos fronte a vida naturalmente libre dos labregos? Cecaís. O paisano fala sempre, discute sempre, ten un sistema de lóxica discursiva moi particular e somellante ó de moitos grandes oradores: o procedemento dos circos concéntricos. Ora, que moitos ilustres conferenciantes e parlamentarios perden a testa nas voltas, e o noso labrego non; todo lle sirve pra demostrar ouxetivamente a su tesis inicial. A iniciativa individual é grandemente apreciada n-as aldeias, e os homes que esceden n-iste orde, exercen unha especie de sacerdocio, ou profesorado, coscente ou incoscente nos seus conveciños. O galego gosta da especulación, moitas veces polo soño afán d'espectar, e razoa hastra as cousas instintivas ou mecánicas. Ora, qu-iste sacerdocio do individuo superior, exercido pol-os vellos, está hoxe gravemente comprometido pol-os *Chés* e pol-os homes de cultura mecánica cidadán. Hai paisanos que falándose dos patrós vellos, famosos pol-a súa sabiduría pragmática, chámanlle filósofos, certando notabremente co-a apricación non pedantesca da verba. Do fondo d'istas ensinanzas dos vellos, xurde e síguese a cotío producíndose folk-lore, o estudo do que é

a millor canteira pra o coñecemento da i-alma galega.

Consecuencia d'iste desenvolvemento é un certo afán de gloria. O labrego busca lucirse no adro da eírexa, no circo dos amigos. Hay que ver coma se gaban de cargar ben apromado un carro de toxo, ou de nunca perdel-o seu viño; e das mulleres non digamos nada. Hainas verdadeiras pitonisas en materia d'amores, de roupas, de matanza do porco, de devoción, outras pratican co-a súa verba afiada com' a fouce na pedra, un dominio de terror n-as veciñas, e fan pechase as bocas de mais sabidencia. Pero cando mais goza o paisano, é cando pode volver tolo a un abogado. N-este sentido, hai na política abondo de personalidás representativas de cepa paisana.

Ó lado e moi preto da razón grave e doutoral, xurde a súa caricatura: o que se dá tono, o que se escoita canda fala, e embebece a meia dúcia de pasmós. Iste tipo soe ser branco da sátira, e chámanlle *profeta, prosta, de primera*; etc.

Tocante á leenda e á ciencia, están moi diferentemente representadas na aldeia. Nas dúas manifestacións fundamentais do espírito, asistimos a unha substitución lenta da primeira pol-a segunda. Xa é un tópicó dicir que secaron as fontes mitolóxicas da i-alma popular, mais os contos, as leendas (históricas, máxicas ou simplemente heroicas) aínda teñen o seu público, non sempre disposto pra confesal-as afeccións, en verdade.... Eu coñezo un sacristán que foi cabo no reximento de León, estivo na América, traficou co sarrio, e hastra sabe de motores de gasolina e ten lido algús volumes da Biblioteca Sempere, que é home de sentido irónico, e de formación pseudo-mecanicista, que todas as mañás de San Xoan rube á espadaña espido por compro, pra tocar as campanas por qu' isto fai boas colleitas. Inda n-un fato d' homes chegados d'America, leídos e escépticos, o voo d'unha volvoreta negra failles correr un xerro d'auga fría polo lombo. Ó falar do sentimento relixioso, voltaremos sobr' este tema. Tocante á ciencia e cultura libresca, é de notar o imenso prestíxo da letra impresa! Calquer cousa, unha insensateza ou maldá postas en letra d'imprenta, fai na aldeia unha impresión fonda; e teño observado que o labrego lé con mais gosto as noticias atrasadas; agora que como só lé nos instantes de vagar, e son poucos, a influencia dos periódicos está en razón inversa da aitividade agrícola. Por iso os movementos populares non se producen nos vras co-a unanimidá esperada pol-os seus autores, porque esa é a época do traballo mais rudo. O libro é unha cousa familiar: coma o paisano

## N O S

só trata con cregos, médicos, abogados e boticarios descoñece as outras profesíons liberais. Inda ten un gran prestixio a cencía eclesiástica: os tomos teolóxicos ou canónicos qu' inda poseen os sobriños dos cregos, disfróitan d' unha veneración particular. Teño visto na aldeia libros de cabaleirías, *Os tres mosqueteiros*, os *Idilios* de Gessner, coleccións de sermós. E eiquí vou notar a falla en que estamos d' unha formidabile altividá na feitura e propaganda na novela. Así coma estou convencido de que o labrego non sinte a poesía lírica, esta forma de épica que é a novela, tería unha masa imensa de lectores, apaixonados e fondamente intrasados na narración. Moitas veces sorpréndese un na aldeia ó atoparse con supervivencias e brotes de formas ou de cousas que xa consideramos mortas: un vello salmeroniano que sabe de seguido un discurso de D. Nicolás; outro que ten polo colmo da sabiduría as frases pronunciadas por algún Presidente da Diputación, en certo auto solene. A cultura dos americanos é meramente espiritual, o que viron comparado sempre co d' eiquí. Casque todolos que chegan falando mal das indulxencias, creen qu' en Cuba o sol está mais perto da terra, e que si abren de todo as esclusas do canal do Panamá, asolágase deseguida todo o archipiélago das Antillas.

N-esto do sentimento da natureza, é sabido qu' o galego ten un sentido da vida animada do planeta, un sentido mitolóxico e vital oposto á concepción semita do home central d' España. Isto é un dos principais elementos do folk-lore: pero tamen hai o tipo que mostra fronte a todas as formas da vida un desprezo fondo; lémbrome d' un tal Xerónimo, gran bebedor, qu' estivo na China e na Patagonia, e dicía moi seriamente qu' os chinos eran parecidos ós de Barbantes, e que os patagons eran os homes despreziables que non distinguían de viños.

En arte, son naturalmente barrocos e impresionistas: prefíren a coor á liña, a escultura e arquitectura pintoresca, as combinacións patéticas ou grotescas das artes plásticas, que chegan ó berro do doer ou d' alegría. Un meu amigo dicía que s' estaba desenrolando unha arquitectura *ché*, do mais abominable: é certo. O tipo da casa labrega e da casa fidalga nas súas infinitas modalidades axustadas á maneira particular de cada terra, está moi necesitada de defensa: pouco a pouco vai entrando no campo—a Galiza vital e o porvir da raza—un xénero de construción cibdadán incómodo, cursí, e feo. Os vellos pazos arrufanense, e menos mal cando quedan en poder do abandono, xa qu' as edras, os érvedos e os niños de mouchos son a fermosa

decadencia d' unha bela arquitectura, mentras os balconillos de cemento, o portland, os materiais innobres, sinifican coma deixou demostrado Ruskin, a morte total, o apagamento das sete lámparas da arquitectura.

A vida da familia non é soila na aldeia: queda a vida de relación desenrolada nas operacións agrícolas—as mallas, as escasas, as vendimas,—e no adro da eirexa. A vida de sociedade do novo labrego está moi necesitada de que por parte dos elementos galeguistas, se faga unha campaña pr' a súa milloración. Soilo acodindo antr' íles pederían os nosos intelectuás nazionalistas faguer unha boa sementeira, porque nela fórmase a opinión pública da aldeia. Tímida, cobarde, imprecisa, esta opinión téñ que ser mañá a forza e o miolo da Galiza futura.

Moitos mais aspectos da vida aldeán poidera desenvolver, mais non poído pasar en silencio o aspecto da relixión. Isto é moi delicado e moi difícil de coller as súas características. O paisano en xeneral, téñ un concepto fondamente politeísta da natureza e da vida; a súa devoción vai sempre encamiñada a fis inmediatos; rara vez chega a unha concepción da esenza da doutrina católica. Os cregos padrican todolos domingos e a eirexa-cemiterio é o punto central da parroquia; mais nos sermós, o que mais lles interesa é a parte hestórica e simbólica da Escritura e das vidas dos Santos. Se sometéramos a un labrego intelixente a un verdadeiro exame dos mandamentos, xa que ise é o cadro no que cristaliza a súa educación moral, chegaríamos a moi sorprendentes resultados. O rescate do pecado polo sacrificio, equivalente á pena, a bondadosa consideración car' o demo, con toda a súa lexión d' auxiliares, un certo escepticismo sobr' a existencia do Purgatorio, unha intensa influencia da Providenza nos feitos agrícolas e sociais, figuran antr' os caracteres que poderían estudiarse n-unha consideración atenta.

E remato. Compre que todos s' afagan a pensar que só no cultivo da xente do campo está a formación d' unha Galiza com' a que desexamos todolos verdadeiros fillos d' ela. A vida escasa, recollida, imperfeita das aldeas, está necesitada d' un amoroso coidado, d' unha longa milloración chea pra nós de sacrificios e desespranzas, mais que é un deber pra nós.

RAMÓN OTERO PEDRAYO.

# 4

---

## A muller en Nós: *A neta da naipeira*, de Francisca Herrera Garrido

---

Laura Paz Fentanes

Non podía deixar de aparecer nesta antoloxía un relato dunha das poucas mulleres que publicou na *Revista Nós*. Francisca Herrera Garrido escribiu para a revista *Nós* a «noveliña» *A neta da Naipeira*, dividida en tres partes. Nelas deixa ver a figura da nai viúva e pobre que non ten cartos para alimentar ás fillas e a súa predilección pola menor delas. Esa muller que se ve desesperada para tratar de manter as fillas vólvese naipeira. Francisca Herrera introduce así unha figura cun halo de superstición e crenzas populares, pois esta muller bota as cartas e le o futuro a cambio de cartos. Non pasan desapercibidas as burlas que ten que padecer a naipeira, quen acaba recorrendo á relixión e arrepentíndose de todo, mais xustificándose na necesidade. Se dá este paso é pola desaparición da filla predilecta, quen volverá cunha filla, de aí o título do relato.

Daquela, Francisca Herrera transmite así a figura da muller como a dunha nai que faría o que fose polas fillas. Non obstante, tamén se percibe un certo ton de denuncia da situación de desamparo dunha nai que, soa, debe manter a familia sexa porque enviuvou, como no caso da naipeira, ou porque o home a abandonou, como na situación da filla pequena desta.

Finalmente, a figura feminina que tamén aparece aquí é a da propia autora. Como xa se dixo antes, as veces que aparecen publicacións de mulleres en revistas, como *Nós*, son moi escasas. Ademais, algunhas autoras publicaban, mais baixo pseudónimos con nomes de home pola forte represión social cara ás mulleres, sobre todo se estas querían publicar ou falar de temas que se consideraban «non aptos» para elas. Por iso cómpre destacar aquí a Francisca Herrera, unha muller que conseguiu abrir camiño, non só por publicar na



*revista Nós*, senón tamén por lograr ser elixida como a primeira muller integrante da Real Academia Galega.

**Referencia:**

Herrera, F. (1925). A neta da naipeira, *revista Nós*, 20(8), pp. 6-10.

## A neta da naipeira, de Francisca Herrera Garrido, número 20, 15 Agosto de 1925

6

*sempre engadar po-l-as aparencias e n'este mundo non hai mais que vulgo».*

*A infamia de cantos escribendo ou falando practican esta politeca, cai inteira sobre a nazón qu'os consinte e os alenta. Os que por probeza d'esprito a ceitan inconscientes o papel de fato, non son menos culpabels qu'os que descubren o segredo e conformanse con sorrir ou aproveitarse do engado.*

*«Istas verbas — conruie Roosevelt — van dirixidas a todos aquiles que con altos afá-*

NÓS

*nanse por realizar un adianto na sua nazón; a os que a pesar das caídas, das paradas, dos erros e dos posibels fracasos, no meio a'unha loita agostadora «fan» algo proveitoso para o ben públrico; para os homes d'aición que sen ademitir pesimismo nin debilidades, tomando exemplo no campo de foot-ball, jogan lealmente (play fair) e pegan firme e en liña reita (who «hit the line hard).*

PORTELA VALLADARES

# A NETA DA NAIPEIRA

NOVELIÑA



Elo ocorreu n-unha d'isas aldeas ridentes: cunchiñas mariñans, que somellan nascides d'un bico da luz no seo escumante das suas amadas rías.

Terra adrento, camiño da camposa arxila-ba as suas ai-

ñas mouras opequeno muño que lindaba ca casa da «Naipeira»; mais moura qu'o muño: ende mal, sen ñas; anqu'as xentes ll'atribuían ben as dos anxos, ben as do demo, según a sorte, baril ou cativa, que desenranábase na maraña enmeigada d'aquelles naiques larafuzados, dobrados, leixos. Era a «Naipeira» unha muller pequena e redondecha como unha piola; ben graciosa e galana como roibens de día morredoiro. ¡Abofé! ¡Debeu de tential-o demo, nos seus quince anos rayosos! ¡Y-ela contaba — coa mais meiga xenileza do mundo — que tan soyo pol-a sua gracia, casou co home mais guapo da parro-

quia, o defunto «Barre-bostas», alcume herdado dos vellos; pois o «Barre-bostas» mudaba a sua roupiña cada oito días — dendes que retornara da América — y-era home que non se deixaba aforcar por... seis ou sete pares de calzados!

Elo, o certo foi que na sua viudez, a «Naipeira» non apañou mais ben qu-aquelas roupiñas (roupiñas que non lle fixeron xeito, por non ter mais fruto do «Barre-bostas», que cinco rapaciñas cativas) e os calzados que a trillaban (afeita ñs zocas) e dos que houbo de separare o par mais lustroso pra qu'o defunto loscira, morto, tanto como o probiño fachendara, vivo; paseádoos, de cote, pol-os camiños, pendurados na moca, e aplicándolles o seu verdadeiro uso en romaxes, velatorios, casamentos, antroido, etc., etc. A parexa, mail-as picariñas, comían pol-a noite o que pol-o día traballaban; e a «Naipeira» viuda, ollou de frente a nova vida, sen compañía e sen pan e douse a cavilar, como Fausto (mais que ela non tiña a compracencia de conoscer tan istranos nomes), na maneira de facer rexurdir o tempo ido. Non era muller de s'afogare n-unha pinga d'auga, escadasi, acaíalle mal a a aixada e lle non acaía millor a servidume. O seu curazón, adolorido, arripiouse diante

## NÓS

do fantasma da fame. Aqueles criaturíñas, atrás d'ela, co seu eterno tanganillo: «¡pan!... ¡pan!... ¡dame pan, nanai!... ¡E que aquela vocíña mansa, sonáballe, alma adrento, mesmo como lle sonaran pouco había, as folgas, berrando, dand'o bandalo da campán, ferruxenta: ¡ññ!... ¡ññ!... ¡Os que se foron «non volven máis»!! A «Naipeira» descorazonouse un pulo. Foi pol-o mes de Santiago, cando recibiu «aquela visita del Señor»: pol-a mañán, a romper de día, guindaba as fillas fora da casa: «Idellics dicir ós veciños que tedes fame, e que non hay fregoliña de broa», e a brincar a mais pequecha, a Lolíña, atrás das outras, pillábas no voo e afanábas pra dentro; pechaba, botaba o ferrollo, erguíaa no colo, e brincando como outra nena, apanaba na arieta as barradallas d'un pequeno cocedoiro, esfínto: alendía o lume con catro garpallos, máceres, e facíalle un boliño, do qu'ela non probaba rapa! (¡) A súa conciencia berráballe ás veces: «¡Non seías Meiga, Marica! ¡Seiqu'as outras non son as tuas fillas? ¡Non-as trouxeches nas illargas, no canto ond'a trouxeches a ela? ¡Non-a pariche tamén no delor?»... E acalaba a conciencia cos bicos tolos, pousados a feixe nas facelas quentíñas e molaregas da súa Lolíña: embicándoa co-a derradeira cunca de caldo, lavado, que lle puido afanar o pote; coa fariña de tres espigas raposas, co mulneiro lle moía, sen pagal-a mequia... «¡Anda, hó, anda!... ¡pol-a ánema bendita de quen tés no outro mundo!» E cando se resistía facendo mofa d'aquela tonaxe... «¡Faino, Farruco, móema, pra que noso Señor f'arrede d'unha cárcere!» (Non sei que conta tiña co-a xusticia o mulneiro de Castelo, qu'aquel rogo domábas ser ¡prel)

Un día, non tivo que lle dar a Lolíña: nen caldo, nen fariña, e pillándoa nos brazos, e ollándoa longamente e ben de preto, mesmo como si quixera ritratala no bugallo dos ollos... (¡ay, ser!... ¡era a cariña, toda, do fenecido «Barre-bostas»!) botou a correr camiño de Sada; quería *saber*. Alí, pé d'un regato cantareiro, beira do mesmo Taravelo petou n-unha portíña baixa, non sen asegurarse, dinantes, da completa soedade d'aqueles paraxes.

-¿Quén é!!

- Son eu, tía Chinta! ¡A «Barre-bostas do Castelo!» - berraban, cal s'as duas fosen xordas d'amos oídos...

- ¡Pois entra, filla, entra! e boia a porta que eu non podo delxar o meu laboriño!

E mais entrou, avaladiza, latexando pra demandare... «unha volta: unha rolda das cartas.» Sentouse n-unha maceira emborcada, a filla apertuxada contra o seo.

-...¿Ves ti somentes pol-as cartas?... ¡Non te me repostas, que *todas* somos mulleres e a muller *do seu home* pode ben entrar por isa porta co-a cara moi resolta e moi limpa ¡A ver! ¡corta!... ¡non! ¡co-a man esquerda, muller! - alucando as cartas con moito tempero - ...Hay eiquí un home, viudo, que che fai as velras, lnda que se non amostrou, ne-no fará tan longo; e outro... - ¡arre, diño!... - outro... que cobra pol-o Rey... ¡é un espada! ¡hay unha picardía pol-o medio!... (vel-ahí o ás de bastos!) é unha vitoria, coa diñeiro e con carta, de por parie! Elo... ¿Non tés ti algún calzado que te trille?... n-iste catro de bastro vexo «cousas perdidas»; roubáronche, por forza, unha peza de roupa, ou teñen mentes de ch'a roubar moi logo... ¡Qué fas, que non atendes!

- Pois mire, tía Chinta: alucáball'o leito, tan portado; o cabezal, garnido de puntillas; ¡tantas guapas imaxes, qu'aquí ten! E... todo isto... ¿Ganouno soyamentes co-a baraxa? ¡tanto ben e riqueza... ¿Saíron d'isas cartas, retorcidas? ¿dos esquivos que vende, pra bô fadar das bestas? ¡E diga, tía Chinta! ¿qué vou ser eu, no camiño pechado d'unha vida, falla de compañeiro? Cando chegue a invernia, e non haxa amelxelros pol-os campos adiante... nen amoras... nen érbedos... nen tan xiquer nocellas pra lles lugañal-a fame ás miñas fillas.

E tía Chinta tivo un xesto d'alta sabencia, diño da sonda qu'enche de prata a súa faldriqueira de terliz; y-erguendo a súa testa, e sinalando o ceo, lle respondeu, visollitrada e melga:

- Pois fi... lli serás «naipeira»!

\*\*\*

Quixo Deus qu'a vella tía Chinta vivise pouco tempo. Dinantes de morrer, chamou por Marica (do «Barre-bostas» de Castelo) e faloulle, mainíña, d'ista sorte:

- Escolta, Mariquiña: eu non hei de vivir; por mais qu'o sinta: eu non teño familia, nen maiores obrigas; teño, por outra unha vello débeda, que consumirá canto na casa gerdo:

un pouco de diñeiro, as roupas, os almallos, as galiñas. Mento facerche un grande favor e podes estimarmo! Pilla aquela peneira; pona ensí... cú pra riba...; janda axiña que non che me gusta nada ista goldra que fai poches no meu peito!

E tirando de cartas, dou unhas cumpridas leuciós á «Barre-bostas» e decialle, antre cartilorio e cartilorio:

—¿Ti ves aquela Deloriosa, sorrindo, no acougo do seu camaríño?... (1) ¡Miña Santa querida! Na primeira semán qu'a merquei, ¡tróugome catorce pesos á casa! Rézolle todo o día, namentras non me chegan os meus siareiros...; cada trinta paternostres fan unha misa... ¡e hay días que lles dou a volta, e fago tres *ondas!*... Rézolle... ¡a sesental... ¡a noventa paternostres! ¡E os meus santíños mirando sempre por min!... E namentras estou n-ista cama, ¡veñen as avelaiñas del Señor!... saend'alí... — señalando o curro donde descansa o pequeno camaríño da Virxen, eo muro, no que se ven pendurados duas on tres dúceas de cadríños con estampas santas: arriba, en baixo, arredor: é unha parede sementada de Santíños, grandes e pequenos, conhecidos e mais ñorados, dend'a Virxen feitiña, co-a coroníña d'ouro e o ramallíño verde nas mans encrucilladas, hast'o mozo guerreiro con calzas pretas, capiña voandeira y-espada na erguída man vencedoira.

—...Veñen d'alí, bulindo e rebulindo... e veñense pousare no meu peito!

—Eu coidei qu'eran vermios da couce... ¡e tiráballes a matar sen doo!...

—¡Non, Mariquiña! ¡Non matel-as avelaiñas, que son avisos de Noso Señor! Onte veu unha, grande... vizosa... ¡lumieira! Un siareiro, que buscaba a súa sorte, nas cartas, gozábale n-ela. «¡Mirai tía Chinta! ¡Mirade a miña sorte qu'arrecacha!» Y-eu... caladíña... seguíaa nos seus voos, e sorría por aquela espera murchada!... A volaíña topou, ô fin, o camiño da verdade, e veu pousarse eiquí... como todas... no seo que lles quere ben! E lnda non alboreaba... ¡pum! ¡pum!... petaban na miña porta... ¡e alí estaba a boa nova! ¡a prata! ¡o meu canxel! o choíño xeitoso, redondo! ¡o bó louciño pr'as tortas! as dondas cobriciós, pra

(1) Tipos e costumes copeados do natural.

acallentar o corpiño vello d'ista tía Chinta, que non sei como tanto lles meresce ós Santos!

••

Dinantes de lle pechar os ollos á *sabia*, tomou Marica naipe, bordel, rosarios — habiaos, famén, onde queira qu'os sostíña un cravo — arreboxouno todo n-unha regazada (nimbadas d'avelaiñas mouras): entornoull'as capelas dos ollos, botoulle unha oración, sarrapicouna con auga bendita (de sete Pascoas), dicindo, a tempo qu'as abaneaba o ramucho d'oliva, sobr'o corpiño consumido: «Nome do Pai, e do Fillo, e do Santo Spirtu!... ¡Deus te garde na súa santa paz! — e moi pertiño do ouido — «Deraslle memorias o meu Xaquín... ¡(ti sabes ben!... ¡o «Barre-bostas do Castelo!» Dimpois requiriu ás avelaiñas: «Se sodes pelengrinciñas do Ceu, ben chegadas vos miren istes meus ollos pecadores! Se vides das negreces do lume... ¡arrenegades seades, por séculos de séculos, amén!».

Poucos días mais tarde, vendíanse á poxa todol-os bens da tía Chinta: camaríño, Santa Virxen, cadríños, cómoda, leito, cunchas — lembranza de moitos mares alongados... — Todo mercou a «Barre-bostas» (con diñeiro emprestado) mais ainda aquel nome e sona de «Naipeira» que a fixo dona de segredos, de lollas, d'almas, de concencias! O eco do chirrido aspro das aliñas do muiño, concertáronse farsas, descontromiñáronse bodas — ¡antroidadas sprituais! —, vendéronse, por milleiras os *esquitos*, pr'arredar de todo mal os animás de galla; proporcionáronse xaropos pra s'astruciar o amor d'ista, o diñeiro de aquí... ¡mentíuse pol-a vella! Se non podemos afirmar qu'o demo trunfaba, xuráramos qu'o Spirtu do Altísimo non se deixaba ver por ningures e aquele súa Diviña Nai, aparecíaselles a todos de cada vez mais, agrimadiña, mais melancionosa: testigo mudo da falsía, da superstición, do ingano!

¡El com'a quer! A «Naipeira» pagou axiña o seu choyo e as suas fillas non volveron a xantar érbedos, ameixós, nocellas...; nen-as desbotaron os veciños c'unha mala razón, cansos de velas na súa porta. O mulheiro moía e cobraba boas maquiás, e a naipeira gastaba a reu sayas de baeta ou de pano, sagals ama-



## NÓS

relos (pol-a mór do reuma), chambras de lenzo padroeiro, panos santiagueses estrelados de frores e frecos. ¡Se non fora aquela súa Lolíña que l'acababa a vida! Unha tras d'outra, fóranse casando as súas irmans: ista, co fillo do segredario; es'outra, c'un ricacho de «Cuco do Río»; aquela, c'un ché engedellado na gracia hereditaria dos «Barre-bostas»; a mais vella (unha morenola que daba xenio; c'uns ollos, mesmo da parentela da «estrela da fartura»), namoricouse d'un canteiro ao xeito, e... ¡a ela! En oito, ou dez anos, viuse a «Neipeira» arrodada de meixelas mouriscas e de luceros feitos ollos... ¡E aquela Lolíña, pol-a que daríaa a todas, sen noivo, sen amor, tristeira, branquexada o mesmiño qu'a imaxen do camaríño; levando tamén loito, mais qu'ensmascarado en hábito, pol-a correíña que pende na cintura, mais pol-as sete espadas, ¡tan cucas! que somellan crucificarll'o peito.

¿Cree ou non cree Lolíña no arte do cartilorio? Algunha vez, arrautada, matou n-un arrebecho aquelas avelañas que no seu sentir irizábanll'a mantilla no fondo da ucha. D'outra emposta estemereceuse, cando o desvial-o corpo do vello balcón – dimpois d'unha festa dos ollos, alucando a ría, os montes, o sol alaranxado, o día morredoiro! – apercibiu a naiçíña (¡qué tanto amorío lle daba!) debruçada sob' unha mesa coxa, sen levantar ollo de dúas ou tres baraxas esparramadas; pillando ista carta; deixando aquel'outra; baraxando cen veces pra lles zunguir o mísero segredo d'unha vida que tan soyo a Deus llo debía! Abesullando as ánses dos siareiros, escoitando o trogo da súa nai, avalado conguerizos témeros, demandándose co frío qu'arripiaba baixaba dos montes, ou rubía da ría, ou nascía d'aquela maldecida baraxa meiga.

E Lolíña namorou'o fin! e lonxe de s'esquencer das súas loitas de muller crecente; a loita sobrepúxose, asolagouña, venceuna; por'os qu'ela miraba e mais amaba como prósimos sogros, tan presto foron en coñecemento dos namorouzos, repudiárona como amiga, y-embarcaron o fillo, medoñentos de velo enfeitizado pol-as aries, rúis, da «Neipeira» ¡Nada menos qu'afillado do cura, era «o roxo», aquel rapazote de bon porte e fidalgas maneiras: alto, corpudo, roibo; o partido mais rexo do Castelo!, un corpo de xigante; unha al-

miña bendita. E... ¡Porque non-o embarcaron antes! Pra Lola foi tarde... ¡demasiado tarde xa! ¡Mais conviña en que facían ben!... (¡anqu'ela morrese na demanda!) O roxo era diño d'outra caste; ¡nunca pra se abaxar á filla d'unha *sabía*, mitá mintreira, mitá meiga... (¡soupera ela donde finaba a bouga, e onde comenzaba o meigallo!) ¡«Meiga»!... ¡Fuxe, fuxe, pecado! que aquela «meiga» era a naiçíña de Lola: unha bendita nai amorosíña! a qu' enxendrou sen dúbida a cántiga:

(1) Miña nai, miña naiçíña,  
Com'a miña nai ningúnha:  
Ela quéntam'a cariña  
Co calorciño da súa.

¡Cántas veces a durmía a ela, pequeniña, arrechegándoa contr'o peito, e quentándoll'a cariña, co folgo do seo materno, n-un fogar valdeiro e friento!

A cariña da Delortosa, esbáese... a de Lolíña perde còres e carnes; ¡dixírase que van as dúas á tema!

Unha mañán da mais cenza invernia, a «Neipeira» chamou en van pol-a súa filla, pra lle servil-o almorzo. Nen viva, nen moría! Berroulle; xuntous'a xente toda do rucero; a nai por diante (en cabelo, arrincando adocida, os bueres acanados, que foron argullo da súa fillíña ausente, desabotonada, ronca de berrar, de pregar, ¡de brasfemar!); recorreron estradas, curripas, custias piosas, aldeas, montes, praias. Pidironll'as escumas impiedosas da ría, buscáronna na represa do muiño, demandoulla, a nai, atolecida, ós ecos, ós aires, ¡ós Ceus! Chegouse á Virxen *que lle traía os choyos*... e sacouna do seu camaríño... e petando co-a frente no taboado, berráballe:

– ¿Qué mal che fixen eu?... pero, ¿qué mal, o Diosiño querido! ¡Ti miña Señora, que sofriches d'iste mesmo mal de saudades morredoiras... ¡Qué fixen eu, que non fixeran outras? En non matei, eu non vertin sangue alleo! Non arroubei, que mo deron!... ¡mais malo de lles que nasceron bobos! Mentín: *iso é verdade*... mentín e trabuqueinos... ¡mais fixeno pol-o preuro e a saúde das miñas fillas! ¡Mínto! ¡mínto e remínto! ¡mínto sempre! pro, Ti, miña querida, ti sabes ben qu'o fixen... qu'o fago, por Lolíña! ¡Tórama, nai de Cristo!

(1) Cancioneiro do pobo.



¡Pol-a Coroa d'espíñas!... ¡Pol-o sangue vertido no Calvarie!

\* \*

Anoiteceu o martes d'Antroido. A palsanaxe mascarada, ou soyamentes fznada co ferruxe do lume, corre, persíguese, brinca, danza axouta. Troulean os mozos, fan trasnadas os rapaces, os vellos se revén, cada un nos seus, rín a estoupare; comen castañas, filloas, orellas; beben resolio, ou caña. Todos viven e gozan; soyo reina o silencio no achousado vidoiro da «Naipeira»; pasou a tarde atrás do seu alboy, tirada, sen tremar, sobr'a dura friaxe d'uns tumbelos. No lusco-fusco, retirouse adrento...

- Vés con nós, boliña? ¡anda!, que temos filloas e molete!

- ¡Vaite! (Vai, queridíño) Non che teño presanza pra nada!

- ¿Choras sempre á nosa Loliña?

- Non me romp'al-as curdas do corazón: vaite, prendiña!

- E se non chega ¿chorarala sempre? ¡sempre! ¡sempre!!! pol-o día e pol-a noite?

- ¡Sempre! sempre! ¡sempre! E rompeu a xemer, acoradíña.

Co ise estrano temor qu'arreda ós nenos de prantos e saloucos, o «Naipeiro» - nunca mais os abandonaría aquel alcume! - botouse monie abalxo, e foi levar á casa a resposta, tristeira de boliña.

A vella meteuse na cociña; alcendeu o candil, botou un cepo na lareira e sentouse: non durmía, nen velaba; vidiña e alma istaban sospensas d'un soyo lembrare. Se non soupo xa mais canto tempo se pasou á maneira; cortou o seu delirio, un peto, quedo, dado na porteliña da súa horta.

- ¡Adiante quen sea!

Y-era unha muller; unha muller ou unha nena, cuberta c'un leño, a modo de capa que lle chegaba caxque has'os pés. Gardaba un lote, moi amodiño collido, e gardáball'o rostro unha grande careta, feita con papel negro.

Agrimous'a vella e arrempuxouna, pra non deixala pasar mentres lle dicía acorando:

- ¿A qué vés? ¡A mofarte das miñas bagoas? ¡Abonda cos rapaces, que non saben pasar sen dar unha martelada na porta! Ou é qu'íñoras onde petas? ¡Ista é a casa da desgraia! ¡Vaite alí donde axouten e rían!

Mais a mascarada non se moyú; tembrábanl'os fros, inda por fora do forte mantelo, e sen lle conestar, pasou por diante da «Naipeira» hasr'o durmidoiro, no que luscía a Virxen a súa coroniña; as suas sete espadas de prata. E c'unha voz, que parecía non ter dono, crevada, perdida, faloulle así, deixándose cair n-un tallo:

- Un día, tía Marica, quixo vostede saber da súa vida por ver, e soupo! As suas fillas morrian co-a fame... a Loliña...

- ¡Cálate, muller, cálate! ¡Qué me trizades a y-alma, a prenuciar seu nome!

- Tamén eu teño sede da luz e da verdade... ¡tamén eu quero saber!

Sen se dar apenas conta do que facía, tremou a «Naipeira» da baraxa, mais da peneira, botou unha xetra, tirou as cartas, saíu o as de bastos, treición e picardía.

Fora, íñese estinguindo todo estrondo. Recoillans'as xentes; oubeaba, lonxe, un can; estrelecia.

- Eu quixera saber... s'un home a quen amei me corresponde!...

Lembrou's a tía Marica da filliña, por outros desdeixada, e contrábea contida, tirou de novo, e recoleu as cartas e dixo:

- En fin de contas... ise home, se xurou, xurou en falso; non vos quixo; mentiuvos...

- E que teño unha filla! ¡unha filla sen pai! E asospiraba, cal s'o sospiro l'arrincase a y-alma!

- Como elo seia. Eiquí está o Rey de bastos... ¡vede! ¡vai de viaxe!

- ¿Pra retornar!...

- Non, ¡nunca! ¡nunca! ¡pasou a mare de unha vez moi chea!

Non dou a triste un chio! Esbarou hasr'os pés da aqueloutrada *sabla*; apagons'o candil, berrou un neno e á morta luz dos cepos recoilliu a «Naipeira» á súa Loliña, que lle discía xa na pasión e mesmo boquexando:

- Non mintas mais, naiña!... ¡Pol-o Deus que nos fixo! ¡todo perdín por ti!... home... amor... ¡honra! ¡A vida que me deches, e lle volvo!... ¡Xúrame pol-a Virxen que m'escolla, que aquesta outra Loliña... ¡Iste meu gromo que che deixo en prenda... iste gromo de saugue do meu sangue... ¡Non será nunca «A neta da «Naipeira»!

FRANCISCA HERRERA E GARRIDO.



# 5

Tres debuxos de A. Daniel R. Castelao: *A roda de San Xoan*, *Éralle unha rapaza bonita* e *Na mesa de pedra*

Laura Paz Fentanes

***A roda de San Xoan* no nº1, 30/10/1920.**




A RODA DE SAN XOAN  
POR Castelao

*A roda de San Xoan* de Daniel Castelao debe formar parte desta antoloxía por dúas razóns esenciais, ligadas ó concepto de arte. Primeiramente, *Nós* foi arte dende a primeira páxina ata a derradeira. Por outro lado, Castelao foi un dos seus mellores artistas. A súa arte non foi exclusivamente literaria, senón tamén gráfica. Este é o aspecto que máis me interesa resaltar da *revista Nós*, pois cada portada, cada debuxo, cada estilo tipográfico, cada marco... son expresións de arte que fornecen o estilo de cada autor que publicou na revista e atraen a atención do lector, xa que atopa escenas que lle son moi familiares, mais debuxadas e non fotografadas.

Daquela, non se pode deixar de destacar a arte de Castelao. Un artista cun estilo propio na súa prosa, mais tamén un artista cunha forma de debuxar única. Se se pon un texto sen o nome do autor, e ese autor é Castelao, inda non tendo o nome saberase perfectamente que é creación súa por como trata os temas, cun estilo inimitábel. O mesmo ocorre cos seus debuxos. Castelao posúe unha arte única que, como director artístico da *revista Nós*, plasmou en moitas das súas páxinas e que non pode deixar de ser comentada.

Neste caso, Castelao transmite unha escena popular, moi folclórica, dun grupo de persoas festexando a noite de san Xoán derredor do lume. Isto é unha mostra popular dun pobo alegre, festivo, que se une para celebrar unha noite tradicional con ritos propios. Así pois, se algo foi *Nós*, foi arte en todos os sentidos e se algo foi Castelao, foi un artista de escenas cotiás e sentimentos profundos do sentir do pobo galego, que non sempre viviu momentos tan ditosos.

## Éralle unha rapaza bonita no nº2, 30/11/1920.



Na seguinte publicación da revista *Nós*, Castelao non se limita a dar só unha visión plástica do retrato dunha muller, senón que tamén fai un chamamento en prosa para aprofundar na figura que debuxa e transmitir unha imaxe máis completa. En tan só oito liñas cóntase que a muller debuxada está louca polo suposto feitizo que lle botou unha meiga e que el mesmo, a voz narrativa, sabe da súa historia porque lla contou un ancián mentres traballaba como médico no rural.<sup>4</sup> Desta forma, e grazas ó texto, o lector tamén accede á visión na que o doutor coñece o caso mentres ve a muller, plasmada no debuxo.

Cabe destacar aquí dous termos referidos no breve texto: *a meiga* e *o demo*. Palabras que simbolizan o mal, se ben é certo que o *demo* é un ser maligno


4 Esta historia da *tola do monte* será amplificada na súa «cousa» *Aínda eu era médico rural*.



que conta cunha gran tradición na meirande parte das literaturas de Europa, non ocorre o mesmo coa figura da meiga. Non obstante, esta é unha muller que conta cunha ampla tradición na literatura galega. Definida polos seus poderes máxicos e de bruxería e polo seu coñecemento en menciña.

Así pois, Castelao mostra dúas figuras femininas, unha muller enlouquecida, explicitamente retratada, e outra de tradición escura, cuxos poderes malignos se transmiten na parte textual. Daquela, ambas formas artísticas, é dicir, o debuxo e o texto, están fortemente ligadas como é habitual en Castelao. De feito, seguramente se non se tivese unha das dúas mostras, sexa o debuxo ou sexa o texto, a visión ou a lectura quedaría incompleta.

### ***Na mesa de pedra no nº6, 20/08/1921.***



O presente debuxo, como no caso do anterior, é acompañado dun breve texto que cito na súa totalidade:

*Na mesa de pedra qu'está arrentes doi cruceiro pousaron onte, para botarlle o responso, o corpo morto d'un rapaz que veu do servicio.*

*Na mesma mesa séntase, xa pola tardiña, un estudante de crego para cabilar na moza do pano roxo que lle roubou a vocación.*

*A lúa está pendurada da pola d'un pino ao lonxe cantan un alalá cheo de saudade.*

Como xa se dixo no apartado anterior, ambas formas artísticas, o debuxo e o texto literario, están intimamente ligadas, complementándose o un ó outro. Entón, analizarase primeiro o debuxo e logo o texto, pero tendo en conta sempre que ambos están moi relacionados.

Por un lado, os tres elementos que destacan a primeira vista no debuxo son: a mesa, o cruceiro e a lúa. Polo outro lado, o texto redunda nestes tres focos e conta unha historia sobre cada un deles, mais vinculada ó espazo que podemos contemplar xa que é descrito e plasmado en forma de debuxo. Primeiramente, a mesa vincúlase coa morte. Logo, o cruceiro non aparece mencionado explicitamente, mais si relacionado co crego que acaba de perder

a vocación. Finalmente, a lúa semella colgar da rama da árbore nunha imaxe bastante desesperanzada.

De entre os tres elementos anteriormente expostos chama a atención o cruceiro, pese a non aparecer expresado con claridade no texto. O cruceiro é o principal motivo polo que este debuxo de Castelao é tan importante. Para o artista, os cruceiros tiñan unhas connotacións simbólicas particulares, como o seu propio estilo. Na «cousa» *Onde hai un cruceiro houbo sempre un pecado* expón que os cruceiros eríxense como símbolo do pecado e mostra de arrepentimento. Logo, se se retoma a atención sobre o breve texto que acompaña o debuxo obxecto deste texto, poderíase interpretar que o cruceiro está aí polo pecado do estudante para crego.

Para rematar, e en síntese de todo o previamente exposto, con Castelao, ó igual que coa revista *Nós*, non se pode pensar que algo está posto ó azar porque todo ten unha función, un sentido, unha misión, un obxectivo. Durante anos, o de Castelao foi contribuír artisticamente (en toda a amplitude da palabra) á revista *Nós*, a cal á súa vez lle deu un gran pulo ó galego. Ademais, Castelao tratou de retratar non só a súa peculiar visión do mundo, senón tamén de plasmar ou retratar ó pobo galego. Por outra banda, tampouco esta escolma de imaxes foi azarosa. Estes debuxos foron escollidos, ou máis ben eles escolléronme a min, por espertar sentimentos, por conmover, cousas que só uns poucos artistas de verdade conseguen acadar. Con todo, agardo que, de non ser esta escolma do agrado da lectora ou do lector, ó menos poida ficar cunha idea máis clara de quen foi Daniel Castelao e cales foron algunhas das súas preocupacións, conversas en arte: a idiosincrasia galega, a denuncia da inxustiza social á que o pobre e maltratado pobo, especialmente algúns dos seus tipos sociais, se ve sometido e a súa particular concepción da vida, ou da morte, do mundo.

## Referencias


- Castelao, D. (1920). A roda de san Xoan, *revista Nós*, 1(10).  
Castelao, D. (1920). Éralle unha rapaza bonita, *revista Nós*, 2(11).  
Castelao, D. (1921). Na mesa de pedra, *revista Nós*, 6(8).

# 6

## Dous poemas de Ricardo Carvalho Calero: *Mañá de outono* e *Teño unha dôr que me canta no peito*

Laura Paz Fentanes

***Mañá de outono* no nº55, 25/08/1928.**



*Mañá de outono* é un poema de Ricardo Carvalho Calero, autor ó que se lle adicaron as «Letras Galegas 2020». Neste poema apréciase como a paisaxe autumnal é caracterizada en sintonía co estado anímico da voz poética. Esta expresa os seus desexos por acabar coa propia vida, na cal todo é dor e depresión.

**Teño unha dôr que me canta no peito no nº61, 15/01/1929.**

Teño unha dôr que me canta no peito  
como unha rula en gaiola fechada  
ela me fai arrincarme do leito  
pra facer versos á lus da alborada.

Fun cazador incansable de estrelas;  
fixen con elas licor de ilusión.  
O meu brasón son estrelas marelas  
no campo roxo do meu corazón.

Miña canzón, miña dôr latexante  
é volvoreta do lume brillante  
da outa fogueira da Malenconía;  
das acedumes da vida trunfante  
miña dôr canta i-eu deixo que cante  
porque sei ben ha finar algún día.

RICARDO CARBALLO

O seguinte poema, publicado na *revista Nós* con apenas unha diferenza de cinco meses, non presenta un título explícito como, pola contra, si ocorre na composición anterior. No presente poema, a voz poética declara que a súa dor sintoniza, unha vez máis, coa natureza. Ademais, a voz poética volve a propor como solución a este sentimento existencial tan desesperanzado a morte. Non obstante, neste caso impera un ton de resignación.



## Relación entre os dous poemas.

As composicións previamente expostas son dúas manifestacións da dor como sentimento intrínseco á condición humana. Ambas mostran son diferentes en estilo e métrica, mais o tema é moi similar. Esa dor, ese sufrimento e desesperanza, ese anhelo ata pola morte, que se transmite acompañado dun marco natural, que reflicte o sentimento amargo da voz poética, impera nas dúas composicións. Nelas, a única solución que se contempla para deixar de padecer é a mesma: a morte.

Por un lado, o marco natural en *Mañá de outono* vén expresado pola descrición desa mañá fría na que por culpa «do gran paxaro gris» mórrenlle as «rosas das esperanzas». Así pois, o «eu poético» fica totalmente desamparado, amargado e sente só poder acadar a felicidade coa morte. Paralelamente, no seguinte poema a voz poética é un «cazador [...] de estrelas» e a súa dor é unha «rula» engaiolada e unha «volvoreta». Non obstante, neste caso o «eu lírico» non se preocupa tanto polo seu propio sufrimento porque sabe que nalgún momento este vai cesar.

Polo outro lado, o tema da morte en *Mañá de outono* enúnciase de forma máis explícita: «Toda miñ'alma sente anseios de morrer», que no segundo poema: «miña dôr canta i-eu deixo a que cante / porque sei ben ha finar algún día.»


Así pois, estes dous brillantes poemas son proba da gran capacidade que posuía o autor de *Vieiros* dende mozo para plasmar os sentimentos que atormentan ó ser humano. Pois, inda que en ambos poemas se fale da dor do propio «eu poético», esta semella traspasar as fronteiras persoais para converterse no canto do sufrimento como condición intrínseca ó ser humano. Así, pasan a ser dous poemas atemporais que se fan universais polo contido e tratamento dun tema presente en todas as literaturas de todos os tempos, mais nestes dous casos tratados dende unha perspectiva estilística moi característica e cunha particular visión de escape.

## Referencias

Carvalho, R. (1928). Mañá de outono, *Nós*, 55(8), p. 123.

Carvalho, R. (1929). Teño unha dôr que me canta no peito, *Nós*, 61(1), p. 1.





Estas páxinas, escritas cen anos despois de que no outono de 1920 vise a luz o primeiro volume de *Nós. Boletín mensual da cultura galega. Órgao da Sociedade «Nós»*, recollen as análises, valoracións e perspectivas da actual xeración de filólogas e filólogos galegos arredor da gran multiplicidade de temas e ámbitos culturais que os membros de *Nós*, dotados de insaciábel apetito intelectual, transitaron. A Universidade de Santiago de Compostela, a través do Decanato e a Comisión de Cultura da Facultade de Filoloxía, ofrece esta obra en memoria e homenaxe do seu perenne amor pola terra, a cultura e a súa lingua.